

PLENO DO EXCMO. CONCELLO. - NUM. 7

SESION ORDINARIA DE 1 DE ABRIL DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	
Alonso Vázquez, Xulio	Guerra Fernández, Javier Jorge
Arias Moreira, José Carlos	Iglesias Carrera, José Manuel
Barros Puente, Miguel	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Bermúdez Pérez, Silvia	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Calviño Rodríguez, Julio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Coello Bufill, Antonio	Polo Lima, María Soledad
Comesaña Abalde, Carlos	Porteiro García, María Josefa
Couto Pérez, José Manuel	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Sío Lourido, Belén
Fernández Fernández, Amador	Soto Ferreiro, Manoel
Figuroa Vila, José Manuel	Toba Girón, Xabier
Graña Barcia, María Luisa	Vieitez Alonso, Henrique

NON ASISTEN:

Méndez Piñeiro, María Xosé
Pérez Mariño, Ventura

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as once horas e corenta minutos do día un de abril do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez (con retraso), Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figuroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA CORRESPONDENTE Ó MES DE MARZO, conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. e Sras. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten a Sra. Méndez Piñeiro e o Sr. Pérez Mariño. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno, dona Marta Iglesias Bueno e máis a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Antes de comezar a sesión imos gardar un minuto de silencio polas mulleres mortas neste mes vítimas da violencia de xénero, a última delas falecida esta semana.

Que este minuto de silencio serva tamén para lembrar a José Manuel Pereira, o noso compañeiro e axente da Policía Local que nos deixou o pasado sábado 26 de marzo con 42 anos. José Manuel foi, ademais dun excelente profesional que nos regalou numerosos éxitos deportivos, unha boa persoa. A súa ausencia déixanos tristes a todos. Quero enviar tamén no nome de todos, nestes momentos tan difíciles, todo o noso cariño á súa dona, María, traballadora desta Casa, e ó seu fillo Pablo.

1.- (56).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS EXTRAORDINARIAS DO 30.12.04, 14.01.05 E 25.01.05)

(No momento da votación está ausente o Sr. Calviño Rodríguez).

Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas das sesións plenarias extraordinarias que tiveron lugar os días 30 de decembro de 2004 e 14 e 25 de xaneiro de 2005.

2.- (57).- DAR CONTA DO ESCRITO DO CONCELLEIRO SR. VIEITEZ ALONSO ACEPTANDO O SEU CARGO EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do sinalado no apartado sexto da resolución da Alcaldía de data 28 de febreiro de 2005, pola que se determinou o réxime de dedicación exclusiva do concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, dase conta ó Pleno da Corporación do escrito de data 28 de febreiro polo que o Sr. Vieitez comunica a súa aceptación ó cargo en réxime de dedicación exclusiva.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta á Corporación quedando esta enterada.

3.- (58).- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

- a) Comisión de control do plan de pensións.
- b) Comisión paritaria de formación.
- c) Comisión paritaria de seguemento do acordo regulador.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 25 de febreiro, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, comunica a designación do membro do seu grupo que formará parte das comisións de control do plan de pensión, paritaria de formación e paritaria de seguemento do acordo regulador.

(No momento da votación está ausente o Sr. Calviño Rodríguez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito

ACÓRDASE:

Nomear para formar parte da Comisión de control do plan de pensións, da Comisión paritaria de formación e máis da Comisión paritaria de seguemento do acordo regulador, en representación do Grupo municipal do BNG, á concelleira do devandito Grupo D^a Silvia Bermúdez Pérez.

4.- (59).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS. EXPTE. 936/400.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de febreiro de 2005, o técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Rodríguez Bartol, informa do que segue:

"I.- FEITOS/ANTECEDENTES.

I.1.- En sesión ordinaria do 30.03.2004, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo acordou aprobar inicialmente a «ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA

INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE) DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO», abrindo un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

I.2.- A tal efecto, publicouse anuncio oficial no BOP nº 88, do 10.05.2004 e no xornal «Faro de Vigo» do 23.04.2004, remitíndose copia da certificación do acordo íntegro de aprobación inicial a todas as entidades participantes no trámite previo de audiencia.

I.3.- Durante o prazo sinalado para estes efectos no edito da Alcaldía, presentáronse no Rexistro da XMU un total de sete (7) alegacións que foron resoltas por acordo plenario do 29.11.2004, no que se dispuxo tamén, á vista das modificacións substanciais introducidas no texto aprobado inicialmente, a apertura dun segundo trámite de información pública e audiencia ós interesados.

I.4.- Segundo resulta da certificación expedida o 11.02.2005 polo secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), de orde e co praxe do seu vicepresidente, durante o prazo sinalado para estes efectos no anuncio publicado no BOP nº 3, do 05.01.2005 e no xornal «Faro de Vigo» do 24.12.2004, presentáronse no Rexistro da XMU dúas (2) alegacións. Fóra de prazo, «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las enfermedades neuromusculares)», presentou tamén alegación á Ordenanza.

As tres serán obxecto de análise e valoración por separado neste informe-proposta.

II.- INFORME DAS ALEGACIÓNS

II.1.- ALEGACIÓN Nº 1:

ALEGANTE: «Colegio Oficial de administradores de fincas de Galicia»
(D. Martín Bermúdez de la Puente y González del Valle).

DATA REXISTRO: 21.01.2005 (data rexistro Delegación Gobierno: 19.01.2005).

Nº DOC.: 50005731.

CONTIDO E VALORACIÓN:

- *Artigo 3.2: en relación coas persoas lexitimadas para presentar o documento da ITE no colexio profesional correspondente e no Rexistro da ITE da XMU, suxiren a inclusión dunha referencia expresa ós administradores de fincas colexiados, propoñendo para estes efectos un texto alternativo.*

Unha alegación semellante dese Colexio ó art. 6.1 da Ordenanza aprobada inicialmente aceptouse en parte, aínda que, por razóns sistemáticas, estimamos máis oportuno introducir xa esa mención no seu artigo 3.2. En todo caso e conforme coa propia L.49/1960, do 21 de xullo, de Propiedade Horizontal (art. 13.6), xulgamos tamén máis correcto incluír unha referencia xenérica ó cargo de administrador en lugar de especificar unha das varias persoas (físicas/xurídicas) habilitadas para desempeñalo.

- *Artigo 7.4: sobre as persoas obrigadas a conservar a documentación relativa á ITE, consideran que debería incluírse unha mención expresa ós administradores colexiados de fincas.*

Reiteran o xa alegado no primeiro trámite de información pública en relación con este mesmo artigo da Ordenanza. Daquela entendimos que, a

pesar de que a súa redacción inicial axustábase fidedignamente ó disposto no artigo 16 da LOE (L.38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación), que alude ós propietarios como suxeitos obrigados a recibir, conservar e transmitir a documentación da obra executada e os seguros e garantías que existan, non existía obxección a que se incluíse nel unha referencia xenérica ós responsables legais da custodia da documentación nos edificios suxeitos ó réxime de propiedade horizontal. Hoxe seguimos a considerar que, máis alá das particulares (e lexítimas) aspiracións colexiais, esa referencia xenérica é máis respectuosa e acorde coa norma e, por tanto, non debe modificarse a actual redacción do art. 7.4.

PROPOSTA: Desestimar a alegación presentada polo «Colegio Oficial de administradores de fincas de Galicia».

II.2.- ALEGACIÓN Nº 2:

ALEGANTE(S): «Colexio Oficial de arquitectos de Galicia (Delegación de Vigo) e Colexio Oficial de aparelladores e arquitectos técnicos de Pontevedra».

DATA REXISTRO: 07.02.2005 (Rexistro xeral Concello); 08.02.2005 (Rexistro xeral XMU).

Nº REX. (XMU): 50011934.

CONTIDO E VALORACIÓN: A presidenta da delegación en Vigo do COAG e o presidente do COAAT de Pontevedra formulan alegación conxunta e unificada, achegando unha proposta de corrección de determinados aspectos puntuais da Ordenanza. Manifestan tamén o seu agradecemento por ter incorporado xa á mesma a maioría das suxestións presentadas por eles no primeiro trámite de información pública.

Aqueles aspectos puntuais obxecto de alegación, na súa maioría reiteración dos suxeridos na primeira información pública, poden sintetizarse nos seguintes apartados:

- *Substitución da expresión «facultativo competente» pola de «técnico competente»:*

O artigo 200 da LOUGA establece que as ITE estarán a cargo de «facultativo competente». A Ordenanza utiliza como sinónimas as expresións «técnico» (art. 8.5), «técnico competente» (apdo. IV Exp. Motivos) e «técnico facultativo competente» (art. 3.1), o que -na práctica- non debe presentar problema ningún.

- *Substitución da esixencia de certificados (CITE) por informes (AITE):*

Tal substitución resulta obrigada hoxe, trala modificación operada pola L.15/2004, do 29 de decembro, de modificación da LOUGA, no seu art. 200; o que, por certo, confirma plenamente a tese municipal de que o esixible ata o de agora, por disposición legal, era un certificado e non un simple informe técnico.

En consecuencia, procederá a substituír as referencias na Ordenanza a «certificados», «informe-certificado» e «Certificados de Inspección Técnica» (CITE) por referencias a «informes» e «Actas de Inspección Técnica» (AITE).

- *Supresión da referencia no art. 5 ás obras necesarias para correxir as deficiencias detectadas e os prazos estimados de inicio e execución:*

O artigo 200 da LOUGA esixe claramente que o informe realizado por facultativo competente describa os estragos apreciados no inmovible, as súas posibles causas e as medidas prioritarias recomendables para asegurar a súa estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais ou para manter ou rehabilitar as súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas.

A teor deste precepto e tendo en conta tamén a necesidade de asegurar a efectiva execución desas medidas recomendadas, semella oportuno manter a esixencia de que o informe exprese as obras necesarias por realizar (con maior motivo se existise unha situación de perigo inminente) e os prazos de inicio e execución estimados.

- *Supresión da esixencia de achegar un plano de deslinde (art. 5.5):*

Acéptase a suxestión dos alegantes de eliminar a esixencia de achegar plano de deslinde como documentación complementaria do CITE/AITE, coincidindo en que só para o suposto de que do informe resulte a necesidade de executar obras de conservación no inmovible, na redacción do correspondente proxecto técnico se incluírá, se é o caso, tal plano.

- *Art. 6: modificación do cómputo do prazo de renovación do CITE/AITE, do sistema de acreditación da antigüidade das edificacións e da idade en que estas deberán superar a primeira ITE (art. 6):*

A cuestión dos prazos de presentación e renovación das ITE xa foi obxecto dunha especial consideración na Ordenanza, procurando en todo momento arbitrar un sistema flexible que permitise un cumprimento ordenado das obrigas establecidas nela. Por esta razón, entendemos que debe manterse intacta a actual redacción do art. 6.3, que prescribe a obrigatoria renovación do CITE/AITE dentro do ano seguinte a aquel en que teñan transcorrido 10 anos desde o vencemento do prazo no que debeu presentarse o anterior.

Tocante ó sistema de acreditación documental da idade das edificacións, recollido no artigo 6.5 da Ordenanza (inspirado no sistema tradicional arbitrado en materia de disciplina urbanística), parécenos tamén o máis correcto tecnicamente e perfectamente idóneo para o fin pretendido.

Por último, a fixación da idade na que as edificacións deberán pasar a primeira ITE xustificouse tecnicamente nunha valoración conxunta das características do parque edificatorio vigués, en especial, a súa relativa antigüidade, o seu estado de conservación e as súas características constructivas e dos obxectivos perseguidos pola Ordenanza, centrados no aseguramento das condicións de seguridade constructiva; o que levou a considerar máis axeitado establecer en 30 anos a idade na que as edificacións deberán pasar a primeira ITE. Nótese, por outra parte, que a LOUGA únicamente esixe a inclusión obrigatoria das edificacións catalogadas ou de antigüidade superior a 50 anos.

- *Art. 8: Substitución da expresión: «Se a Xerencia descubriuse...» e consecuencias do incumprimento da presentación en prazo do CITE/AITE:*

A literalidade deste precepto da Ordenanza é completamente fiel ó disposto no artigo 200 da LOUGA, segundo o que: «O concello poderá esixir dos propietarios a exhibición dos certificados actualizados de inspección periódica de construcións e, se descubrixe que estas non se efectuaron, poderá realizalas de oficio a custa dos obrigados». Por tanto, ningunha razón válida existe para modificalo.

Sobre as posibles consecuencias do incumprimento da presentación en prazo do CITE/AITE, interpretar que: «la propiedad puede omitir lo establecido en esta ordenanza el tiempo que quiera sin temor a una sanción», parece obedecer a unha lectura precipitada ou pouco reflexiva deste art. 8, no que se dispón (apdo. 2) que, incumplido o prazo de 3 meses ordeado pola XMU para realizar a inspección das edificacións (unha vez detectada a falta de presentación en prazo), esta procedería a realizar a ITE de oficio e a custa dos obrigados, «sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador previsto na LOUGA e no RDU».

Así, en efecto, o art. 11.1 da Ordenanza dispón que: «O incumprimento do propietario da súa obriga de presentación do primeiro e sucesivos CITE no tempo e a forma establecidos nesta Ordenanza, así como das ordes de execución das obras resultantes da inspección técnica, constitúe, de acordo co artigo 217.4 da LOUGA, infracción urbanística leve, que será sancionada con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a] LOUGA)».

- *Disposición transitoria única:*

Logo da aprobación inicial da Ordenanza e con ocasión do exame das alegacións presentadas no primeiro trámite de información pública, optouse por modificar de oficio o apartado 1º da súa Disposición Transitoria única, concretando os exercicios nos que, en función da data de construción, as edificación deberían superar a ITE. Con isto pretendeuse: 1) Lograr unha maior racionalidade na distribución da carga de traballo que deba asumir a Oficina administrativa de control da ITE, e, 2) Introducir ó mesmo tempo unha maior proporcionalidade entre aqueles dous parámetros (antigüidade e prazos), como tamén se suxería polo COAG-Vigo e o COAT de Pontevedra, aínda que cunha distinta formulación.

O COAG-Vigo e o COAT consideran aceptable agora a táboa proposta, aínda que afirman non comprender cómo na presumible data de entrada en vigor da Ordenanza (2006) non resultarán obrigadas xa as edificacións que nese momento cumpran a antigüidade establecida no seu Art. 6.2 (30 anos).

Pois ben, tal é a lóxica do réxime transitorio aplicable, que procura facer posible un cumprimento ordenado da obriga imposta ós suxeitos afectados pola Ordenanza e unha distribución racional do traballo administrativo, sen prexuízo de que, unha vez rematado tal periodo transitorio, as edificacións sí deban xa superar a primeira ITE no prazo ordinario previsto no art. 6.2.

- *Necesidade de crear un departamento específico para o desenvolvemento e seguimento da Ordenanza:*

Os alegantes coinciden plenamente co xuízo expresado polo técnico que subscribe no informe-proposta de aprobación inicial da Ordenanza (apdo. II.7), no que se manifestaba que: «Para a implementación desta Ordenanza considérase imprescindible, antes da súa efectiva aplicación: 1) Crear na XMU unha Oficina de control da ITE, coa axeitada dotación de persoal,

equipos, desenvolvemento de aplicacións informáticas, etc. Tendo en conta a natureza e permanencia das funcións a realizar e a responsabilidade implícita nelas, considérase que deberá estar dotada necesariamente con persoal funcionario».

Así mesmo, considerábase (e considérase) necesario:

- a) Crear, tamén na XMU, o Rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos á ITE (art. 7 da Ordenanza: «Rexistro de inspección Técnica da Edificación»).
- b) Elaborar un censo de edificacións.
- c) Subscribir convenios de colaboración cos colexios profesionais para a execución subsidiaria da ITE (art. 8.3 e Disposición adicional segunda da Ordenanza).
- d) Instrumentar un réxime de subvencións para sufragar os custos asociados á realización da ITE e, de ser o caso, á execución das obras derivadas dela (Disposición adicional terceira da Ordenanza).
- e) Elaborar unha guía informativa para clarear as posibles dúbidas que puidesen xurdir na realización das AITE.
- f) Levar a cabo unha ampla campaña divulgativa entre a poboación e os sectores interesados que, mediante cartas personalizadas, liñas de atención cidadá (010), etc., contribúa a facilitar o cumprimento das obrigas establecidas na Ordenanza.

Sen esa oficina específica e sen os instrumentos complementarios relacionados, a aplicación da Ordenanza será, na práctica, inviable.

- *Correccións de detalle dos Anexos I e II:*

Introdúcense as correccións materiais propostas para os Anexos (basicamente: deseño dos casilleiros), que non afectan en absoluto ó seu contido substantivo.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación conxunta presentada polo «Colexio Oficial de arquitectos de Galicia (Delegación de Vigo) e o Colexio Oficial de aparelladores e arquitectos técnicos de Pontevedra» sobre os seguintes extremos: (a) Substitución da esixencia de certificados (CITE) por informes (AITE); (b) Supresión da esixencia de achegar un plano de deslinde xunto coa AITE; (c) Creación dun departamento específico para o desenvolvemento e seguimento da Ordenanza; (d) Correxir os Anexos I e II, no sentido indicado.

II.3.- ALEGACIÓN Nº 3:

ALEGANTE: «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)».

DATA REXISTRO: 17.02.2005.

Nº REXISTRO: 50016475.

CONTIDO: A alegación presentada por «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)» pretende que se introduza na Ordenanza a noción de accesibilidade, o que se concretaría nas seguintes propostas: (1) Introducir o concepto de accesibilidade como dato estatístico; (2) Ofrecer a posibilidade de accións correctivas a comunidades de veciños; (3) Contemplar a formación de técnicos de accesibilidade.

VALORACIÓN:

1.- Debemos reiterar que a acreditación do cumprimento das condicións de accesibilidade das edificacións non é contido propio desta clase de Ordenanzas. As esixencias de accesibilidade aplicables á edificación están claramente reguladas hoxe na Lei (L.8/1997, do 20 de agosto, do Parlamento de Galicia, de accesibilidade e supresión de barreiras na CA de Galicia), no Regulamento (D.35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aprobou o Regulamento de desenvolvemento e execución da L.8/1997) e na Ordenanza municipal para a mellora da accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas, aprobada definitivamente polo Excmo. Concello de Vigo en sesión plenaria do 29.09.1993 (BOP do 14.12.1993), vixente no que non contradiga ou se opoña á Lei e ó Regulamento autonómicos.

A inclusión da accesibilidade na Ordenanza reguladora da ITE, en contra do pretendido polos alegantes, nada aportaría a maiores para a efectividade do dereito do colectivo de persoas con minusvalías de calquera clase ó goce pleno da cidade, incluídos os seus inmobles, e, pola contra, dificultaría o propósito fundamental destas Ordenanzas, que non é outro que garantir o cumprimento do deber de conservación das edificacións, evitando posibles danos ás persoas e ás cousas.

Así se puxera tamén de manifesto na alegación conxunta do COAG-Vigo e o COAAT de Pontevedra e nas alegacións do ICOIIG e do CICCIP, no primeiro trámite de información pública, solicitando que se limitase o obxecto da Ordenanza ós aspectos substanciais que, conforme á propia LOUGA, xustificaban a aprobación deste tipo de normas por parte dos Concellos: aseguramento das condicións de estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais das edificacións e mantemento ou rehabilitación das súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas.

2.- Tamén debemos aclarar que os cursos de formación e especialización para profesionais ós que se alude na Disposición adicional 2ª, son aqueles que terían por obxecto capacitalos, especificamente, para realizar as inspeccións periódicas obxecto da Ordenanza; isto é, para diagnosticar o estado no que se atopa unha edificación en relación coas súas condicións básicas de seguridade constructiva (estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais).

3.- Dito o anterior, tamén consideramos que, á marxe desta Ordenanza, sería perfectamente posible que o Concello procurase información estatística sobre accesibilidade na edificación, informase á cidadanía sobre a execución de posibles medidas correctoras e sobre outras cuestións conexas, como a regulación do tema na vixente Lei 49/1960, de Propiedade Horizontal (en especial, trala modificación operada pola L.51/2003, do 2 de decembro, BOE nº 289, do 03.12.2003) ou a existencia de bonificacións tributarias para as obras que impliquen eliminación de barreiras arquitectónicas (p.ex. Ordenanza ICIO). Tampouco deberían existir maiores obstáculos para que se posibilitase a formación específica de técnicos en accesibilidade a través de convenios de colaboración con colexios e asociacións profesionais vencelladas coa materia.

Os reparos aquí expostos ás propostas contidas na alegación de «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)» teñen

que ver co seu encaixe na presente Ordenanza, non -obviamente- coa súa licitude e conveniencia para o interese xeral.

PROPOSTA: Desestimar, no sentido expresado, a alegación presentada por «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las enfermedades neuromusculares)».

III.- MODIFICACIÓNS DE OFICIO.

III.1. Tendo en conta a necesidade de poñer en práctica os instrumentos para a implementación da Ordenanza expresados anteriormente (Oficina e Rexistro da ITE, convenios de colaboración, censo de edificacións, etc.), o que implicará non só a disposición de maiores medios materiais e humanos senón tamén a realización de traballos técnicos previos de certa complexidade (Rexistro ITE, aplicacións informáticas, censo de edificacións, etc.), administrativos (subscrición de convenios, autorización do Tribunal de Defensa da Competencia..) e doutro tipo (elaboración de guías informativas, campañas de divulgación, etc.), entendemos prudente establecer, salvo mellor criterio en contra, o 1 de xaneiro de 2006 como data de entrada en vigor desta Ordenanza.

III.2.- A tal fin, modifícase no procedente a súa Disposición transitoria única (réxime transitorio) e a Disposición final segunda (entrada en vigor).

IV.- DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

IV.1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales como a disciplina urbanística, o patrimonio histórico-artístico, a protección do medio ambiente e da salubridade pública (art. 25.2.d], e], f] e h] LRBRL e art. 80.2.d], e] e arts. 81.d] e 86.1.i] LALGA).

IV.2.- As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (arts. 84.1.a LRBRL e 5 do RSCL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da L.7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local (LRBRL) e do RD. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e 6.1.a) da L.5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

IV.3.- Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de legalidade, igualdade de trato, proporcionalidade e congruencia cos motivos e fins que xustifiquen a potestade e o respecto á liberdade individual (arts. 286 LALGA e 2, 4 e 6 do RSCL).

IV.4.- As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non puidendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (arts. 4, 286 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-

141 da L.57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local (BOE nº 301, do 17.12.2003).

IV.5.- A teor do disposto na precitada L.57/2003, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a]) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF. Ademais, conforme co artigo 8.m] en relación co artigo 3 dos Estatutos da XMU, correspóndelle ó Consello de Xerencia propoñerlle ó Pleno da Corporación a adopción de acordos en todos aqueles asuntos nos que a competencia se reserva a este.

IV.6.- De acordo cos artigos 49 da LRBRL (na redacción dada pola L.11/99, do 21 de abril) e 56 do RDLex. 781/86, do 18 de abril (Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local: TRRL), a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

- a) Aprobación inicial polo Pleno.
- b) Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
- d) De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

IV.7.- Conforme co previsto nos artigos 70.2 da LRBRL e 196.2 do ROF, a Ordenanza -unha vez aprobada de forma definitiva- deberá publicarse integramente no BOP e entrará en vigor na data proposta no Apdo. III.1 deste informe (01.01.2006)."

Polo anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 3 de marzo de 2005, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Calviño Rodríguez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Con base no informe-proposta do técnico de Administración xeral da Xerencia municipal de Urbanismo transcrito na parte expositiva deste acordo, estimar parcialmente, no sentido indicado no mesmo, a alegación conxunta presentada no segundo trámite de información pública polo «Colexio Oficial de arquitectos de Galicia (Delegación de Vigo) e o Colexio Oficial de aparelladores e arquitectos técnicos de Pontevedra», desestimando, en cambio, as presentadas polo «Colexio Oficial de administradores de fincas

de Galicia» e por «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las enfermedades neuromusculares)», notificándolles a todos eles este acordo.

Segundo.- Aprobar definitivamente a «ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE) DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO» elaborada pola asesoría xurídica da xefatura da Xerencia municipal de Urbanismo, co texto que se transcribe ó final deste acordo, no que se incorporan as correccións derivadas da estimación parcial das alegacións presentadas.

Terceiro.- De conformidade co disposto nos artigos 70.2 da L.7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local (LRBRL) e 196.2 do ROF (RD. 2568/86), publicar este acordo e o texto íntegro da Ordenanza no BOP, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2006.

Cuarto.- Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa (LRXCA), 107.3, 109 e concordantes da L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da Ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición xeral non caberá recurso nesta vía, puidéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da súa impugnación indirecta, conforme cos artigos 26 e 27 da LRX-PAC, e da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito».

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE)
DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. XUSTIFICACIÓN

Congruente co concepto xeral de propiedade privada acollido pola CE de 1978 no seu artigo 33, «*como un haz de facultades sobre las cosas, pero también, y al mismo tiempo, como un conjunto de derechos y obligaciones*» (STC 37/1987, do 26.03.1987, FX 2º), o contido normal do dereito de propiedade urbana está integrado non só por un conxunto de facultades senón tamén de deberes, entre os que se atopa o deber básico dos propietarios de manter as edificacións en debidas condicións de seguridade e salubridade.

Este deber de conservación, positivizado na lexislación urbanística e da edificación, constitúe unha das manifestacións típicas da «función social da propiedade» (art. 33.2 CE), delimitadora do contido do dereito de propiedade privada en atención á finalidade ou utilidade social que, neste caso a propiedade inmobiliaria, debe cumprir.

Desde hai tempo, vense constatando unha crecente preocupación social polo estado de conservación das edificacións e, en especial, polas consecuencias negativas derivadas do incumprimento polos propietarios das condicións de seguridade esixibles; causa en ocasións de graves danos para os bens e tamén, lamentablemente, de perda de vidas humanas.

Para facer fronte a esta situación é preciso que os poderes públicos e, en primeira instancia, as Corporacións locais, sexan capaces de instrumentar medios de control preventivo e de fomento que complementen eficazmente as técnicas ordinarias de intervención restauradora (v.gr. ordes de execución) e as tradicionais -e imprescindibles- tarefas de policía administrativa vencelladas á vixilancia do mantemento daquelas condicións básicas de conservación.

No marco dunha necesaria cultura da rehabilitación e o mantemento, a inspección periódica ou técnica das edificacións (ITE) configúrase hoxe no dereito urbanístico autonómico e nas ordenanzas locais como un instrumento de tutela preventiva idóneo para potenciar o papel que a conservación debe xogar no mantemento da cidade e para evitar a progresiva degradación do patrimonio edificado, o deterioro urbanístico e social de determinadas áreas e a perda de identidade urbana asociada.

A realización de inspeccións técnicas periódicas deberá permitir coñecer se as edificacións están a ser conservadas e mantidas correctamente e non presentan síntomas aparentes que indiquen unha falta de seguridade nas mesmas, posibilitando unha mellora substancial dos niveis de conservación xeral e que se acometa a tempo a execución de medidas inmediatas que eviten tanto riscos para a seguridade das persoas como a necesidade de afrontar reparacións máis complexas e custosas.

Ademáis de permitir un maior coñecemento e control do estado de conservación das edificacións de Vigo, obxectivo principal que se reflectirá no Rexistro da ITE, a Ordenanza debería contribuir tamén a dotar de maior seguridade xurídica e técnica ós usuarios do mercado inmobiliario de vivendas de certa antigüidade ou rehabilitadas.

II. FUNDAMENTO LEGAL

O artigo 200 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) determina o deber dos concellos galegos de regular mediante ordenanza municipal a obriga de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

A ordenanza deberá establecer as edificacións que quedan suxeitas a esa obriga en función da súa antigüidade e, en todo caso, incluíranse todas as edificacións catalogadas ou de antigüidade superior a 50 anos, os prazos e as condicións nas que deba realizarse a ITE a cargo de facultativo competente, que consignará os resultados da súa inspección expedindo un informe no que describirá os estragos apreciados no inmovible, as súas

posibles causas e as medidas prioritarias recomendables para asegurar a súa estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais ou para manter ou rehabilitar as súa dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas.

Así mesmo, deixará constancia do grao de realización das recomendacións expresadas con motivo da anterior inspección periódica. A eficacia deste informe esixe remitirlles copia del ó concello e ó colexio profesional correspondente.

A Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo poderá esixir dos propietarios a exhibición dos informes actualizados de inspección periódica de edificacións e, se descubrixe que estas non se efectuaron, poderá realizalas de oficio a custa dos obrigados.

No artigo 217.4 do mesmo texto legal tipifícase como infracción urbanística leve o incumprimento da obriga de realizar a inspección periódica das edificacións, sancionable con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a)].

III. COMPETENCIA MUNICIPAL

De acordo coa lexislación de réxime local, o Concello de Vigo conta, no desenvolvemento das súas funcións de policía urbana, coa habilitación legal precisa para exercer competencias en materias tales como disciplina urbanística (arts. 25.2.d] LRBRL e 80.2.d] LALGA), patrimonio histórico-artístico (arts. 25.2.e] LRBRL e 80.2.e] LALGA), protección do medio ambiente (arts. 25.2.f] LRBRL), protección civil (arts. 25.2.c] LRBRL e 80.2.c] LALGA) e protección da salubridade pública (art. 25.2.h] LRBRL).

IV. CONTIDO E ALCANCE DA ORDENANZA

A «Ordenanza municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións (ITE) do Excmo. Concello de Vigo» establece a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación imposto pola normativa urbanística e a propia Ordenanza mediante a obtención dun informe de inspección técnica da edificación expedido por técnico competente, co contido, na forma e nos prazos sinalados nela.

Esta obriga alcanza a todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino, agás as declaradas en situación de ruina ou sometidas a expediente contradictorio de ruina mentres non exista resolución firme.

Para todos os edificios existentes á entrada en vigor da Ordenanza, os prazos para a presentación do primeiro informe empezarán a contar desde esa mesma data e quedan fixados na forma establecida na Disposición transitoria única, sen que en ningún caso esta disposición poida xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.

Para posibilitar o axeitado control do cumprimento das obrigas derivadas da Ordenanza, prevese a constitución na Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo dun rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos a inspección técnica, o «Rexistro de Inspección Técnica da Edificación», no que deberán constar a data de presentación e o contido de

cada un dos informes de Inspección Técnica da Edificación e das Fichas Técnicas da Edificación que se han presentar xunto con el.

V. IMPLEMENTACIÓN

A virtualidade da ITE, na forma en que se regula nesta Ordenanza, esixe que se dote á Xerencia de Urbanismo de maiores medios, materiais e humanos, a realización dunha serie de traballos técnicos previos (censo de edificacións, desenvolvemento de aplicacións informáticas, etc.), a creación do Rexistro da ITE, a subscripción de convenios de colaboración cos colexios profesionais directamente implicados, unha axeitada campaña divulgativa entre a cidadanía e os profesionais e, por último, a instrumentación dun réxime específico de axudas á propiedade para realizar as ITE e, de ser o caso, para levar a cabo as obras recomendadas.

Artigo 1.- Fundamento e obxecto da Ordenanza.

1.1.- Díctase esta Ordenanza ó abeiro do disposto, especificamente, no artigo 200 da LOUGA, que establece a obriga dos concellos de regular mediante ordenanza municipal o deber de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

1.2.- Regúlase nela a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación, concretado no mantemento das condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, de acordo co establecido na normativa urbanística aplicable e nesta Ordenanza.

1.3.- Para os efectos da citada inspección, as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade en que deben manterse as edificacións en función do seu uso, serán as seguintes:

- a) Seguridade, estabilidade e consolidación estruturais, de xeito que non se produzan no edificio ou partes do mesmo danos que teñan a súa orixe ou afecten á cimentación, ós soportes, ás vigas, ós forxados, ós muros de carga ou outros elementos estruturais e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade do edificio.
- b) Seguridade e estabilidade dos seus elementos constructivos cuxo deficiente estado supoña un risco para a seguridade das persoas, tales como chemineas, barandas, falsos teitos, cornixas, aplacados e elementos ornamentais ou de acabado; en particular, se poden cair á vía pública.
- c) Estanquidade fronte á agua, evitando filtracións a través da fachada, cuberta ou do terreo, en particular se estas afectan á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa de falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.
- d) Estanquidade e correcto funcionamento das redes xerais de fontanería e saneamento, de forma que non se produzan fugas que afecten á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa da falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.

1.4.- O cumprimento das condicións establecidas nos apartados anteriores suporá que a edificación reúne os requisitos de habitabilidade e uso esixibles para os efectos desta inspección técnica.

Artigo 2.- Obrigados.

2.1. Todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino (vivenda, oficinas, industrial, comercial, etc.) estarán afectados pola obriga formal establecida nesta Ordenanza. Exceptúanse as edificacións declaradas en situación de ruina por resolución firme e as sometidas a expediente contradictorio de ruina.

2.2.- No caso de vivendas ou locais integrados en comunidades de propietarios o deber de realizar a ITE corresponderá á propia comunidade.

Artigo 3.- Informe de Inspección Técnica da Edificación.

3.1.- A obriga formal de acreditar o cumprimento do deber de conservación da edificación verificarase mediante a obtención por conta e cargo do propietario de informe expedido polo técnico facultativo competente para levar a cabo esta función que el mesmo designe. O contido, forma e prazos de presentación do informe serán os establecidos nesta Ordenanza.

3.2.- De conformidade co disposto no artigo 200 da LOUGA, para a eficacia deste informe esixirase a presentación de copia do mesmo no colexio profesional correspondente e no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación que se ha constituir na Xerencia. Poderán presentalo, ademais dos propietarios das edificacións, os presidentes das comunidades de propietarios e os que exerzan o cargo de administrador.

3.3.- Para o caso de edificacións pertencentes ás Administracións públicas os informes poderán ser conformados polos seus servicios técnicos competentes.

Artigo 4.- Ficha Técnica da Edificación.

Establécese a obriga de realizar unha Ficha Técnica da Edificación, relativa á situación xurídica, arquitectónica, urbanística e ó réxime de ocupación da mesma, segundo o modelo que se xunta a esta Ordenanza como Anexo I.

Artigo 5. Contido do informe.

5.1.- O informe expresará se a edificación reúne as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade en que debe manterse en función do seu uso e fará referencia, necesariamente ós seguintes aspectos:

- a) Estado da estrutura e cimentación.
- b) Estado de fachadas interiores, exteriores, medianeiras e outros paramentos; en especial, dos elementos que puidesen supoñer un perigo para a vía pública, tales como petos de terrazas ou placas, entre outros.
- c) Estado de conservación de cubertas e azoteas.
- d) Estado das redes xerais de fontanería e saneamento do edificio.
- e) Estado xeral de elementos comúns (portais, escaleiras, etc.).

5.2.- Así mesmo, deixará constancia do grao de realización das recomendacións expresadas con motivo de anteriores inspeccións periódicas.

5.3.- Para o caso de que non se acadasen as condicións citadas anteriormente, o informe deberá expresar claramente o resultado desfavorable da inspección e sinalar as posibles causas e as obras necesarias por realizar, con indicación de prazos de inicio e de execución estimados das mesmas.

5.4.- Comprenderá, así mesmo, a indicación das medidas inmediatas de seguridade que, de ser o caso, fose necesario adoptar por existir unha situación de perigo inminente para os ocupantes da edificación ou das colindantes ou para as persoas que transiten pola vía pública.

5.5.- O informe presentarase segundo o modelo que se xunta a esta Ordenanza como Anexo II, debidamente cuberto e acompañado de reportaxe fotográfica do exterior e o interior do edificio e de plano de situación a escala mínima 1:2000.

Artigo 6.- Forma e prazo de presentación do informe.

6.1.- O informe deberá presentarse no colexio profesional correspondente e no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación da Xerencia, acompañado da Ficha Técnica da Edificación.

6.2.- O primeiro informe deberá presentarse dentro do ano seguinte a aquel en que o edificio cumpra 30 anos de antigüidade ou dentro do prazo específico de 3 meses se o propietario da edificación fose requerido ó efecto de forma expresa e motivada pola Xerencia.

6.3.- O informe deberá renovarse periódicamente, dentro do ano seguinte a aquel en que teñan transcorrido 10 anos desde o vencemento do prazo no que debeu presentarse o anterior e entregarse no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación da Xerencia, xunto coa Ficha Técnica debidamente actualizada, conforme ós modelos establecidos nos Anexos I e II da Ordenanza.

6.4.- Para os efectos desta Ordenanza, entenderase como idade da edificación o tempo transcorrido desde a data de terminación total da súa construción. Non obstante, no caso de que se executasen, de acordo coa licencia e autorizacións sectoriais esixidas, obras de reforma xeral que afecten á edificación completa, o prazo de presentación do informe así como o das sucesivas renovacións, comenará a contar a partir da data de emisión do preceptivo certificado de finalización de obra.

6.5.- A idade da edificación acreditarase mediante os seguintes documentos, relacionados por orde de preferencia: (1) Certificado final de obras expedido por facultativo/s competente/s; (2) Licencia de primeira ocupación; (3) Comunicación ó Concello do remate das obras; (4) Licencia de obras. En ausencia deles, tomarase como data de terminación a que resulte de calquera comprobación municipal desa situación e, no seu defecto, determinarase por calquera medio de proba admisible en Dereito e, en particular, por estimación técnica en función da súa tipoloxía e características constructivas.

6.6.- Sen prexuízo do anterior, a Administración municipal colaborará cos interesados facilitándolles os datos e antecedentes dos edificios que obren nos seus arquivos e rexistros.

Artigo 7.- Rexistro de ITE e Libro do Edificio.

7.1.- Para os efectos previstos nesta Ordenanza, constituirase na Xerencia un rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos a inspección técnica, denominado «Rexistro de inspección Técnica da Edificación» no que quedará constancia da data de presentación e do contido de cada un dos informes e das Fichas Técnicas da Edificación que se presenten.

7.2.- A función deste Rexistro será o control do cumprimento das obrigas establecidas nesta Ordenanza.

7.3.- Os datos que consten nel serán públicos ós únicos efectos informativos e estatísticos, verificándose o acceso ó mesmo de acordo co previsto no artigo 37 da L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e na LO.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, no que resulte de aplicación.

7.4.- As copias acreditativas da presentación do primeiro e sucesivos informes e as súas correspondentes Fichas Técnicas xuntaránse ó Libro do Edificio ou, no seu defecto, á documentación técnica do mesmo, e deberán ser conservadas polos propietarios ou polas persoas legalmente responsables nos edificios suxeitos ó réxime de propiedade horizontal e transmitidas ós seus novos titulares en caso de alleamento por calquera título, de conformidade co previsto na LOE (art. 16) e as disposicións posteriores de desenvolvemento da mesma.

Artigo 8.- Consecuencias do incumprimento da presentación en prazo do informe.

8.1.- Se a Xerencia descubrixe que non se efectuaron e presentaron en prazo as inspeccións periódicas da edificación previstas nesta Ordenanza, ordeará a realización das mesmas, outorgando ó efecto un prazo de 3 meses.

8.2.- Transcorrido este prazo sen que se cumprise o ordeado e sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador previsto na LOUGA e no RDU, a Xerencia poderá realizar a ITE de oficio e a custa dos obrigados. Para estes efectos, notificaráselles a identidade do técnico colexiado designado e o custo estimativo da súa intervención. Os honorarios a percibir polos traballos da ITE serán exaccionados pola Xerencia ós propietarios, puidendo recorrer, de ser o caso, á vía de constrinximento.

8.3.- Coa finalidade de levar a cabo a execución subsidiaria prevista no parágrafo anterior, a Xerencia poderá formalizar convenios de colaboración cos colexios profesionais a fin de que os colexiados que reúnan os requisitos de capacitación e idoneidade técnica necesarios poidan realizar a inspección regulada na Ordenanza. A designación do colexiado a efectuará o respectivo colexio segundo a súa normativa interna.

8.4.- De non se formalizar estes convenios, a Xerencia poderá organizar un turno ó que poderán acceder todos aqueles titulados colexiados que

reúnan os anteriores requisitos de capacitación e idoneidade técnica. A súa designación farase de forma rotatoria por orde de antigüidade na lista.

8.5.- En todo caso, a formalización de tales convenios e a contratación dos técnicos para realizar as inspeccións adecuaranse ás previsións orzamentarias da Xerencia.

8.6.- Non poderán concederse axudas municipais á rehabilitación total ou parcial das edificacións sen cumprir en prazo coa obriga de presentar o informe de inspección técnica da edificación.

Artigo 9.- Consecuencias do informe desfavorable.

9.1.- Se o resultado da inspección técnica fose desfavorable, a propiedade deberá solicitar e obter licenza municipal e, de ser o caso, as oportunas autorizacións sectoriais para proceder á execución das obras indicadas no informe nos prazos que no mesmo se determinen, o que acreditará co correspondente certificado de finalización das obras emitido polo técnico director.

9.2.- Cando as obras a realizar non teñan o carácter de urxentes, o prazo para presentar a correspondente solicitude de licenza de obras na Xerencia será de 2 meses.

9.3.- Se, pola contra, do informe resultase a necesidade de acometer medidas inmediatas de seguridade por perigo inminente, deberanse realizar no prazo previsto no mesmo.

9.4.- A subsanación das deficiencias observadas farase constar, en todo caso, no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación.

Artigo 10.- Ordes de execución por non realizar as obras previstas no informe.

10.1.- De se incumprir o disposto nos apartados 9.1., 9.2. e 9.3. do artigo anterior e con base no informe da ITE, os servizos técnicos e xurídicos da Xerencia emitirán informe proponendo o órgano competente da Xerencia o inicio de procedemento para dictar unha orde de execución ou incoar de oficio o expediente de declaración de ruína do inmovible, de resultar procedente a adopción desta medida.

10.2.- As ordes de execución que se dicten a resultas do informe da ITE e dos informes técnicos e xurídicos municipais deberán conter a determinación concreta das obras que fosen precisas para restablecer as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, e fixar os prazos de comezo e execución para o cumprimento voluntario do ordeado polo propietario; prazos que estarán en función da importancia, volume e complexidade das obras por realizar.

10.3.- Igualmente, determinarase se a entidade das obras esixe a redacción de proxecto técnico e de estudo de seguridade e saúde e a existencia de dirección facultativa.

Artigo 11.- Réxime sancionador.

11.1.- O incumprimento do propietario da súa obriga de presentación do primeiro e sucesivos informes no tempo e a forma establecidos nesta Ordenanza, así como das ordes de execución das obras resultantes da inspección técnica, constitúe, de acordo co artigo 217.4 da LOUGA, infracción urbanística leve, que será sancionada con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a] LOUGA).

11.2.- Conforme co preceptuado no artigo 223 LOUGA, a potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido na lexislación do procedemento administrativo. O prazo para resolver o procedemento sancionador será de 1 ano contado desde a data da súa iniciación. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se dictase resolución, producirase a caducidade do procedemento. No suposto de que a infracción non prescribise, deberá iniciarse un novo procedemento sancionador.

11.3.- No tocante ós órganos competentes para a imposición das sancións e ós prazos de prescrición de infraccións e sancións estarase expresamente ó disposto sobre o particular na LOUGA.

Artigo 12.- Réxime xeral do deber de conservación.

12.1.- O cumprimento da obriga formal establecida nesta Ordenanza entenderase sen prexuízo do réxime xurídico ordinario do deber de conservación regulado na lexislación vixente e das facultades de inspección urbanísticas atribuídas á Xerencia.

12.2.- No exercicio desa potestade municipal de policía urbanística poderá ordear en calquera momento, de oficio ou por instancia de parte e de acordo co procedemento previsto nos artigos 26 e seguintes do RDU, a execución das obras requiridas para o cumprimento dos deberes de conservación, adoptando ou ordeando ós propietarios a adopción das medidas provisionais e urxentes que, de ser o caso, resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que puidese recair e evitar a causación de danos ás persoas e ós bens.

Disposición adicional primeira: Documentación dos proxectos técnicos.

Os proxectos técnicos de edificación que se presenten a partir da entrada en vigor desta Ordenanza para a obtención da correspondente licenza municipal deberán incluír obrigatoriamente na súa documentación as especificacións técnicas e detalles constructivos relativos ós elementos exteriores da edificación (fachadas interiores e exteriores, paramentos e cuberta) e ós demais elementos arquitectónicos susceptibles de desprenderse e caír sobre a vía pública ou afectar a terceiros (cornixas, gárgolas, aleiros, canles, imbornais, pretís, galerías, balcóns, ménsulas, cenefas, impostas, escudos, etc.); en especial cando se prevea a execución dos revestimentos das fachadas mediante chapados ou aplacados. Incluirase, igualmente, a xustificación técnica da seguridade deses elementos de acordo coas regulamentacións aplicables.

Disposición adicional segunda: Convenios de colaboración.

Ademais dos convenios que se poidan formalizar ó abeiro do disposto no artigo 8.3 desta Ordenanza e nos que se concretará a posible colaboración dos colexios profesionais nos procedementos de execución subsidiaria nos supostos de incumprimento polos propietarios da obriga de realizar a ITE, a

Xerencia poderá celebrar outros, con eses mesmos colexios ou coas organizacións e asociacións profesionais do sector interesadas, nos que se establezan mecanismos de coordinación e de intercambio de información útil e se prevea a organización de xornadas técnicas e de difusión da Ordenanza, cursos de formación e especialización para profesionais, campañas divulgativas entre a poboación e demais medidas tendentes a facilitar o cumprimento das obrigas derivadas da súa aplicación.

Disposición adicional terceira: Réxime de subvencións.

O Concello de Vigo poderá establecer, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, un réxime de subvencións do que poderán beneficiarse os propietarios que acrediten fidedignamente a carencia de recursos económicos suficientes para sufragar o custo da inspección técnica da edificación regulada nesta Ordenanza. En todo caso, o outorgamento das axudas axustarase ós criterios vixentes para o acceso á vivenda protexida, de forma que a súa contía estea en función dos ingresos da unidade familiar.

Disposición transitoria única:

1.- As disposicións desta Ordenanza serán aplicables ás edificacións en función da súa antigüidade, debendo someterse á primeira inspección nas seguintes datas:

- a) As edificacións construídas ata 1919, durante o ano 2006.
- b) As edificacións construídas entre 1920 e 1939, durante o ano 2007.
- c) As edificacións construídas entre 1940 e 1949, durante o ano 2008.
- d) As edificacións construídas entre 1950 e 1959, durante o ano 2009.
- e) As edificacións construídas entre 1960 e 1969, durante o ano 2010.
- f) As edificacións construídas entre 1970 e 1980, durante o ano 2011.
- g) As edificacións construídas en 1981, durante o ano 2012.

2.- Unha vez presentado o primeiro informe, a preceptiva renovación efectuarase conforme ó réxime xeral previsto no artigo 6.3 desta Ordenanza.

3.- En ningún caso esta disposición transitoria poderá xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.


Disposición final primeira:

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó desta Ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da Ordenanza.

Disposición final segunda:

Conforme co establecido no artigo 70.2 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, esta Ordenanza será obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2006, rexendo en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación."

ANEXOS DA ORDENANZA:

 Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO		Selo rexistro
---	--	---------------

ORDENANZA ITE. ANEXO I: FICHA TÉCNICA DA EDIFICACIÓN

Modelo de impreso aprobado na Ordenanza de Inspección Técnica de Edificacións do Concello de Vigo

DATOS A CUBRIR OBRIGATORIAMENTE	EDIFICIO		Enderezo:		Num.		Cód.Postal:		Parroquia		Clave:							
	Data de construción/rehab.		Rexistro da Propiedade		Tomo		Libro		Folio		Nºde Referencia catastral		Plano Cart.					
	1ª ITE en prazo		Requirimento de ITE		Execución subsidiaria		Anterior ITE desfav.		Anterior ITE favorable		-							
DATOS A CUBRIR OBRIGATORIAMENTE	TITULAR /ES		DNI ou CIF		Nome e apelidos ou razón social:					Teléfono:		Fax:						
	ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN																	
	Enderezo:		Núm.	Esc.	Piso	Pt.	Cód. Postal											
	Parroquia		Municipio			Provincia			Correo electrónico:									
DATOS A CUBRIR OBRIGATORIAMENTE	TECNICO/S		DNI ou CIF		Nome e apelidos ou razón social:					Teléfono:		Fax:						
	Título		Colexio Profesional:				Número de colexiado:		Actúa como Técnico:									
	ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN																	
	Enderezo:		Núm.	Esc.	Piso	Pt.	Cód. Postal											
Parroquia		Municipio			Provincia			Correo electrónico:										
DATOS INFORMATIVOS (OPCIONAIS)	OCUPACION	USO PPAL.	Nº VIVENDAS	Oc	Pr	Al	Ba	Nº OFIC.	Oc	Pr	Al	Ba	Nº LOC.	Oc	Pr	Al	Ba	
	SUPERF. CONSTRUIDA POR USOS	VIVENDAS				OFICINAS				LOCAIS								
		Nº	Superficie	Subtotal	Nº	Superficie	Subtotal	Nº	Superficie	Subtotal								
		SUPERFICIE CONSTRUIDA SOBRE RASANTE						SUPERFICIE CONSTRUIDA BAIXO RASANTE										

Oc= Ocupadas/os / Pr= En propiedade / En alugueiro/ Ba = baleiras/os

DATOS OPCIONAIS (ACUBRIR EN TODO CASO POLA ADMINISTRACIÓN)	SITUACION URBANÍSTICA	PLANEAMENTO XERAL VIXENTE	PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO	CLASIFICACION DO SOLO	CUALIFICACION DE SOLO		
		SI NON FÓRA DE ORDENACION POR :					
		ALIÑACIÓNS	RECUADOS	VOLUME	ALTURA	OCUPACIÓN	USOS
		EXISTE ANTERIOR EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE RUINA			Nº de Expediente		
		SI NON					
		EXISTE EXPEDIENTE DE ORDE DE EXECUCIÓN			Nº de Expediente		
		SI NON					
		CATALOGACION	BIC	INCLUIDO EN ARI		AFECCIONS LEXISL. SECTORIAL	
		LICENCIA DE OBRAS	PROMOTOR	DATA		Nº DE EXPEDIENTE	
		LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN	PROMOTOR	DATA		Nº DE EXPEDIENTE	

DATOS A CUBRIR OBRIGATORIAMENTE	SITUACION ARQUITECTONICA	SUPERFICIE PARCELA	TIPOLOXIA	Nº DE PLANTAS SOBRE RASANTE	Nº DE PLANTAS BAIXO RASANTE	APARCAMENTOS Nº DE PRAZAS	ASCENSOR/ES NÚMERO	
		CIMENTACIÓN						
		CORRIDA ZAPATAS ILLADAS LOUSA PILOTES OUTRAS NON EXISTEN DATOS						
		ESTRUCTURA						
		MUROS DE CARGA MADEIRA FORMIGÓN ARMADO METÁLICA MIXTA OUTRAS						
		REVESTIMENTOS DE FACHADAS						
		PEDRA CHAPADOS PEDRA TRANSVENTILADAS LADRILLO CERÁMICOS MORTEIRO MONOCAPA PINTURAS CHAPADOS METÁLICOS FIBROCEMENTO MUROS CORTINA OUTROS						
		CUBERTAS						
		TELLA FIBROCEMENTO PIZARRA CHAPA METÁLICAS TERRAZA PLANA OUTRAS						
		INSTALACIÓNS EXTERIORES :						
		ANTENA TV ANTENA TELEFONÍA MÓBIL PARARRAIOS CABLEADOS LUMINARIAS CAIXAS DE INSTALACIONS BAIXANTES CHEMINEAS RÓTULOS TOLDOS OUTRAS						
		CONSTRUCCIÓNS ANEXAS						
		GALPÓN GARAXE OUTRAS						

VISADO COLEXIAL	Vigo, de de O Técnico Inspector O propietario Asdo:..... Asdo:.....
-----------------	---

**ORDENANZA ITE. ANEXO II: ACTA DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS (AITE)
INFORME DE INSPECCION E DICTAME DE ACTUACIONES**

EDIFICIO	Enderezo:	Num.	Cód. Postal:	Parroquia	Clave:

A: ESTADO XERAL DA ESTRUCTURA E CIMENTACIÓN

METODO/S DE INSPECCION EMPREGADO/S
VISUAL OUTROS
DESCRIPCIÓN DO MÉTODO EMPREGADO:
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA APORTADA:

RESULTADO DA INSPECCIÓN

Detectáronse deficiencias que afecten á seguridade: SI NON
Deficiencias:
Posibles causas:
Medidas a adoptar:

VISADO COLEXIAL	<p>Vigo, de de</p> <p>O/s Técnico/s Inspector/es</p> <p>Asdo:.....</p>
-----------------	--

ORDENANZA ITE. ANEXO II: ACTA DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS (AITE)

INFORME DE INSPECCION E DICTAME DE ACTUACIONES

EDEICIO	Enderezo:	Num.	Cód. Postal:	Parroquia	Clave:

B. ESTADO XERAL DE FACHADAS INTERIORES, EXTERIORES E MEDIANEIRAS.

METODO/S DE INSPECCION EMPREGADO/S

VISUAL OUTROS

DESCRIPCIÓN DO MÉTODO EMPREGADO:

DOCUMENTACIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA APORTADA:

RESULTADO DA INSPECCIÓN

Detectáronse deficiencias que afecten á seguridade: SI NON

Deficiencias:

Posibles causas:

Medidas a adoptar:

--

VISADO COLEXIAL	Vigo, de de O/s Técnico/s Inspector/es Asdo:.....
-----------------	---

ORDENANZA ITE. ANEXO II: ACTA DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS (AITE)

INFORME DE INSPECCION E DICTAME DE ACTUACIONES

EDEICIO	Enderezo:	Num.	Cód. Postal:	Parroquia	Clave:

C.ESTADO XERAL DE CONSERVACIÓN DE CUBERTAS E AZOTEAS

MÉTODOS DE INSPECCION EMPREGADO/S
VISUAL OUTROS
DESCRIPCIÓN DO MÉTODO EMPREGADO:
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA APORTADA:

RESULTADO DA INSPECCIÓN

Detectáronse deficiencias que afecten á seguridade: SI NON
Deficiencias:
Posibles causas:

Medidas a adoptar:

VISADO COLEXIAL	Vigo, de de O/s Técnico/s Inspector/es Asdo:.....
-----------------	---

ORDENANZA ITE. ANEXO II: ACTA DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS (AITE)

INFORME DE INSPECCION E DICTAME DE ACTUACIONES

EDEICIO	Enderezo:	Num.	Cód. Postal:	Parroquia	Clave:

D.ESTADO DAS REDES XERAIS DE FONTANERÍA E SANEAMENTO DO EDIFICIO

METODO/S DE INSPECCION EMPREGADO/S
VISUAL INSPECCIÓN DE ARQUETAS OUTROS
DESCRIPCIÓN DO MÉTODO EMPREGADO:
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA APORTADA:

RESULTADO DA INSPECCIÓN

Detectáronse deficiencias que afecten á seguridade: SI NON
Deficiencias:
Posibles causas:

Medidas a adoptar:

VISADO COLEXIAL	Vigo, de de O/s Técnico/s Inspector/es Asdo:.....
-----------------	---

ORDENANZA ITE. ANEXO II: ACTA DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS (AITE)

INFORME DE INSPECCION E DICTAME DE ACTUACIONES

EDEICIO	Enderezo:	Num.	Cód. Postal:	Parroquia	Clave:

E.ESTADO XERAL DE ELEMENTOS COMÚNS: PORTAIS, ESCALEIRAS, ETC.

METODO/S DE INSPECCION EMPREGADO/S
VISUAL OUTROS
DESCRIPCIÓN DO MÉTODO EMPREGADO:
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA APORTADA:

RESULTADO DA INSPECCIÓN

Detectáronse deficiencias que afecten á seguridade: SI Non
Deficiencias:
Posibles causas:

Medidas a adoptar:

VISADO COLEXIAL	Vigo, de de O/s Técnico/s Inspector/es Asdo:.....
-----------------	---

ORDENANZA ITE. ANEXO II: ACTA DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS (AITE)

INFORME DE INSPECCION E DICTAME

EDEICIO	Enderezo:	Num.	Cód. Postal:	Parroquia	Clave:

DICTAME

Unha vez inspeccionado o edificio consignado, o técnico asinante DICTAMINA que as súas condicións de seguridade constructiva son:

Favorables

Desfavorables debendo subsanarse as deficiencias detectadas e adoptarse as medidas que se sinalan no informe relativas a:

A. ESTRUCTURA XERAL DA ESTRUCTURA E CIMENTACIÓN
B. ESTADO XERAL DE FACHADAS E MEDIANEIRAS
C. ESTADO XERAL DE CONSERVACIÓN DE CUBERTAS E AZOTEAS
D. ESTADO XERAL DAS REDES DE FONTANERÍA E SANEAMENTO
E. ESTADO XERAL DE ELEMENTOS COMÚNS: PORTAIS, ESCALEIRAS,ETC.
BORRAR AS QUE NON PROCEDAN

DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS INMEDIATAS DE SEGURIDADE CONSTRUCTIVA

	Parcial	Total	Urxente
DEMOLICION/S:			
RETIRADA ELEMENTOS FACHADA:			
ARRIOSTRAMENTO FACHADAS:			
APONTOAMENTO FACHADAS:			
MACIZADO OU TAPIADO OCOS:			
APEOS:			
ACOTADO OU VALADO DE ZONAS:			
OUTRAS:			
DESALOXO DE PERSOAS: SE FORA NECESARIO INDICAR Nº DE PERSOAS E URXENCIA)			

EXECUCION DAS OBRAS NECESARIAS

PRAZO DE INICIO:
PRAZO DE EXECUCIÓN (ESTIMACIÓN APROXIMADA):
OBSERVACIONES:

OBSERVACIONES COMPLEMENTARIAS	
<p>SI NON considérase necesario realizar o nomeamento dun técnico competente, tanto para a súa definición precisa (proxecto) como para o seguimento da execución (dirección de obras e dirección da execución das obras) e a prevención de riscos laborais (seguridade e saúde).</p>	
DOCUMENTACION ANEXA	
PLANO DE SITUACIÓN SOBRE CARTOGRAFIA OFICIAL :	
DOCUMENTACIÓN FOTOGRAFICA CON LENDAS EXPLICATIVAS:	
PLANOS:	
INFORME COMPLEMENTARIO:	
OUTRAS:	
VISADO COLEXIAL	Vigo, de de O/s Técnico/s Inspector/es Asdo:.....

5.- (60).- EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE AXUDAS DESTINADAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA A CASA DE ACOLLIDA. PLAN CONCERTADO 2005. EXPTE. 1971/224

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 21 de febreiro de 2005, adoptou o seguinte acordo:

"8.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS MEDIANTE PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE MULLER DURANTE O ANO 2005. EXPTE 1971/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 09.02.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención ó abeiro da Orde do 29 de decembro de 2004, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia e publicada no DOG núm. 7, do 12 de xaneiro de 2005, pola que se convocan as axudas para o financiamento total ou parcial do mantemento e realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, por un importe de 421.301,24.- Euros, desglosado do seguinte xeito:

Departamento da Muller (Oficina da Muller e Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller) Gastos de persoal	114.490,25 Euros
---	------------------

S.Ordinaria 01.04.05

Casa de Acollida de Mulleres e piso tutelado (gastos de persoal e mantemento)	169.777,43 Euros
Servizo atención domiciliaria da Infancia/SADICanguros	80.939,10 Euros
Plan Municipal contra la violencia de xénero	44.074,22 Euros
Bolsas de axuda económica para a saída das mulleres da Casa de Acollida	<u>12.020,24 Euros</u>
TOTAL:	421.301,24 Euros

2º.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal para a súa ratificación."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, na súa sesión do día 29 de marzo, acordou propoñer ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Calviño Rodríguez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de febreiro, relativo á solicitude de subvención á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais destinadas á prestación de servizos sociais polas Corporacións Municipais.

6.- (61).- EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE AXUDAS DESTINADAS Á PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA EQUIPAMENTO E MOBILIARIO BÁSICO DE SEIS VIVENDAS MUNICIPAIS. EXPTE. 1979/224

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 28 de febreiro de 2005, adoptou o seguinte acordo:

"38. SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIONES LABORAIS, DE AXUDAS DESTINADAS Á PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS POLAS CORPORACIONES LOCAIS. EXPTE. 1979-224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 25.02.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2004, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia e publicada no DOG núm. 7, do 12 de xaneiro de 2005, pola que se convocan as axudas para o financiamento total ou parcial do mantemento e realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas Corporacións locais, por un importe de 40.000.- € destinado a sufragar os gastos de equipamento e mobiliario básico das vivendas públicas municipais, destinadas a favorecer o acceso das mulleres vítimas de violencia á vivenda.

2º.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación municipal para a súa ratificación."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, na súa sesión do día 29 de marzo, acordou propoñer ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Calviño Rodríguez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local do 28 de febreiro, relativo á solicitude de subvención á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais destinadas á prestación de servizos sociais polas Corporacións Municipais, para sufragar gastos de equipamentos e mobiliario básico para seis vivendas públicas municipais.

7.- (62).- EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE TRAMO DO CAMIÑO DE RAPADOUROS DE ABAIXO. EXPTE. 16079/240.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de febreiro de 2005, a técnica de administración xeral, Sra. Barbará Rodríguez, coa conformidade do xefe de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado de patrimonio, informa do que segue:

"Don Edelmiro Rodríguez Pérez presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 12 de maio de 2003, solicitando a descatalogación do carácter público dun tramo do Camiño Rapadouros da Baixo

que percorre a súa propiedade. Achega coa solicitude diversos planos e copias das escrituras de compravenda das súas fincas así como copia da escritura de agrupación das mesmas.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do Sr. Arquitecto municipal da Oficina Técnica desta Unidade de Patrimonio, de data 11 de decembro de 2003, tras xirar visita de inspección, no que expón que persoado no camiño Rapadouros de Abaixo comprobou que a traza do camiño reseñado como público parece corresponderse co camiño interior dunha finca particular. O tramo reseñado na presente instancia non figura afectado polo trazado viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente.

- Informe da Oficina de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 10 de xaneiro de 2005, manifestando que "personados in situ e examinada a documentación obrante no expediente despréndese que se trata dun camiño interior dunha finca polo seguinte:

Segundo escrituras de compravenda e agrupación e inscritas no Rexistro da Propiedade como finca 35.681, tomo 576, sección 2ª, folio 173, inscrición 1ª, no seu lindeiro leste non existe ningunha colindancia con camiño.

Na licenzia de obra concedida pola Comisión Municipal Permanente na sesión do 16 de decembro de 1980, no seu plano nº 1 de situación e deslinde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 9 de agosto de 1980, non aparece reflectido ningún camiño no seu lindeiro leste.

Na cartografía LEGAR do ano 1970 (1/5000) non aparece reflectido ningún camiño.

No plano catastral vixente e cartografía actual non aparece reflectido ningún camiño.

- Evacúase trámite de audiencia á Entidade Local Menor de Bembrive e a dona María Rodríguez Almansa, dona da finca colindante, na súa calidade de interesados no expediente consonte o artigo 31 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e non formulan alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1.- Consonte ó disposto no artigo 79.3 da LBRL son bens de dominio público os destinados a uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da LALG e o artigo 3 do RBEL como bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local.

2.- O camiño obxecto de reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, coas seguintes características: Camiño Rapadouros de Abaixo con inicio en Rúa Cruz e final Camiño de Rapadouros, de 155 metros de lonxitude e 3 metros de

anchura, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

3.- Entre os medios e facultades establecidos polo ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas resulta de relevancia a obriga de formación dun inventario onde se rexistren todos os bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG e 17 RBEL). Consonte ó artigo 32 LPAP "as Administracións públicas están obrigadas a inventariar os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación e as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destiño ou uso a que se adiquen. O inventario patrimonial incluirá, alomenos, os bens inmobles e dereitos reais sobre os mesmos" e segundo o artigo 20.g) RBEL o inventario dos bens inmobles comprenderá as vías públicas, as cales constarán cos datos necesarios para a súa individualización, con especial referencia ós seus lindeiros, lonxitude e anchura.

4.- Consonte ós artigos 278 LALG e 33 RBEL a rectificación do inventario verificarase anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación, e nela reflectiránse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa.

5.- O presente expediente de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos ten por obxecto a determinación da correcta inclusión no Epígrafe I de vías públicas do camiño en cuestión en atención ó seu uso público ou pola contra, se non concorre a dita condición de uso público, procedería a súa rectificación inventarial dándoo de baixa.

6.- Dos diferentes informes e dos planos cartográficos obrantes no expediente dedúcese que o Camiño Rapadouros de Abaixo discorre polo interior dunha finca particular. Na Cartografía LEGAR do ano 1970 (1/5000) non aparece reflectido ningún camiño e no plano catastral vixente e cartografía actual tampouco.

7.- Resulta competente para a aprobación e rectificación anual do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 33 RBEL)."

Polo anteriormente exposto a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 29 de marzo de 2005, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Calviño Rodríguez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a rectificación no Inventario Municipal de bens e dereitos do Camiño Rapadouros de Abaixo, anulando a súa consideración como vía pública ó percorrer por finca privada, de acordo co informe da Oficina de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 28 de decembro de 2004.

Segundo.- Someter a dita rectificación a información pública polo prazo regulamentario.

8.- (63).- EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DO CAMIÑO FONTE R-14. EXPTE. 16865/240.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de febreiro de 2005, a técnica de administración xeral, Sra. Barbará Rodríguez, coa conformidade do xefe de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado de patrimonio, informa do que segue:

"Don Luis Blanco Rodríguez, en representación de Trocalva S.L., presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 29 de xaneiro de 2004, solicitando a descatalogación do carácter público do camiño que percorre a súa propiedade xa que o devandito camiño servía de acceso a varias fincas que agora pertencen todas a Trocalva S.L., segundo consta nas escrituras de compravenda que se adxuntan á solicitude. Achega coa solicitude diversos planos do camiño e da finca.

A reclamación substánciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do Sr. Arquitecto municipal da Oficina Técnica desta Unidade de Patrimonio, de data 20 de febreiro de 2004, tras xirar visita de inspección, no que expón que persoado no camiño reseñado no plano que se achega comprobou os seguintes extremos:

Que se trata do Camiño Fonte R-4-1 con inicio en Camiño Fonte R-4 e final naves do Servizo Renault, de 110 metros de lonxitude e 2 metros de anchura.

A lonxitude pretende descatalogarse nos 60 m.l. de fondo do ramal.

Non está afectado polas aliñacións do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente.

- Informe do Servizo de Vías e Obras, do 17 de xuño de 2004, manifestando que "nos arquivos desta Unidade de Vías e Obras non consta ter realizado ningún traballo de mantemento no camiño de referencia".

- Informe do Sr. Arquitecto municipal da Oficina Técnica desta Unidade de Patrimonio, de data 13 de xullo de 2004, no que manifesta que na

actualidade non existe ningún tipo de vestixio de camiño no tramo inventarial obxecto de reclamación.

- Informe da Oficina de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 28 de decembro de 2004, manifestando que "persoados in situ e examinada a documentación que obra no expediente despréndese o seguinte:

No Inventario Municipal de bens e dereitos Viais, aprobado polo Pleno do 4 de maio de 1993, figura como público o ramal Fonte R-4-1, con inicio en Camiño Fonte R-4 e final naves do Servizo Renault, de 110 metros de lonxitude e 2 metros de anchura.

Consultada a cartografía municipal de A. Cominges dos anos 1940/1950, folla 88, non se aprecia a existencia de camiño, xa que as ditas parcelas anteriores á agrupación tiñan o seu acceso polo fondo (lado sur), non pola súa cabeceira.

- Evacúase trámite de audiencia á Asociación de veciños de Lavadores na súa calidade de interesado no expediente consonte o artigo 31 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e non formula alegacións.

- Solicítase da Administración de Tributos/IBI plano catastral das parcelas onde se sitúa o tramo do camiño obxecto de reclamación, incorporándose istas ó expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

1.- Consonte ó disposto no artigo 79.3 da LBRL son bens de dominio público os destinados a uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da LALG e o artigo 3 do RBEL como bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local.

2.- O camiño obxecto de reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordoplenario de data 4 de maio de 1993, coas seguintes características: Camiño Fonte R-4-1 con inicio en Camiño Fonte R-4 e final naves do Servizo Renault, de 110 metros de lonxitude e 2 metros de anchura, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

3.- Entre os medios e facultades establecidos polo ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas resulta de relevancia a obriga de formación dun inventario onde se rexistren todos os bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG e 17 RBEL). Consonte o artigo 32 LPAP "as Administracións públicas están obrigadas a inventariar os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación e as que resulten precisas par reflectir a súa situación xurídica e o destiño ou uso a que se adiquen. O inventario patrimonial incluírá, alomenos, os bens inmobles e dereitos reais sobre os mesmos" e segundo o artigo 20.g) RBEL o inventario dos bens inmobles comprenderá as vías públicas, as cales constarán cos datos necesarios para a súa individualización, con especial referencia ós seus lindeiros, lonxitude e anchura.

4.- Consonte ós artigos 278 LALG e 33 RBEL a rectificación do inventario verificarase anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación, e nela reflectiránse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa.

5.- O presente expediente de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos ten por obxecto a determinación da correcta inclusión no Epígrafe I de vías públicas do camiño en cuestión en atención ó seu uso público ou pola contra se non concorre dita condición de uso público procedería á súa rectificación inventarial dándoo de baixa.

6.- Dos diferentes informes e dos planos cartográficos obrantes no expediente dedúcese que o camiño Fonte R-4-1 discorre polo interior dunha finca particular.

7.- Resulta competente para a aprobación e rectificación anual do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 33 RBEL)."

Polo anteriormente exposto, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 29 de marzo de 2005, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Calviño Rodríguez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a rectificación no Inventario Municipal de bens e dereitos do Camiño Fonte R-4-1, anulando a súa consideración como vía pública ó percorrer por finca privada, de acordo co informe da oficina de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 28 de decembro de 2004.

Segundo.- Someter a rectificación a información pública polo prazo regulamentario.

9.- (64).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 2376/320.

A Presidencia retira este punto da orde do día non sendo sometido a votación.

INTERVENCIÓN DO SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sra. Alcaldesa, queredría intervir sobre a retirada.

Queremos facer esta intervención en primeiro lugar para nos felicitar por esta retirada da Orde do Día da aprobación inicial do proxecto de Regulamento orgánico de participación cidadá porque xa o noso Grupo tiña a firme convicción de pedir precisamente neste Pleno a retirada deste punto ó estaren convencidos de que non se podía aprobar un Regulamento coma este de participación cidadá, sen que exista o consenso necesario e sobre todo porque os máximos partícipes deste Regulamento, como é a Federación de Veciños, non estiveran de acordo.

Queremos anunciar que esperamos que cando nos volten traer este punto veña cunha incorporación que para nós é fundamental: que se contemple nos Consellos Sectoriais a representación específica en todos e cada un deles da Federación de Veciños. Para o Bloque Nacionalista Galego a Federación de Veciños non é unha asociación calquera máis, é o máximo representante democraticamente elixido do movemento veciñal de Vigo e que ademais representa sobradamente á maior parte de todas as estacións veciñais de Vigo.

Presentamos unha alegación ó respecto que foi rexeitada por todos os Grupos, pero presentámola porque non entendimos dende o primeiro momento que isto non se contemplara.

Polo tanto nos alegra esta decisión da retirada e esperamos que veña con esta incorporación porque xa anunciamos que de non seren así o noso Grupo municipal votará en contra.

10.- (65).- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, na súa sesión de data 31 de xaneiro, adoptou acordo de aprobar definitivamente o convenio fundacional entre o Concello de Vigo, Consorcio da Zona Franca de Vigo e Instituto Galego de Vivenda e Solo que ten como fin a creación dun Consorcio interadministrativo para a xestión en común da recuperación e rehabilitación do Casco Vello de Vigo, recuperación que se levará a cabo de conformidade coas previsións do Plan Especial de Protección e Reforma Interior previsto para ese ámbito

En data 8 de febreiro os representantes dos entes públicos mencionados asinaban o convenio citado, téndose publicado no DOGA de data 16 de marzo os Estatutos que regulan a organización e funcionamento do Consorcio, trámite que posibilita a existencia xurídica do novo ente público.

O art. 14 dos Estatutos mencionados refírense á función e composición do Consello de Administración, órgano superior que goberna, dirixe e establece as directrices de actuación do Consorcio, o seu apartado 2.c) sinala que ó Concello de Vigo lle corresponden tres representantes que serán elixidos polo Pleno Municipal.

Con data 17 de marzo de 2005, a Alcaldía-Presidencia formula proposta para nomeamento dos representantes municipais no devandito Consorcio.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 29 de marzo de 2005, propón ó Pleno da Corporación a adopción do acordo que se contén na parte dispositiva.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Calviño Rodríguez e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Serán representantes municipais no Consorcio Casco Vello de Vigo as seguintes persoas:

Titular: José Manuel Figueroa Vila.
Suplente: Ignacio López-Chaves Castro

Titular: Mauricio Ruiz Ceniceros.
Suplente: María Luisa Graña Barcia.

Titular: Xavier Toba Girón.
Suplente: Amador Fernández Fernández.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados e ós demais entes públicos consorciados ó obxecto de que unha vez designados por eles ós seus representantes procedan a constituir o órgano colexiado

Terceiro.- Solicitar ó Consorcio do Casco Vello de Vigo, que inicie o procedemento de modificación dos seus estatutos a fin de ampliar a representación dos entes consorciados de xeito tal que permita o Concello de Vigo dispoñer dun representante máis.

Neste intre se incorpora á sesión o concelleiro Sr. Calviño Rodríguez.

11.- (66).- EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA AXUDAS DESTINADAS Á PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS. EXPTE. 11278/301.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 21 de febreiro de 2005 adoptou o seguinte acordo:

"3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN PRIMARIA NO CONCELLO DE VIGO DURANTE O ANO 2005. EXPTE. 11278/301/05.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social do 14.02.05, conformado polo xefe do Sector de Acción Social e polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a solicitude de subvención solicitada á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, ao abeiro e de conformidade coa Orde do 29 de decembro de 2004, para a prestación de Servizos Sociais de atención primaria polo Concello de Vigo ao longo do ano 2005, o importe do cal ascende a un total de 3.192.317,98 euros.

Deste acordo darase conta ao Pleno da Excma. Corporación Municipal, de acordo co artigo 8º da Orde citada."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 29 de marzo de 2005, quedou enterada do anterior acordo.

Do anterior a Alcaldía-presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

12.- (67).- NORMALIZACIÓN DA DENOMINACIÓN DO CEIP "LA DOBLADA" DE VIGO. EXPTE. 6659/332.

ANTECEDENTES.- Por escrito con entrada no rexistro municipal do día 28 de febreiro de 2005 a dirección do CEIP La Doblada no nome do centro solicita ao Pleno da Corporación Municipal de Vigo que dictamine favorablemente a normativización da denominación de dito colexio como " A Dobrada".

Con data 3 de marzo a técnica de Normalización Lingüística emite informe favorable á devandita petición.

Visto o anterior, a xefa do Servizo de Educación, coa conformidade do concelleiro delegado, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 29 de marzo de 2005, dictamina favorablemente.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Calviño Rodríguez e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Prestar conformidade e apoio á proposta do Consello Escolar do Centro de Educación Infantil e Primaria "La Doblada" de Vigo para que a denominación do dito colexio sexa normalizada como "A Dobrada".

13.- (68).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO O ARRANXO, SINALIZACIÓN E LIMPEZA DOS DOLMENS DA MADROA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 9 de marzo de 2005, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Dixéronnos que os dolmens da Madroa se atopan en estado de abandono, cousa que nos confirmaron veciños da parroquia cando llo consultamos. Entón visitamos os lugares onde están os dolmens e quedamos abraiados.

Que monumentos de máis de dous mil anos antes de Cristo (din que son os máis antigos de Vigo), estean na calamitosa situación na que se atopan esas mámoas, fala da falla de sensibilidade de demasiada xente. Unha falla de sensibilidade coa nosa historia e coa nosa cultura. Estamos lonxe dos arranxos que no seu día lles procurou Amador Fernández.

E calquera dolmen (e eses máis concretamente), pra nós son como lábaros, como reliquias e coidamos que como tais deberan ser tratadas, polo que o Concello ten a obriga de remediar ese lamentable estado de cousas canto antes.

Consonte co antedito propoñemos:

Que o Goberno Municipal acometa de xeito inmediato á limpeza dos dolmens da Madroa, os arranxos das contornas e accesos, amais das oportunas sinalizacións."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 29 de marzo de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Non preciso demasiada intervención para dicir que debera estar na cabeza e no corazón de todos que lábaros (eu chámolles lábaros porque son feitos puntuais na nosa historia) que son referentes das nosas culturas antergas deberan estar tratados doutro xeito.

Os dolmens da Madroa están nun estado absolutamente penoso. É impropio dunha civilización coma na que vivimos, impropio de xentes que se poidan sentir sensibilizadas cos movementos culturais de calquera tipo e dende logo dos que se poidan sentir identificados coa cerna da súa propia cultura que monumentos de máis de 2.000 estean no patético estado no que se atopan hoxe fala moi mal do seu Goberno, Sra. Porro, porque teño que recoñecer que cando o Sr. Fernández se ocupaba destas cousas o tema estaba bastante mellor.

Polo tanto é unha degradación que deixaron sufrir vostedes e eu con este -se me permiten a expresión- "tirón de orellas" político quero instar a que tomen as medidas oportunas e do xeito máis urxente posible para restaurar a situación destes dolmens. Insisto que son dos feitos culturais e históricos máis importantes, con moita diferenza, que poida ter esta cidade e é patético que estean no estado no que se atopan. Vaian miralo se queren e chegarán á mesma conclusión que cheguei eu.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sobre o tema da moción eu quería falar primeiro da significación que teñen estas mámoas no conxunto da nosa cidade.

As mámoas son túmulos de terra con forma de casquete esférico que moi a miúdo conteñen na súa parte centra unha estrutura de pedra de carácter megalítico máis ou menos complexa que é coñecida coma dolmen. O dolmen é a pedra que cobre a mámoa. O túmulo pode estar recoberto dunha collaza de pequenas pedras a xeito de recubrimento, así coma tamén pode posuír algún anel perimetral igualmente de pedras.

Algunhas mámoas non posúen dolmens senón outro tipo de estrutura. As mámoas son case sempre sepulturas colectivas ben dun grupo, ben dunha familia. Coma norma xeral as mámoas sitúanse preferentemente nos planos altos ou pequenas mesetas existentes nos montes, ocupan sempre terreos

chans, daí a denominación de moitas necrópoles megalíticas; así por exemplo na parroquia da que falamos de San Cristovo de Candeán existe a mámoa de chan de Labrador e chan de Touciños.

En Vigo as mámoas sitúanse nos planos altos de media montaña dende Candeán ata Coruxo. En Candeán nos montes Vixiador e Madroa, prolongación do campo de mámoas de Monte Penide que é un dos máis importantes de Galiza, sitúanse as necrópoles de Costa Freiría, Ferradouros, Chan de Touciños, Chan do Labrador, Casa dos Mouros e Subida á Madroa. Dentro deles destaca sobre todo a denominada Casa dos Mouros que se compón dun túmulo a penas perceptible debido á súa escasa altura e unha cámara onde se observan 5 sesteos á vista mentres que a pedra de cobertura se atopa lixeiramente no seu lugar orixinal.

Sobre o tema das mámoas quero dicir que no Monte da Madroa, segundo os estudos de Patrimonio Histórico, mesmo as visitas que efectuaron recentemente con arqueólogos os responsables de Patrimonio Histórico e de acordo co informe que elaboraron estes últimos falan de que o estado xeral de conservación do xacemento se pode considerar coma aceptable: "Non se aprecian deterioros significativos nos últimos 12 anos, tampouco aparecen síntomas de posibilidade dun deterioro a curto ou a medio prazo".

Tomando coma referencia o catálogo de estado de conservación de fichas oficiais de catalogación do ano 1992, informan os técnicos que non se aprecian diferencias significativas coa actualidade, nalgúns casos mesmo as diferencias son positivas pois se rozou determinado arboredo nalgúns túmulos e colocouse sinalización informativo nalgún dos xacementos.

Ademais hai que ter en conta que só unha destas mámoas está dentro de terreo de titularidade municipal -Casa dos Mouros-, todas as demais están en propiedade privada ou en terreos da Comunidade de Montes veciñais en Man Común que hai que dicir que sempre tiveron preocupación pola súa conservación e que mesmo teñen proxectos para a elaboración dunha rota arqueolóxica dentro destas mámoas que, como xa dixen, se atopan dentro de terreos da Comunidade de Montes en Man Común.

Por iso penso que logo dos informes técnicos, de veren que mesmo están no monte e tendo un informe máis polo miúdo qu di que é certo que nalgunha das mámos se aprecia algún resto de lixo sen importancia recentemente depositado, segundo os informes técnicos, pero que en xeral se atopan en bo estado e sobre todo a Casa dos Mouros, a máis significativa que está perto da subida ó Zoolóxico da Madroa, que quizais é das máis importantes, das que visualmente máis se ve dentro das mámoas dos montes da parroquia de

Candeán. É certo que as demais tamén están no monte e por iso teñen ademais herba porque as mámoas se cubrían de terra e mesmo sobre elas plantábanse algunhas árbores que foron recentemente taladas. Existe algunha mámoa en propiedade privada que ten unha árbore que dá problemas e que a pode afectar, pero en xeral a súa limpeza, o seu estado de conservación segundo os informes de Patrimonio Histórico é bo e mesmo se vai traballar por parte da Comunidade de Montes nese senso.

O Goberno municipal polo menos na mámoa que está na súa propiedade que é a da Casa dos Mouros fixo limpeza recentemente e talas de arboredo que poideran afectar máis directamente ó túmulo xa que as raíces da árbore sempre poden afectar ós ortostatos que rodean ó túmulo. Por iso se realizaron estas talas do arboredo e en xeral o estado de conservación non é como podían estar hai 2.000 ou 4.000 anos, cando xurden estas esculturas megalíticas pero dende logo están mesmamente como hai 12 anos e segundo os informes de Patrimonio Histórico nun aceptable estado de conservación.

Ademais co proxecto que vai elaborar a Comunidade de Montes respecto das mámoas que lle corresponden aínda vai mellorar. Quizais vai ser unha aposta aínda maior por parte da Comunidade de Montes para a sinalización e elaboración dunha rota arqueolóxica das mámoas.

Podemos votar a favor pero segundo os informes a limpeza consistirá en limpar algúns restos de lixo recentemente depositados alí, pero coido que o estado tampouco é tan lamentable coma comentaba o Sr. Soto.

SR. SOTO FERREIRO: O Sr. Concelleiro, dentro do seu uso, foi prolixo pero pasa que eu honestamente non lle entendín ben porque ás veces semella que a conservación é fantástica, como dixo non tan ben coma a que tiñan hai 2.000 anos pero pode pasar.

O de "pode pasar" debe ser evidentemente unha cuestión subxectiva, non sei se empeza a ter éxito a técnica aquela de Mariano Rajoi do "pode que si pero no" ou "pode que no pero si" porque eu no discurso dicía ás veces que si, pero moi de pasada dixo que alí lixo, porcalladas, pero nada importante. Non sei se o Sr. Concelleiro iría ver eses túmulos e vería que as porcalladas eran de moi diversa índole, mesmo algunha que poido producir froitos importantes na demografía.

A verdade é que se a vostede lle semella que esas son cousas que deben estar mesmo debaixo dun dolmen e dende logo órredor e ó seu carón, pois ten unha opinión que eu non comparto de cómo debe ser a conservación desas maravillosas pezas e dende logo se algún deses dolmens ten as pezas

tiradas... xa sei que xa pasaron 2.000 anos pero hai xeitos de conservar estas cousas hoxendía.

Estou tratando o tema co mesmo ton distendido que o trata o Sr. Concelleiro, pero coido que hai cousas que hai que asumir e ese tema está moi mal tratado e teñen que asumir a responsabilidade do tratar ben e nada máis, todo o demais son historias; eu invito ós cidadáns e moi particularmente ós de Candeán que os teñen moi perto que vaian ver os seus dolmens e que falen, e mesmo aquí hai algún señor que vive en Candeán.

Senón me quedaría cunha preocupación porque se a min me din que se recoñece que iso non está moi ben, que non me preocupe que van poñerlle remedio me quedo tranquilo; pero se me din que os arqueólogos, vostede e non sei quen máis están de acordo e non pasa nada entón me quedo coa preocupación de pensar se efectivamente non van facer nada.

Se é así só lle digo unha cousa: coma a súa intervención final era dicir que ían facer algo que non dixo moi ben en qué consistía, vou estar atento á pantalla, voume pasar cunha cámara dixital destas que fan moi ben as fotos e voullas traer á Corporación na seguinte sesión para lles dicir coma están, mesmo para lles dicir que hai un antes e un logo porque vou ir hoxe para non lles dar tempo para o cambiar. Entón imos ver se o antes e o despois seguen sendo igual o que sería lamentable.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Só clarear que asumo o que di o informe do técnico que percorreu comigo e máis cun arqueólogo as distintas mámoas.

É certo que algunhas pedras están tiradas pero tamén é certo que as pedras caen polo paso do tempo e sempre co patrimonio arqueolóxico hai que se considerar se se reconstrue o que destrue o tempo ou se se deixa e se conserva.

Segundo os informes o estado de conservación é o mesmo que hai 12 anos, ¿se pode reconstruir e facer reconstrucción de xacementos arqueolóxicos? Pódese facer pero as técnicas de conservación son as de manter o que teñen agora, conservar as pedras e se algunhas delas cairon efectivamente se poden poñer porque concretamente na Casa dos Mouros, que é onde podería intervir o Concello por ser da súa propiedade xa que os outros xacementos son da Comunidade de Montes e outros están mesmo en propiedade privadam estúdese o tema de se o dolmen se coloca de novo enriba da mámoa e se deixa onde está. Ese é un debate mesmo a nivel científico de cal é o sistema de conservación do patrimonio arqueolóxico; pero non é que a pedra estea tirada, a pedra está así porque caeu co paso do tempo por perder a súa función e discútese

sempre se debemos repoñer todo como estaba ó principio, é dicir, voltar construír coma estaba ó principio o túmulo megalítico hai 2.000 ou 4.000 anos ou conservalo coma está agora manténdoo e coidando a súa limpeza.

Dende logo é na mámoa da Casa dos Mouros onde podemos intervir pero como dixen os técnicos que percorreron hai uns días todas as mámoas non apreciaron ningún problema grave, dixeron estaban aceptablemente conservadas e mesmo que melloraran positivamente gracias ás talas das árbores.

A PRESIDENCIA: Imos votar xa que estamos todos de acordo en coidalas.

(No momento da votación está ausente o Sr. Calviño Rodríguez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, instando o arranxo, sinalización e limpeza dos dolmens da Madroa co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Neste intre se incorpora ó Pleno da Corporación o concelleiro Sr. Calviño Rodríguez.

14.- (69).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO PROPOÑER Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSO A CONCESIÓN DO PREMIO OTERO PEDRAYO A D. XOSÉ NEIRA VILAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de marzo de 2005, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"As Deputacións galegas convocaron o premio literario Otero Pedrayo 2004, que ten por obxecto premiar traballos que signifiquen unha contribución importante á cultura galega e á promoción dos valores propios de Galicia.

Calquera persoa, física ou xurídica, radicada en Galicia pode presentar a candidatura que considere oportuna pra ese premio, neste caso diante do Sr. Presidente da Deputación de Ourense.

Achegamos unha breve descrición biográfica de Xosé Neira Vilas que coidamos fala por si mesma, xa que é un autor de dilatada dedicación á difusión e ó engrandecemento da nosa cultura, amais dun dos dinamizadores vivos máis sobranceiros da normalización da nosa lingua.

Á vista do dito coidamos que é unha persoa merecente do premio Otero Pedrayo.

Consonte co antedito propoñemos:

Dirixirnos ó Excmo Sr. Presidente da Deputación de Ourense pra lle propor que, en base á reseña biográfica que acompañamos, se lle dea o Premio Otero Pedrayo 2004 a D. Xosé Neira Vilas."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 29 de marzo de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Para seren xusto dicir en primeiro lugar que esta non foi unha idea orixinal do Partido Galeguista, que eu saiba é unha idea do Sr. Alcalde de Redondela que ten moitas ideas boas en moitas cousas, por certo, e esta é unha delas. Pero coido que deberemos ser máis dun Concello, independentemente do pensamento político dun alcalde, dun concelleiro, dun grupo político, os que asumamos a responsabilidade de pedirlle á Deputación de Ourense e, en función da reseña biográfica que ademais lles achego de Neiras Vilas, coido que é moi difícil discutir que debe ser merecente de recibir o premio Otero Pedrayo.

É un dos máis insignes escritores en língoa galega, ten unha Fundación que aí está, ademais na provincia de Pontevedra onde está traballando arreo. Insisto, é unha das persoas máis merecentes entre as que o recibiron, os que o poidan recibir como para o recibir, ademais lle virá moi ben para desenvolver os traballos da súa Fundación o que axudará a que sega creando e a que realmente sega traballando por este País.

Por todo iso lles propoño que nos dirixamos ó Excmo. Sr. Presidente da Deputación de Ourense para lle propoñer, en base á reseña biográfica que se achega, se lle outorgue o Premio Otero Pedrayo a D. Xosé Neiras Vilas.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Barros Punte e Figueroa Vila)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, instando propoñer á Deputación Provincial de Ourense a concesión do premio "Otero Pedrayo" para o escritor Xosé Neira Vilas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (70).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO A AUTORIZACIÓN DE FESTA POPULAR NA ZONA DE BALAIÓDOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 29 de marzo de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, formulaa seguinte moción:

"Hai anos que se fai unha festa popular na zona de Balaídos. Este ano os veciños teñen comprometida a súa instalación, polo que se lles causaría un gravísimo prexuízo se non se autorizase a súa celebración.

Consonte co antedito propoñemos:

Que se autorice a prevista celebración da festa popular na zona de Balaídos, sen prexuízo da procura dunha mellor alternativa pra o ano que ven."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 29 de marzo de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

A PRESIDENCIA: Quero dicirlle que á vista da súa moción o Goberno mantivo conversas con este colectivo. Chegamos a acordos nos termos nos que se propón esta moción polo que entendo que xa se está traballando nese sentido.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Alégrome que xa estea o problema resolto e que gracias a esta moción que presentamos estea subsanado o problema e, como xa poñíamos na moción, que se faga este ano e para o ano que se arranxe o tema. Retirámola.

A Alcaldía-Presidencia retira a moción da orde do día non sendo sometida a votación.

16.- (71).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Á REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS DE VÍA NORTE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de marzo de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, formula a seguinte moción:

"A rúa Vía Norte, situada entre a Travesía de Vigo e Urzaiz, é un vial de grande importancia, xa que comunica dous grandes núcleos de poboación, como son os situados arredor da Travesía de Vigo e o centro da cidade, xerando fluxos de vehículos pero, sobre todo, de peóns de circulan nos dous sentidos.

Chama a atención a situación na que se atopa actualmente, sobre todo o lado da beirarrúa dereita no sentido da circulación e que esta situado por riba do muro da estación de ferrocarril, pois presenta un estado lamentábel:

- a falla de losetas e as gretas son continuas,
- os tocóns das árbores cortadas siguen situados no seu sitio,
- o ancho da beirarrúa é moi cativo, acrecentándose o problema cando as silveiras a invaden,
- a baranda presenta un estado lamentábel de conservación,
- falla unha tapa dun pozo de rexistro, neste mesmo lado, pero á altura do cruzamento de Escultor Gregorio Fernández,
- posúe unha inclinación excesiva, dificultado o seu paso, nomeadamente para aquelas persoas que teñen dificultades de movemento.

Estes desperfectos xeran, para ás persoas con maior capacidade física unha carreira de obstáculos xa son varias as persoas que teñen sufrido algún tipo de accidente. E, se para as persoas con dita capacidade física lles xera problemas, qué podemos dicir daquelas que teñen maiores dificultades. Créalles situacións críticas, as veces difíceis de superar o que lles obriga a ir pola calzada ou cruzar para a outra beirarrúa por sitios non habilitados, creando todas estas circunstancias unha inseguridade para os peóns.

Conscentes da función desta rúa e do tránsito peonil que padece, o Goberno da Corporación anterior acometeu a remodelación da beirarrúa esquerda no sentido da circulación dos vehículos entre Escultor Gregorio Fernández e Urzaiz, recollendo o criterio de ganar máis espazo para os peóns, xa que se lle deu un maior ancho, dotandoa de arborado e nova iluminación.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG propón a seguinte resolución:

Iniciar de xeito urxente a remodelación e reparación das beirarrúas de Vía Norte, recollendo como mínimo os seguintes criterios:

- eliminar a inclinación existente,
- revisar e reparar, alí onde o necesite, a baranda de protección,
- repoñer ou obrigar a repoñer a tapa do pozo de rexistro inexistente,
- anchar as beirarrúas a un tamaño adecuado ao tránsito peonil, eliminando os tocóns e plantando novas árbores."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 29 de marzo de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: Coido que entroutras cousas a Vía Norte é unha rúa bastante singular porque por alí pasa unha morea de persoas e conecta dous núcleos importantes: o centro de Vigo con outro núcleo (poderíamos denominalo así) que é a Travesía de Vigo. Sobre todo ten unha situación incomparable que lle fai competencia a outra rúa de Vigo na parroquia de San Xoán como é Vista ó Mar. Boa proba da situación en que está é que non é a primeira vez que se xera algún tipo de accidente, evidentemente lixeiro pero produto de deterioro que hai sobre todo na beirarrúa dereita no sentido da circulación.

Fallan as lousas (por certo estes días se repararon algunhas), as gretas son continuas, os tocóns das árbores cortadas xa hai algún tempo seguen no mesmo sitio, o ancho da beirarrúa é bastante cativo, sobre todo cando as silveiras do muro da Estación crecen, que por certo, cando se presentou a moción se estaban limpando.

Pensamos que pode haber un problema de seguridade a respecto da baranda e por iso pedimos que haxa unha revisión técnica para que se repare naqueles lugares onde presente desperfectos e tamén ten unha inclinación excesiva o que dificulta o paso sobre todo daquelas persoas que teñen dificultades físicas, ou mesmo de persoas maiores.

Coido que tamén hai un importante problema que mesmo hoxe pola mañá seguía existindo como é a falla de tapas nalgúns pozos de rexistro o que é un evidente perigo, sobre todo para os rapaces pequenos cando están xogando.

Nós o único que pedimos é que se faga un proxecto, igual que fixo no seu momento a Corporación anterior, para humanizar esa rúa e insisto porque á parte do tráfico de vehículos ten un enorme tráfico de persoas. Que se dote a ese lado da beirarrúa por onde pasa moitísima xente, á parte de que se elimine a inclinación, cun ancho suficiente que permita o paso das persoas sen ningún tipo de problema. Tamén que se revise a baranda naqueles sitios, como dicía antes, onde, polo menos visualmente, presenta un aspecto bastante lamentable e que se repare. Ó mesmo tempo, no caso concreto dos tocóns das árbores, que se eliminen e se plante novo arboredo entroutras cousas porque non deixa de seren un obstáculo para os viandantes.

SR. IGLESIAS CARRERA: A Vía Norte foi motivo de distintas actuacións no transcurso do último semestre. Efectivamente a beirarrúa que baixa cara

Urzáiz xa foi ancheada e indubidablemente está moito mellor. Dende que eu lin a súa moción do 10 de febreiro xa se fixo algunha cousa nesa beirarrúa na que, por certo se detectou que os transeuntes que por alí circulan son moitos menos.

O tema da baranda está metido no plan de recuperación. A boca da que vostede fala é de nutrición de RENFE, de depósitos de gasoil e xa se lle requiriu a RENFE para que repoña a súa tapa. En canto á inclinación hai algunhas zonas nas que esa beirarrúa está un pouco voada pero xa está encargada a redacción dun proxecto.

Malia todo iso, indubidablemente para nós dentro da liña de prioridades non é a primeira rúa a actuar nela porque hai beirarrúas que están moito peor e non só beirarrúas senón drenaxes de cidadáns como poden ser os que estaban en Canadelo Baixo que gracias á actuación de Vías e Obras agora poden baixar por detrás das torres Ife.

En todo caso xa sabe que agora hai neste Concello un grupo de traballo para facer proxectos, que antes non había, e se lle ten encargado que estuden actuacións sobre esa beirarrúa da que a súa capacidade de ensanche nola ten que dicir Mobilidade e Seguridade.

Finalmente xa sabe que a Deputación actuou entre Travesía de Vigo e Escultor Gregorio Fernández e esta zona atópase perfectamente.

Sabe que a min non me gusta iso de humanizar porque as cidades teñen que estar humanizadas; do que se trata é de saber se as hai que pechar ó tráfico, saber qué aforo precisan porque esa é unha grande drenaxe dende a Travesía de Vigo cara Urzáiz.

A revisión do ancho está encargada. En canto ós tocóns efectivamente eu estou plenamente de acordo con vostede en que hai que cambiar a filosofía do tratamento cando se corta unha árbore, están xa moi avisados os de Xardíns porque ás veces curtan por embaixo, outras por enriba e eu xa lles indiquei que a partir de agora coido que hai unha nova maquinaria que vai permitir perforar axeitadamente e substituír a árbore inmediatamente se a estación metereolóxica e climática do ano permíteo. Moitas gracias.

(No momento da votación está ausente a Sra. Polo Lima)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, instando a reparación das beirarrúas da Vía Norte, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (72).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A IMPARTICIÓN DE FORMACIÓN DE HOSTALERÍA NO IES MANUEL ANTONIO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de marzo de 2005, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

"A evolución ininterrompida e os continuos avances que se producen no mundo laboral fan precisa unha formación e unha reciclaxe permanente, necesidades que concretamente desde o sector da hostalería se puxeron de manifesto ultimamente nos medios informativos.

O sistema educativo ofrece distintas respostas a estas necesidades de formación continuada e deste xeito a Lei 9/92 do 24 de xullo no artigo 2 apartado B, indica que a educación e promoción de adultos abrangue como campos fundamentais de actuación: *"A formación para o mundo laboral, considerada como aprendizaxe inicial que posibilite a inserción no mundo do traballo, así como a actualización e o perfeccionamento dos coñecementos que para o exercizo dunha profesión ou dun oficio esixa o cambio constante do sistema productivo"*.

Con relación aos centros a lexislación tamén determina que *"As ensinanzas de adultos poderán impartirse tanto en centros específicos de educación e promoción de adultos como nos centros ordinarios de ensino non universitario que autorice a Consellería de Educación"* coa esixencia dos requisitos mínimos fixados legalmente segundo a formación que se trate de impartir, tanto no referente aos centros como ao profesorado do mesmo.

Tamén, resulta de interese destacar do decreto os seguintes parágrafos:

"As ensinanzas para adultos atenderán á formación instrumental e básica, a laboral, a do lecer e a da cultura, de acordo coas seguintes características:

- a) *Posibilitarán a permeabilidade entre ensinanzas regradas e non regradas."*

No Concello de Vigo existe un centro público, o IES Manuel Antonio, que reúne todos os requisitos fixados legalmente, onde xa se están impartindo ciclos medios de hostalería, contando para iso coas mellores instalacións e profesorado, e que por este mesmo motivo a característica mais atrás subliñada de posibilitar a permeabilidade entre as ensinanzas regradas e non regradas cumpríase totalmente.

Por todo isto propoñemos para a súa aprobación polo Pleno o seguinte

acordo:

Que de acordo coa dirección do IES Manuel Antonio se solicite á Consellería de Educación a impartición de Formación continua de Hostalería neste instituto."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 29 de marzo de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MARTÍNS VILANOVA: A nosa moción ten por obxectivo aportar solución dende a nosa perspectiva para un problema que se puxo de manifesto nos últimos meses e que partía da reivindicación por parte dunha asociación de hostalería da posta en marcha e recuperación da antiga Escola de Hostalería que funcionou no seu momento no edificio do Berbés.

Coidamos que a un problema se lle poden dar diferentes solucións e as solucións que se lle dean non son alleas á ideoloxía de cada quen cando analiza ese problema.

Nós defendemos o ensino público e coidamos que con relación á fundamentación que se daba para a necesidade desa Escola de Hostalería hai unha solución que é a ideal porque aborda perfectamente a consecución de todos os obxectivos que se pretenden e que están marcados por diferentes leis e normas, a algunhas delas xa fago mención na exposición de motivos. Sería que se puxera en marcha a formación ocupacional no IES Manoel Antonio que é un centro que xa ten os ciclos formativos, ten na actualidade o ciclo medio de hostalería e vai ter para o ano próximo o ciclo superior.

Eu fago notar que hai diferente lexislación na que se contempla a necesaria coordinación entre as distintas modalidades de FP coma o ensino regrado, que é o que actualmente se está dando no Manoel Antonio, e tamén a formación ocupacional e a formación continua.

As demandas destes empresarios viñen da man da reivindicación da Formación continua en base a que existe unha necesidade de persoal con menor cualificación para funcións efectivamente de inferior categoría, porque a formación específica de grao medio e superior loxicamente tamén é desexable sobre todo se apostamos por un turismo de calidade que hai que ter xente formada, pero evidentemente somos conscientes de que as outras necesidades tamén están aí.

Non hai nada que impida que esa formación continua se dea no IES Manoel Antonio que xa conta con instalacións e recursos. Dende o ensino público é dende onde mellor se atenden estas demandas e onde se esixen uns requisitos

mínimos máis esixentes tanto en canto á formación de profesorado coma a instalacións, material e equipamento co que hai que contar. Aí xa está, xa conta con instalacións, hai boa disposición por parte do centro, aínda que coidamos que de non a houber habería que os convencer, e polo tanto a nosa aposta e en concreto o que propoñemos ó Pleno para a súa aprobación é que de acordo coa dirección do IES Manoel Antonio se solicite á Consellería de Educación a impartición da formación continua de hostalería nese Instituto.

SR. SOTO FERREIRO: Estou fundamentalmente de acordo co que acaba de dicir a Sra. Martíns, pero só quero ir un pouco máis aló, é dicir, a Escola de Hostalería Municipal fundouse cando non había ningún tipo de formación en Vigo que axudara a paliar ese problema, problema daquela grave para os hostaleiros. Hoxendía evidentemente temos o Instituto Manoel Antonio que en realidade está realizando esas funcións e na miña opinión, polo que podemos comprobar algúns corporativos, ben, con bo profesorado, con bo nivel de dirección, cunhas instalacións dignas e amplas e polo tanto con capacidade para facer cousas coma as que propón a Sra. Martíns e eu estou totalmente de acordo.

Pero tampouco hai porqué deixar esmorecer ambicións, inquietudes dalgunhas partes da sociedade. Se concretamente neste caso os hostaleiros se queren implicar en programas deste tipo ¿por qué non axudar a que o fagan? pero que o fagan no Manoel Antonio e en colaboración co profesorado e coa dirección do Manoel Antonio, polo tanto coas instalacións que alí teñen, coa dirección técnica e profesional que alí hai.

Estou a dicir que ó mellor, sabémolo todos, o ensino público ten moitísimas virtudes e quen fala o defende, pero ás veces ten algunhas carencias que poden ser complementadas. Ó mellor alí hai vinte máquinas extraordinarias, que as hai xa, pero ó mellor hai unha que poderían aportar os hostaleiros para non sei qué formación e unha solicitude a unha Consellería fai que tarde un ano.

Quero dicir que na nosa opinión se poden obter experiencias positivas desa colaboración e, sen prexuízo de que vou votar absolutamente a favor e ademais encantando porque de non a presentar a Sra. Martíns eu mesmo pensaba presentar unha moción semellante, eu si pediría que ese ensino na formación continua estivera aberto a que dende o ensino se teñan posibilidades obxectivas de prácticas con sectores sociais e neste caso, por exemplo, coa Federación de Hostalería para facer cursos que beneficien a todos.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Querería puntualizar unha cuestión que sacou o Sr. Soto; dentro da Formación Profesional na lexislación xa se contempla precisamente a posibilidade de convenios coas empresas privadas para levar adiante cantidade de cousas, iso está aí, non é excluín-te.

Sinxelamente engadir que en distintas lexislacións e en normativas europeas se insiste moito na necesidade da permeabilidade entre ensino regrado e non regrado porque non é o mesmo que unha persoa que non puido acceder a unha formación polas razóns que sexan, porque non quixo ou non puido, nun momento dado teña que facer unha preparación menos especializada, que estea nun centro onde existe esa outra formación máis especializada, élle moito máis fácil acceder posteriormente a ela que se se fai de costas a esa realidade.

(No momento da votación está ausente o Sr. Arias Moreira)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, relativa a impartir formación contínua de hostalería no IES Manuel Antonio, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (73).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Ó PROXECTO DE LEI DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de marzo de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, formula a seguinte moción:

"O día 27 de xaneiro do ano que andamos tiña entrada no Parlamento de Galicia o proxecto de Lei de creación da Área Metropolitana de Vigo, presentado pola Xunta de Galicia.

Os antecedentes deste proxecto parten da declaración de Soutamaior, en novembro do 1999, onde os alcaldes dos concellos membros da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV), estabelecen un plano de acción de cara á constitución da Área Metropolitana de Vigo. Dito plano de traballo,

unha vez incorporados os alcaldes de Moaña e Cangas, permite en xuño do 2000 e no Pazo da Touza elaborar e aprobar as bases para a redacción do borrador da lei de creación da área metropolitana.

A partir de entón desenvólvese unha actividade sen precedentes para conformar a futura área, tendo como eixos fundamentais:

- definir aqueles servizos que a futura Área Metropolitana está interesada en prestar á súa cidadanía,
- asegurarse os recursos económicos necesarios para a súa posta en marcha e desenvolver os servizos a prestar,
- buscar aquelas fórmulas de estrutura orgánica áxil e eficaz garantindo, ao mesmo tempo, a representación dun xeito integrador.

A lectura con detemento do articulado do proxecto de lei e as distintas situacións que teñen os concellos que van conformar a Área Metropolitana, non clarifica aspectos esenciais para o desenvolvemento do funcionamento de dita Área Metropolitana, así como dos servizos que pretende prestar.

Á vista da situación que se pode xerar se non se teñen en conta as diversas realidades e as necesidades da propia Área Metropolitana, o Grupo Municipal do BNG propón, ao Pleno da Corporación Municipal do Concello de Vigo, a seguinte resolución:

Instar ao Parlamento Galego que no período de discusión do proxecto de lei da Área Metropolitana de Vigo teña en conta os seguintes aspectos:

1. Deixar ben claras as fórmulas de financiamento coas que se pode dotar á Área Metropolitana para prestar os servizos que asuma.
2. A futura Área Metropolitana asumirá as competencias referentes ao servizo contraincendios, salvamento e protección civil.
3. No referente ao transporte público, e nas súas diversas modalidades, recoller a necesaria coordinación entre a Área Metropolitana e a Xunta de Galicia, nomeadamente aquel que ten incidencia na propia Área pero esta non ten competencias sobre el.
4. A necesidade de artellar formulas que, facendo fronte ás distintas realidades dos concellos, permitan dun xeito non traumático e paulatino, integrar os servizos prestados actualmente por cada concello, a xeito de non gravar a estes nen a propia Área Metropolitana e, sobre maneira, á cidadanía."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 29 de marzo de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: O día 27 de xaneiro deste ano tiña entrada no Parlamento de Galiza o Proxecto de Lei da creación da Área Metropolitana presentado pola Xunta de Galiza. Este proxecto tivo importantes incorporacións, borrador tras borrador polas aportacións dalgúns concellos.

Coido que este era un proxecto longamente agardado por todos os Concellos que neste momento integran a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo máis Cangas e Moaña que se engadiron posteriormente a este proxecto e polo tanto coido que tamén é unha demanda de que isto sexa unha realidade.

Nunha análise detallada do proxecto observamos determinadas inconcrecións que coido están na mentalidade de todo o mundo, manifestáronse ó longo de todo este proceso ata que se chegou ó Proxecto de Lei. En concreto hai catro aspectos que nos semellan importantes e do que se trata non tanto de suplir debate no Parlamento Galego como instar ó Parlamento Galego a que teña en conta estas demandas, estas sensibilidades e que as concrete.

Insisto en que hai un aspecto que é fundamental e necesario como é que no propio Proxecto de Lei hai unha inconcreción moi grande a respecto do financiamento da Área Metropolitana sobre todo no derivado ó resto das administracións. Así coma está moi claro o que teñen que aportar os Concellos, mesmo a posibilidade de cobrar taxas por determinados servizos, o incremento do IBI, non está nada concreta a aportación da Xunta de Galiza e evidentemente moito menos da propia Deputación Provincial aínda que logo é curioso que si se fai partícipe nun dos órganos da propia Área Metropolitana.

Parécenos importante porque, en primeiro lugar, un proxecto desta envergadura no caso concreto de Galiza non temos onde mirármonos e polo tanto non podemos contrastar experiencias; mesmo dentro do propio Estado hai dificultades porque non hai un proxecto deste tipo. Hai determinados consorcios onde se prestan determinados servizos pero non destas características.

Polo tanto seméllanos moi importante que no propio debate parlamentario quede moi concreto coma vai ser o financiamento por parte da Xunta de Galiza a respecto desta Área. Insisto que esta é unha inqueda que se manifestou ó longo de todo este proceso e mesmo recentemente por parte de varios Concellos por non estar nada claro.

Hai outro aspecto que nos semella fundamental e que debera ter en conta este proxecto, nomeadamente porque mesmo se pode producir unha situación de desequilibrio, xa non quero utilizar outra palabra, como é a creación dos parques de bombeiros mediante a fórmula de consorcio que é curioso que no caso concreto da delimitación territorial da área metropolitana estase creando un nestes momentos, dentro dun Concello da Área Metropolitana, e entendemos que cando menos non equipararía a situación que neste momento se

dá porque no caso concreto do Concello de Vigo estase prestando ese servizo a outros Concellos.

Polo tanto nós o que coidamos é que a área metropolitana, mediante a fórmula máis axeitada que se busque, evidentemente, debe ter a competencia referente ó Servizo contra incendios, salvamento e protrección civil.

Un terceiro aspecto que coidamos importante e ademais é onde máis se traballara na anterior Corporación é a elaboración dun plan de transporte para a área metropolitana, pero hai un problema e nós o único que pedimos con esta moción é esa necesaria coordinación por unha sinxela razón, é certo que se trasladan as competencias á área metropolitana no que respecta ó transporte público, ben sexa terrestre ou marítimo no caso concreto do transporte da ría, pero sempre que teña orixe e destino dentro do propio territorio da área metropolitana. Pero ¿qué pasa con aquelas liñas que ademais nalgúns concellos son as máis importantes, que teñen a súa orixe e/ou destino fóra da área territorial? Aí a área metropolitana non ten competencia e a nós parécenos fundamental que haxa a maior coordinación coa Xunta de Galiza nese tipo de transporte, onde a área metropolitana non ten ningunha competencia.

Por último hai un aspecto que posiblemente nunha lectura rápida non se tivo en conta pero haino que facer e hai que prever o que pode pasar cando xa sexa realidade a área metropolitana. ¿Qué vai pasar con aqueles servizos que se están prestando por parte dos distintos Concellos que van compoñer a futura área metropolitana pero que están prestando de diverso xeito? Podo poñer o exemplo do servizo da recollida do lixo, por poñer un caso.

En determinados Concellos que se van integrar ou que van formar parte desta área metropolitana xa nestes momentos teñen un déficit enorme, ¿quen vai asumir ese déficit? ¿cómo se vai facer esa integración deses servizos á área metropolitana? ¿vai a área metropolitana a absorber esa débeda que nestes momentos ten ese servizo? Ese servizo que está mancomunado por determinados Concellos, uns quedarían dentro da área metropolitana e outros fóra, ¿os Concellos que quedan fóra van asumir toda a débeda dese servizo que se está prestando nestes momentos?

Nós pedimos, e aí o Parlamento debe ser extremadamente coidadoso, que se busquen as fórmulas necesarias para que non haxa ningunha distorsión e ó final e en definitiva, que coido que é o que nos interesa, a cidadanía, ben de Vigo ou de calquera outro Concello dos integrantes da área metropolitana, mesmo dos que están fóra, teñen que asumir unha carga que, por non o ter en conta no primeiro momento, distorsiona.

O único que pedimos é instar ó Parlamento nestas catro cuestións que para nós son básicas.

SR. SOTO FERREIRO: Benvidos, noraboa polo cambio. Hai que ver coma ás veces o cambio de equipos de persoas, sendo o mesmo Grupo político, leva a talantes distintos á hora de enfocar unha política.

Desgañiteime e quedei só cando dixen que o Concello de Vigo podía e debía dar a súa opinión ós Grupos parlamentarios galegos sobre qué facer na área metropolitana. Quedamos sós o Partido Galeguista daquela, agora felizmente dou a benvida e noraboa a ese novo talante do Bloque porque é enormemente positivo, entroutras cousas porque xa o dixen daquela que perdemos un tempo precioso, non vai ser o Parlamento galego quen de resolver cousas coma estas porque alí se van repetir políticas do "pim, pam, pum", así de claro. Ou os Concellos somos quen de axudar a facer unha presión razoable para que o Parlamento galego, en temas que nos atinxen tan directamente coma este, escoite as nosas opinións previas ou senón se vai facer alí a política de xordos que están a facer desgraciadamente os tres partidos no Parlamento Galego.

Polo tanto eu quérome engadir ó contido fundamental da moción do Bloque porque era o que nós pediamos facer hai non tantos meses, agás no tema do salvamento e se mo permiten sobre este tema vou dar a palabra ó meu compañeiro, Xulio Alonso, porque el sabe disto máis ca min.

Nos demais temas no nosa opinión falta un que non sei porqué non se atreveron a entrar nel e sen medo, se me permiten a expresión, porque semella un estraño tabú e é a configuración da área metropolitana. Hai Concellos que non van formar parte da área metropolitana que queren, formar parte dela, cónstame polo que din os seus Alcaldes, están formando parte da área sociolóxica do que é normalmente e en traballo diario a área metropolitana de Vigo e así o dixen noutra intervención. Xentes que son doutros Concellos e veñen traballar aquí, empresarios que son aquí e están traballando noutros Concellos, polo tanto necesidades de transporte que hai que cubrir decote e doutros non sei cantos servizos máis. Habería que ir á antiga provincia de Vigo, que foi no seu día refrendada polo Instituto de Estudos Vigueses coma a mellor conformación da delimitación da área metropolitana.

Dito iso e que asumimos as peticións que fan, con esa eiva que teñen, voulle dar a palabra ó meu compañeiro, Sr. Alonso, porque coidaba que sabe máis, con todos os respectos, que calquera de nós do tema de salvamento.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Coma xa dixo o meu compañeiro estamos de acordo no tema pero no punto 2 onde pon "Servizo contra incendios, salvamento e protección civil", nós pensamos e sabemos que o tema de salvamento, Sr. Viéitez, non pode ser acaparado xamais por unha área metropolitana porque este é un organigrama montado a nivel nacional e falo sempre de salvamento no mar e tendo en conta que temos transporte público entre O Morrazo e Vigo e moitos barcos deportivos e de todo tipo. Hai un organigrama montado polo servizo de salvamento que vai conectado ós radios satélites, ós radios balizas, etc., mesmo a propia Autoridade de Vigo xa ten montando tamén un sistema propio de salvamento e por iso nós non podemos chegar a problemas de competencia, que se é competencia da Xunta, que se da Autoridade Portuaria, etc.

O tema de salvamento é moi serio, máis do que moita xente cre e dende a experiencia que teño no tema (coido que bastante) digo que cantos máis estamentos haxa polo medio é peor. O salvamento ten que estar rexedo única e exclusivamente por un só estamento e coido que debería ser polo salvamento nacional, mesmo non pola Xunta que acaba de botar agora novos barcos de salvamento na ría.

Por iso dígolle de novo que coidamos que de ningún xeito pode ser que a área metropolitana teña as competencias de salvamento, nin tampouco a Xunta, iso ten que estar montado coma está.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Quizais o primeiro que hai que salientar sobre este tema do que falamos abondo neste Pleno é que obviamente non tivemos moito éxito cando na Xunta de Voceiros para o Pleno do mes de novembro, acordáramos que o pronunciamento deste Concello non fora en concreto sobre puntos detallados da Lei, con alegacións concretas, senón que o que se ia pasar á Consellería de Xustiza eran as intervencións globais de cada Grupo municipal onde se fixeran as oportunas aportacións de carácter xenérico e que obviamente sería bo que a Consellería de Xustiza as tivera en conta antes da súa presentación definitiva no Parlamento galego.

Semella que non tivemos moito éxito sobre todo no primeiro punto, no tema do financiamento no que todos insistimos que era o tema máis grave, quedaba realmente no ar todo o que significaba o compromiso financeiro por parte da Xunta de Galiza e da Deputación. Nese sentido coido que non estaría mal que voltásemos incidir nese tema, á marxe obviamente de que cada Grupo parlamentario xa presentou as súas alegacións, pero o que abonda non é malo

e sobre todo cando non nos fixeron caso nun primeiro achegamento. Sen entrar en concreto nas alegacións, coido que a algunha importante si paga a pena que fagamos referencia.

Obviamente nós fixemos os deberes, coordinámonos co Grupo parlamentario e unha das incidencias foi precisamente que se fixeran modificacións ó respecto do financiamento e por iso facemos varias contribucións nese punto, sobre todo polo que se refire a concretar a aportación económica da Deputación Provincial e da Xunta de Galiza. A aportación que por unha parte no artigo 24.d semella que está asegurada no caso de que haxa servizos transferidos dende esas administracións; este artigo a ese respecto é claro, di que se hai transferencias deses servizos, vai co financiamento correspondente, pero non así para todo o que supoña facer contribucións de carácter non finalista que queda totalmente no ar nese punto 24.d. Aí facemos algunha alegación concreta que non pretendo que se aprobe pero que en todo caso se saiba que hai unha aportación, unha petición concreta de que tanto da Deputación coma da Xunta de Galiza con cifras, con porcentaxes, haxa unha participación clara para todas esas contribucións de carácter non finalista.

Tamén engadimos un novo apartado no punto 24 no que se prevé a participación, no seu caso, en tributos do Estado e da Comunidade Autónoma coma outra posibilidade financeira.

Respecto ó punto 2 da moción, que por suposto imos apoiar na súa globalidade, no tema de extinción de lumes coido que coincidíramos todos naquel Pleno e é outro dos temas nos que non nos fixeron ningún caso, aínda que supoño que de todos os xeitos o farán. O que en efecto eu non comparto non é só o tema de salvamento, senón en todo caso o tema de protección civil que está contemplado a nivel de lexislación de xeito moi diferente nas cidades e nos pequenos concellos e que en todo caso iso suporía unha modificación moi profunda da organización deses servizos.

No punto 3º quedoume agora claro pola intervención do Sr. Viéitez a qué se refería coa "necesaria coordinación" porque en efecto o artigo 10.2 da Lei fai referencia precisamente a iso, á coordinación entre todas as liñas de transporte urbano e interurbano, incluíndo por primeira vez o transporte marítimo que no noso caso é absolutamente fundamental, pero en efecto limita aquel transporte que teña orixe ou destino nos Concellos da área metropolitana. Non está demais polo tanto a incidencia que non estaba na moción, coido que é un tema que hai que clarear para facer aplicación desa

coordinación que a Lei xa contempla tamén a aquel transporte interurbano cuxa orixe ou destino non sexa un concello da futura área metropolitana.

Dicir tamén que nese punto, como en principio a proposta da Lei é subrogar á área metropolitana aquelas concesións cuxa titularidade corresponda á Xunta, nós engadimos nese punto, en concreto no artigo 10.3, un mecanismo que coido vital de compensación económica á área metropolitana por parte da Xunta no caso de que as obrigas e cargas de ditas concesións superen os beneficios xerados polos dereitos ata a fin da concesión transferida, é dicir, unha salvagarda para aqueles casos nos que non exista ese equilibrio. Evidentemente coma é un compromiso anterior da Xunta, que se salve a área metropolitana de ter que sufrir ese posible prexuízo económico.

É algo semellante ó que facemos tamén en propostas concretas no punto 4 respecto a posibles débedas de servizos que poidan ser unha herdanza moi negativa para a área metropolitana que é o que se contempla no punto 4.

Dicir polo tanto que hai moito que facer nese debate parlamentario, ogallá haxa unha decisión política profunda do Goberno da Xunta de Galiza nestes intres de poñer en marcha a área metropolitana, pero non vai ter ningunha credibilidade política se non se modifica fundamentalmente e non se concreta o tema do financiamento porque obviamente aí é onde está a cerna, o futuro éxito da área metropolitana vai depender fundamentalmente dese punto e por iso esperamos que no debate que se faga no Parlamento de Galiza todos incidamos e aquí tamén o Grupo de concelleiros do Partido Popular ten un papel importante para evitar o que xa está presentado o compañeiro do Partido Galeguista, Sr. Soto, de que vexamos neste tema algo de cidade, un obxectivo fundamental de toda a área metropolitana e que todos os Grupos políticos procuremos o mellor desa área metropolitana sen respostar a criterios que ó mellor respostan a unha situación moi concreta, de poder concreto nun determinado intre nunha institución, pero que ó mellor cambia nunhas futuras eleccións.

Coido que non temos que pensar nese tema, temos que pensar no mellor para a área metropolitana e nese sentido esperamos e confiamos que o Partido Popular tamén contribua a que saia este proxecto claramente mellorado no debate parlamentario.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Clarexar que no tema de salvamento moitas veces se nos vai a mente a salvamento marítimo e nós temos ben claro que esa é unha competencia estatal. Non pedimos esa transferencia, nin moito menos,

entroutras cousas porque sería inviable. Estamos falando de salvamento derivado da loita contra lumes, que quede claro.

Sr. Soto, non é un cambio de talante senón que ás veces cando na documentación non está todo o que debera é difícil formarse opinión, pero se resulta que hai un papeliño da Consellería de Economía e Facenda, do día 29 de novembro, o mesmo día que houbo aquí un Pleno, é normal que ninguén tivera coñecemento, pero un escrito derivado da Consellería de Economía e Facenda que di: "...A Disposición adicional sexta da vixente Lei de orzamentos xerais establece a obrigatoriedade de que as iniciativas legislativas que comporten incremento de gasto vaian acompañadas da correspondente memoria económica financeira. Coma neste caso non se aporta a devandita memoria entendemos que o Anteproxecto remitido non implica orzamento de gasto".

Para nós en concreto foi aquí onde nos saltou a alarma porque efectivamente isto ten unha clara intencionalidade, posiblemente sexa a de crear a Lei, mellor dito, a de votar e aprobar o Proxecto de lei da área metropolitana e aí quedou. Coido que iso, derivado sobre todo deste papel, nós non o debemos permitir e debemos trasladarlle ó Parlamento Galego a necesaria inquedaanza que ten este ou outros Concellos.

SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar agradecer a explicación sobre o salvamento e así debe constar para que non produza a confusión que nos produciu a nós, polo tanto os elementos que vostede presenta son positivos. Se me di que non hai cambio de talentos eu acéptollo, pero en todo caso pasan vostedes a dicir que nós cheirabamos o que ía acaecer e vostedes nin iso, porque o resultado é o que é. É dicir, o resultado final é que nin se contempla o financiamento, cousa que todos receabamos pero que ninguén se atrevía a concretar, nin se contemplan transferencias que debían estar xa contempladas aí.

Vostede pon unha serie delas que me semellan moi ben e a de contra lumes seméllame capital, pero eu lle dicía unha pequeniña que non sei se é capital pero lle dá un problema enorme a todos os Concellos que é o tema do laceiro e qué tratamento dar ós animais descarreirados e qué tratamento darlles logo. Iso, que semella unha cousa pequena e que eu sei que é un problema serio para moitos Concellos, non se contempla nesta área metropolitana. Coido que é unha parvada porque logo os camiños para lle dar novos contidos son tortuosos. Esa é outra, daí en adiante para poder

modificar algo ¡Deus meu!, coido que é moi forte, para min é unha das cousas que habería que modificar.

Insisto, dita a explicación sobre o salvamento nós votámoslle a súa moción. Agora, dito isto tamén pregúntolles se non sería máis conveniente que nos xuntásemos os catro Grupos a facer unha elaboración máis integral das modificacións que quixeramos facer sobre a área metropolitana e trasladarllas coma Corporación ó Parlamento Galego, ós Grupos parlamentarios de Galiza.

Se os demais asumiran este tipo de compromiso con Vigo e co nacemento da súa área metropolitana, coido que mellor sería para todos.

Nós ímoslle votar esta moción porque dada a explicación que nos deron iso é bo e rematou; pero tamén lles pediría neste caso a comprensión a todos de que sería mellor se somos quen de mandar unha soa voz coas ideas que queremos mandar. Polas intervencións que eu lle escoitei no seu día ó voceiro do Partido Popular, tamén eles falaban do financiamento, confiaban en que iso se arranxase: o PSOE hoxe ven do dicir de distintos xeitos... Se todos dicimos cousas tan semellantes en temas tan fundamentais ¿por qué non as poñemos en conxunto? Alá vostedes.

A PRESIDENCIA: Teño que dicir que o último borrador foi consensuado polos 14 Concellos. Coma introducción hai que dicir tamén que no Parlamento Galego xa se pechou o prazo de presentación das emendas, polo tanto agora dependemos da boa disposición dos Grupos que é o que temos que facer uns e outros.

Nós pensamos que vai ser bo todo o que se trate de enriquecer o documento e polo tanto imos votar a favor.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, coma vostede acaba de dar unha argumentación permítame só unha pequena intervención.

Ten vostede razón, formalmente está rematado o prazo de emendas e ademais o Concello de Vigo non ten capacidade de emendar nada; pero de lle facer saber coma Concello de Vigo ós tres Grupos parlamentarios o que o Concello de Vigo quere si, agás que vostede estea a fuxir porque pense que lle compromete o que se poida dicir aquí, cousa que entendería, pero tamén entenda que eu o que si quero é puxar a que a área metropolitana naza doutro xeito, tente exprimir todas as posibilidades para que a resolución saia do mellor xeito posible.

Se vostede quere traballar pola área metropolitana e por Vigo, a fórmula mellor posible é que Vigo lle diga á Xunta de Galiza e ós tres Grupos parlamentarios que é o que quere. Se vostede o que quere é defender ó Partido Popular de Galiza a súa postura é moi correcta.

A PRESIDENCIA: Penso que non está a entender, estou defendendo a área metropolitana que tamén presido e coa que adquirín un compromiso ademais de con dous concellos máis que son Cangas e Moaña. Non estou a defender os intereses do Partido Popular, estou aquí única e exclusivamente a defender os intereses da futura área metropolitana e penso que estamos de acordo precisamente en mellorar ese documento e que veña o financiamento.

O único que quero lembrar aquí hoxe é precisamente que todo o que sexa enriquecer ese documento imos estar de acordo e hoxe aquí todos ímonos pronunciar nunha dirección para mellorar ese documento, pero o que non podemos facer é outra ponencia paralela á propia da área metropolitana. Polo tanto coido que isto está claro. Imos votar esta moción nesa dirección.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, relativa ó proxecto de Lei da Área Metropolitana de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (74).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A DERRUBA DE PALCO E ARRANXO MURO NO CAMIÑO DA DEVESA EN CANDEÁN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistiro Xeral do 23 de marzo de 2005, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

"Os case cinco mil veciños e veciñas que viven en Candean séntense dende hai tempo como se a súa parroquia non formase parte deste Concello, non porque eles non se sintan vigueses e viguesas, senon pola falla de interese que demostra este Goberno Municipal ante os múltiples problemas e deficiencias que padecen.

Un destes problemas é o estado do palco da música da AA.VV. de Candeán, edificado nos anos 80. A súa ubicación e arquitectura son un atentado urbanístico e medioambiental, xa que impide a vista sobre o val. Construído para realizar actuacións ao aire libre, nos últimos anos está sendo infrautilizado, realizándose unicamente unha ou dúas anuais.

Hai uns anos que apareceron unhas fendas verticais nos peches laterais. Ante o perigo de derrube a Concellaría de Participación Cidadá solicitou un informe aos técnicos de Urbanismo deste Concello, que se emitíu en xullo do 2003. O informe, tras facer un análise pormenorizado das deficiencias que presentaba, remata dicindo que **unha vez comprobado o estado da estrutura considera necesario proceder a súa derruba**. Por parte da Concellaría de Participación Cidadá iniciouse o trámite correspondente e con data 13 de abril do 2004 a AA.VV. presentou a petición oficial de derruba urxente.

A día de hoxe os nenos seguen a xogar a súa beira, as fendas son maiores e os veciños están convencidos de que mentres non aconteza unha desgraza o palco continuará no seu lugar.

Na mesma parroquia o muro de pedra que pecha as instalacións deportivas que ten o Celta na Madroa, de titulariedade municipal tamén amenazan derruba. Hai máis dun ano ao ver o mal estado en que se atopaba, dende o Concello procedeuse a colocar un balado metálico e encargouse un informe aos técnicos municipais. Por parte da AA.VV. en febreiro do 2004 presentouse en rexistro unha petición de arranxo. Actualmente algunha vala segue no seu lugar e outras desapareceron e a xente segue camiñando ó seu carón. Hai unhas semanas, da parte superior do muro desprendeuse unha pedra de gran tamaño, afortunadamente o feito non tivo maiores consecuencias xa que nese intre ninguén pasaba por alí.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Que se proceda de xeito inmediato á derruba do palco de música da AA.VV. de Candeán.
- 2.- Que se inicie á maior brevidade o arranxo do muro de contención sito no camiño da Devesa-Candeán, que pecha as instalacións deportivas que ten o Celta na Madroa."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 29 de marzo de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Para que quede clara a situación desta proposta, nós ultimamente coma Grupo municipal estamos a facer un labor que é o de trasladar a actividade política periodicamente ós distintos barrios e parroquias de Vigo.

Está sendo unha experiencia moi enriquecedora porque estamos escoitando peticións moi concretas, sensatas e danos a oportunidade de poder defender de xeito directo as peticións que nos achegan os distintos colectivos das parroquias.

Unha destas visitas fíxose á parroquia da que son eu veciño e dalgún xeito a miña compañeira, Sra. Méndez, que era quen tiña que a defender, por imposibilidade de estar neste Pleno non o puido facer, pero eu me sinto moi honrado de poder facer esta explicación inicial dicindo que este traballo nos permite concretar o que piden, ademais son tan sinxelas as peticións que moitas veces fan os colectivos que é increíble que non estean feitas. Neste sentido vai esta moción.

En Candeán, á parte das moitas necesidades que pode ter calquera parroquia de Vigo que algunhas se van solucionando e outras non, hai dúas que preocupan de xeito considerable á Asociación de veciños, unha é a derruba do palco da música. Algún dos Concelleiros que imos alí ós actos vimos que é certo e coidabamos que isto xa estaba practicamente feito porque é perigoso que un palco que ademais algunhas fines de semana está tendo unha utilización inaxeitada, se derrube.

Hai un segundo punto que lles propoñemos. No pasado mandato fíxose unha beirarrúa porque sabiamos o perigo que había, pero rematada a beirarrúa precisamente os técnicos do Concello detectaron durante esa obra que hai un muro que está sostendo uns campos de fútbol que son de propiedade municipal, e aproveito para lles dicir algo do que me enterei e neste punto hai que modificar só unha frase e en troques de dicir "que ten o Celta", ten que dicir "que utiliza o Celta", porque as propiedades son municipais. Polo que solicitamos e propoñemos que nos voten a favor se así o consideran oportuno, que se inicie coa maior brevidade o arranxo do muro de contención sito no camiño da Devesa-Candeán que pecha as instalacións deportivas que utiliza o Celta na Madroa.

Coido que son dúas cousas asumibles. O do muro vai ser máis de facer un proxecto porque efectivamente é un muro de considerables dimensións e ten unha lonxitude de certo porte e polo perigo que está a supoñer e os valados que levan dende o final do mandato anterior que foi cando se detectou esta modificación da estrutura do muro, fan necesario que non se demore máis a súa reparación.

SR. SOTO FERREIRO: Con enorme brevidade para dicir que ten toda a razón o Sr. Fernández e eu que tamén vin eses temas quedei altisimamente preocupado sobre todo polo tema do muro que ten alí uns pequeniños valados diante pero que iso pode non impedir unha desgraza se cae un día e alguén pasa por aquela xa estreitísima beirarrúa.

Polo tanto subliñar as palabras do Sr. Fernández, aquilo ten un perigo eminente e coido que lle deben meter man o máis axiña posible.

O do palco xa o dixo el tamén e é algo que eu tamén puiden comprobar. Así só estou tentando subliñar todo o que o Sr. Fernández con bo siso dixo e en todos os sentidos.

SR. COUTO PÉREZ: Sr. Fernández, dicirlle que evidentemente se tomaron as medidas axeitadas, asinouse xa concretamente a orde de derruba do palco e polo tanto o que se vai facer e derrubalo parcialmente e conservar a plataforma coma así mo fixo saber onte mesmo o Presidente da Asociación que se atopa hoxe na sala.

Polo tanto, segundo informe que obra no meu poder do técnico correspondente de xullo de 2003, ten unhas fendas verticais e evidentemente reviste un perigo bastante considerable. Coma vostede ben dixo antes o palco está infrautilizado e ademais alí se producen outro tipo de actividades que non fai falla mencionar.

Isto se vai levar a cabo, de houber persoal, pola Concellería de Vías e Obras e se non se contratará a unha empresa para levar a cabo esta derruba que vai ser inminente.

En canto ó segundo punto da súa moción dicir que eu mesmo aínda estiven onte alí. É unha zona moi perigosa, é un muro que sustenta as terras do campo do Celta e polo tanto tamén se tomaron xa as medidas oportunas para que iso se arranxe de xeito inmediato.

Votámoslle a favor a súa moción como non podía ser doutro xeito.

Rectificación formulada pola concelleira Sra. Méndez Piñeiro durante o curso do debate:

Cambiar no texto do apartado 2º da moción a frase "que ten o Celta na Madroa" por "que utiliza o Celta na Madroa"

Vótase a moción coa rectificación antedita formulada pola Sra. Méndez Piñeiro.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Figueroa Vila, López-Chaves Castro e Ruiz Cenicerós e a Sra. Molares Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteun membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

S.Ordinaria 01.04.05

ACÓRDASE:

Primeiro.- Que se proceda de xeito inmediato á derruba do palco de música da AA.VV. de Candeán.

Segundo.- Que se inicie á maior brevidade o arranxo do muro de contención sito no camiño da Devesa-Candeán, que pecha as instalacións deportivas que utiliza o Celta na Madroa.

20.- (75).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á PETICIÓN DA ASOCIACIÓN DUN LOCAL PARA ASOCIACIÓN DA 3ª IDADE QUIÑONES DE LEÓN.

ANTECEDENTES.- A concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Sío Lourido, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de marzo de 2005, formula a seguinte moción:

"A Asociación da 3ª Idade Quiñones de León desenvolve as súas actividades na zona de Castrelos-Balaídos, dende o ano 1993.

Hai varios anos o local minúsculo que ten alugado, onde centran toda a súa actividade, quedoulles pequeno para a participación do colectivo ao que pertencen unhas 1000 persoas maiores, que seguramente poderían ser máis se dispuxesen das instalacións adecuadas.

As peticións deste colectivo sobre a cesión dun local por parte do Concello veñen dende hai tempo e aínda non foron atendidas.

Dende o Grupo Municipal Socialista sabemos das dificultades que existen para dispor de locais para a cesión ás asociacións, pero cremos que o numeroso colectivo de persoas maiores ao que representan e o número de actividades que realizan xustifica que esta petición sexa atendida.

É por iso que presentamos a seguinte moción:

Instamos ao Goberno Municipal a que atenda a petición da Asociación da 3ª Idade Quiñones de León dun local adecuado para o desenvolvemento das súas actividades."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 29 de marzo de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. SÍO LOURIDO: Esta moción é moi sinxela. Coido que todos coñecemos a Asociación da terceira idade "Quiñones de León" pola cantidade de persoas ás que representa que son perto de mil e ademais pola cantidade de actividades que desenvolve.

Dende o noso Grupo municipal sabemos da dificultade para acadar locais para as asociacións e das moitas asociacións que piden locais para desenvolver as súas actividades, pero esta Asociación ven facendo as súas peticións dende hai moitísimo tempo e coidamos que defende un colectivo, atende peticións e desenvolve actividades cun numeroso colectivo de persoas maiores.

Polo antedito presentamos a seguinte moción instando ó Goberno municipal a que dote a esta Asociación dun local axeitado para o desenvolvemento das súas actividades. Nada máis, é unha moción moi sinxela.

SR. SOTO FERREIRA: Amiga, Sra. Sío, amiga ademais no sentido máis lato da palabra, eu teño un profundo respecto polo traballo que vostede desenvolveu coma concelleira nos temas sociais e polo traballo que ven desenvolvendo. Logo de dicir isto e para que me escoite unha crítica que lle vou facer agora e que non a poida confundir en ningún sentido co que eu penso de vostede, déixeme dicirlle que seica todos os Grupos políticos recibimos a todas estas xentes que traballan con tanta abnegación e con tantas ganas por este tema.

Algúns démoslles unha resposta e outros outra. É dicir, a min pareceríame moi ben votar a favor disto se eu tivera unha posibilidade diante da faciana de que realmente isto se vai poder facer, pero eu dende logo xamais, non o fixen na miña vida e non o vou facer agora tampouco, alentarei ou dareille falsas esperanzas á xente para que vaian pensar que se lle votamos a favor isto se vai facer mañá. Nin mañá, nin pasado, nin non sei cando porque eu non teño ningún prazo posible agás que o Goberno me diga que vai mercar un local, ou que vai facer unha obra e entón nun prazo determinado, un ano ou dous, vai ter local.

Entón eu me calo, mesmo podería dicir a continuación ¿sería xusto xerarquizar qué tipo de locais hai que facer en Vigo, en todos os barrios de Vigo e con qué tipo de obxectivos? ¿ou imos facer locais por petición? Conste que os señores que o fan teñen todo o mérito e todo o dereito do mundo a facelo porque teñen unha asociación importante que non ten unhas instalacións axeitadas. Vaia isto por diante pero eles están no seu deber, están na súa obriga e no seu rol; o problema é que nos situemos nós coma corporativos no noso rol e coido que nós coma corporativos temos que facer dúas cousas. En primeiro lugar invito a que fagamos isto: que nos sentemos os catro grupos, fagamos unha programación integral de qué tipo de locais

se precisan en Vigo e en qué prazos se poderían ir abordando, entón podería ser verdade.

Agora ben se isto votámolo así será un absoluto "viva Cartagena", dito sexa con todos os respectos, e nós que somos o partido máis pequeno de todos xa sabemos que con estas cousas se tiras para diante de calquera maneira seguramente ganas votos que o rigor lamentablemente de momento non adoita os dar.

Dende logo nós que non temos nada en contra do que di, senón que todo a favor pero dubidamos seriamente que se poida facer por todo o que lle dixen, terémonos que abster.

Agora ben, se vostede quere meter isto nun camiño de solución global debido, é dicir, vendo qué tipo de locais hai e ese é un deles sen ningunha dúbida, na miña opinión, pois xerarquicemos, digamos con qué recursos podemos contar e en qué prazos e entón estaríamos encantados de votarlle a favor.

SRA. SIO LOURIDO: Agradecendo tamén, Sr. Soto, o seu labor de oposición nesta Corporación, conxunta coa nosa, quérolle dicir que esta cuestión lle corresponde resolvela ó Goberno da cidade e non a nós. En principio o que nós estamos a facer é reiterar unha petición que se fixo en numerosas ocasións ós que estabamos antes no Goberno e ós que están agora e que é un problema que ten esta Asociación para o desenvolvemento das súas actividades, que as desenvolve igual pero ó mellor non coma debería.

Por iso é esta moción, para que non se nos esqueza. Seguramente si hai que facer, coma vostede di, un plan de locais para as asociacións e non coma se fixo hai moito tempo nesta cidade, senón doutro xeito. Pero coma lle digo iso correspóndelle ó Goberno porque non está ben feito e non están ben distribuídos. Nós podemos axudar se se quer, pero tampouco é esa a cuestión neste momento, sinxelamente é que, na medida do que se poida e cos locais que haxa pola zona, se lembren desta Asociación que está aí hai tempo, pero coma dixen antes hai outras moitas, nada máis ca iso.

SRA. IGLESIAS BUENO: Sra. Sío, por un lado agradezo a súa moción porque aínda que polo xeral a Xunta de Goberno Local ten a competencia para a cesión dos locais e estamos precisamente nestes momentos na busca dun local para esta Asociación, por outro lado tamén me pregunto a qué xogan vostedes. Non sei a que xogan porque me estraña que logo de que o Grupo municipal do Partido Popular presentara unha moción hai dous anos e vostede

sendo concelleira de Benestar Social votou en contra; pediamos exactamente o mesmo, a redacción é semellante e tanto o PSOE coma o BNG votaron en contra de que lle deramos un local á Asociación "Quiñones de León".

A miña pregunta é ¿a qué xogan? Porque nós seguemos pensando o mesmo, seguemos tentando buscar un local para esta Asociación. Antes eramos oposición e agora somos Goberno e temos a responsabilidade, si que é certo, pero non sei se vostedes a partir de agora van presentar mocións que nós presentáramos ó revés e entón votar a favor, ou non sei a qué xogan.

Adiántolles o meu voto en contra porque nós seguemos tendo o mesmo pensamento sendo oposición que sendo Goberno.

SR. SOTO FERREIRO: Eu preguntome a qué xogan todos. Señores representantes do Goberno municipal, previsións e prazos para realizar isto que lle van votar a favor. Por favor, díganme en qué orzamento, con qué medios van contar para realizar isto e se mo din vótolle eu a favor a continuación tamén, porque se vostedes me seguen deixando nunha proposición abstracta de votar non llo voto custe o que custe, non me subo ós seus carros da demagogia, ós de todos e dígollo así de claro.

SRA. SÍO LOURIDO: Verá vostede, eu dixen que esta moción era a xeito de recordatorio.

De todos os xeitos seguramente daquela non había posibilidade de facer iso segundo a persoa que levaba o tema e era responsble. Se agora a hai faga o que di o Sr. Soto.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Iglesias Carrera, Toba Girón e Vieitez Alonso e as Sras. Molares Pérez e Polo Lima)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaoito votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido e a Presidencia, e dúas abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Sío Lourido, instando atender a petición de local para a

Asociación da 3ª Idade Quiñones de León, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (76).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE INVESTIMENTO DA XUNTA DE GALICIA EN EQUIPAMENTOS CULTURAIS EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 30 de marzo de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Arias Moreira, formula a seguinte moción:

"A política de equipamentos culturais da Xunta de Galicia ven adolecendo nos últimos anos dunha orientación fundamente desequilibrada, que ten prexudicado de xeito significativo á nosa cidade.

A Xunta de Galicia, sen respostar a ningún plan de equipamentos culturais obxectivo e finalista, ten dispersado en clave clientelar as súas inversións, que non resposta a ningún tipo de variables como puideran ser poboación, equipamentos xa existentes ou calquera outra identificable por calquera cidadán, senón a criterios descoñecidos por todos, que estranamente sempre teñen prexudicado a Vigo.

O sentido da política de equipamentos culturais alcanza o seu maior despropósito no proxecto da Cidade da Cultura. O proxecto da Cidade da Cultura púxose en marcha cun orzamento inicial de 133 millóns de euros. Nos exercicios 2001 a 2004 se teñen desembolsado case 65 millóns de euros, estando orzamentados no 2005, outros 42 millóns. Os cálculos manexados no Parlamento de Galicia sobre o que custará rematar as obras inicialmente previstas establecen un orzamento mínimo de 320 millóns de euros, unha cantidade fóra de calquera proporción sensata, que sen embargo, podería finalmente ser amplamente superada. Da situación de descontrol orzamentario e de improvisación da idea que o pasado día 11 o Xerente da Fundación Cidade da Cultura afirmou que: "No es posible realizar estimaciones sobre los costes totales de las obras de esta infraestructura cultural".

Non cabe dúbida de que este proxecto descompensa dunha maneira radical as inversións da Consellería de Cultura da Xunta, restando recursos que serían necesarios noutros territorios e cidades, en concreto as graves insuficiencias de inversión da Xunta en equipamentos culturais na cidade de Vigo (posta de manifesto entre outros na escasa achega ó auditorio e no desestímulo da Xunta no proxecto do Museo do Mar de Galicia), teñen unha relación directa coa megainversión no proxecto de Santiago de Compostela.

Non se trata en ningún caso de entrar nun conflito entre cidades, non se discute a conveniencia de contar cun grande centro cultural de referencia na capital de Galicia que incorpore por exemplo unha grande biblioteca e unha hemeroteca central, pero a desmesura deste proxecto e os seus desfases orzamentarios o converte nun obstáculo importante para a definición dunha política cultural equilibrada, coherente e pensada para o conxunto do país.

Polo anterior, o grupo municipal socialista propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a modificar en profundidade a liña da súa política de equipamentos culturais, xa deficitaria e agora especialmente lastrada polo proxecto da Cidade da Cultura, facéndoa máis equilibrada dende o punto de vista territorial.

2.- Instar a que na definición da dita política se tomen en consideración dunha maneira seria e respectuosa os intereses da cidade de Vigo, procedéndose de inmediato a corraxir con novos investimentos a situación de abandono que a cidade ven sufrindo por parte da Xunta de Galicia."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 29 de marzo de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ARIAS MOREIRA: Esta moción que presenta o meu Grupo parte da constatación de que a política cultural da Xunta de Galiza e moi particularmente a súa política de investimentos e infraestruturas culturais é gravemente insuficiente. Parécenos que se trata dunha política que se construíu sobre bases clientelares e non sobre bases obxectivas; é unha política que tende a primar o acto cultural efímero e non a creación dun tecido cultural denso, de redes culturais nun sentido moderno.

Parécenos ademais que se trata dunha política gravemente desequilibrada dende todos os puntos de vista pero sobre todo dende o punto de vista territorial o que coidamos que grava dun xeito inxusto, que impacta negativamente dun xeito moi particular a unha cidade coma a de Vigo que ten acumulados retrasos moi importantes nalgunhas infraestruturas culturais chave que supoño están na mente de todos.

É unha política cultural gravemente desequilibrada por moitas razóns pero fundamentalmente por unha: porque un único proxecto descompensa dun xeito que nos semella absolutamente inaceptable e dende logo decisiva o conxunto do orzamento de cultura que se aplica en toda Galiza. Refírome naturalmente ó proxecto da cidade da cultura que se está a construír actualmente na cidade de Santiago de Compostela.

Estamos falando dun proxecto que tiña un orzamento inicial de 133 millóns de euros, non estamos falando dun orzamento pequeno en ningún caso, que para o orzamento do 2005 no que andamos, ten asignado 42 millóns de euros, cantidade bastante importante, pero realmente este non é o problema. O problema está nos desfases que se están acumulando, desfases orzamentarios gravísimos e que levan a que diferentes estimacións que se manexan por exemplo por parte do Grupo Parlamentario do Partido Socialista e do Grupo

do Bloque Nacionalista Galego no Parlamento de Galiza, ronden en torno ós 300 millóns de euros que traducido, por se alguén non leva ben a conta, nos fai falar de 50.000 millóns das antigas pesetas. É dicir, a desviación recoñecida polos propios responsables do proxecto vaise cando menos ó dobre dese orzamento inicial verdadeiramente descomunal xa dende o principio.

Queremos clarexar que nós non estamos en absoluto en desacordo co proxecto da Cidade da Cultura tal e como inicialmente se definiu no seu primeiro aspecto, maneira inicial de definilo; non nos semella mal que haxa un grande equipamento cultural na cidade de Santiago de Compostela que é a capital de Galiza; non queremos entrar para nada nunha guerra entre cidades; non nos parece mal que haxa equipamentos que non existen neste momento en Galiza que se radiquen na capital, equipamentos coma unha grande biblioteca central e unha grande hemeroteca central.

Non estamos falando diso, do que estamos falando é dunha situación de desfases, de descontrol parlamentario que é inaceptable dende o punto de vista do conxunto do país, que grava a posibilidade de desenvolver políticas culturais coherentes no conxunto do país pero que para unha cidade coma Vigo valoramos modestamente coma absolutamente inaceptable.

Por todo isto o Grupo municipal socialista propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos: Primeiro, instar ó Goberno da Xunta de Galiza a modificar en profundidade a liña da súa política de equipamentos culturais xa deficitaria e agora especialmente lastrada polo proxecto da cidade da cultura facéndoa máis equilibrada dende o punto de vista territorial.

Segundo, instar a que na definición de dita política se tomen en consideración dun xeito serio e respectuoso os intereses da cidade de Vigo procedéndose de inmediato a corrixir con novos investimentos a situación de abandono que a cidade ven sufrindo por parte da Xunta de Galiza.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Vaia por diante que o Bloque Nacionalista Galego vai apoiar esta moción. Non será xamais o BNG quen se opoña a calquera tipo de petición de investimento para a nosa cidade e menos nun aspecto que a nós nos semella tan importante coma é o aspecto cultural.

É certo o que di o compañeiro socialista de que hai unha política cultural da Xunta de Galiza totalmente clientelista e que dende hai moitos, algo así coma 15 anos, o investimento da Xunta de Galiza en materia cultural na nosa cidade non é o investimento que a primeira cidade de Galiza merece e que merecen os veciños e veciñas desta cidade.

Polo tanto estamos completamente de acordo co sentido da moción e ímola apoiar. Pero queremos pedir coherencia e diría máis, queremos pedir decencia política nesta cidade. Quero pedir no nome dos vigueses e viguesas ós e ás que nós representamos, decencia e coherencia para que naqueles temas que son de vital importancia para a nosa cidade tiremos dunha vez por todas xuntos por Vigo e por estes problemas. Non é a primeira vez que me escoitan falar disto nin será a última en pedir que os grandes temas desta cidade os apartemos, por favor, das loitas electoralistas e que traballemos xuntos por Vigo.

A nós tamén nos gusta que haxa políticas culturais coherentes e equilibradas para equilibrar o país. Tamén nos gusta que todas e cada unha das administracións se envorquen na cidade máis importante de Galiza. Por iso reclamo coherencia, decencia política e que xuntos tiremos polos temas fundamentais de Vigo.

Digo isto porque falar de 300 millóns de euros que se van desviar a esa cidade da cultura cos argumentos que se expuxeron e estou completamente de acordo con eles, é absolutamente insignificante con esa cifra falar de 3 (non de 300), de 3,9 millóns de euros que o Goberno central nos vai cobrar por unha infraestrutura que seica que tamén é cultural. Non vou entrar máis no debate que xa se deu aquí.

Por iso imos apoiar a moción e gustaríanos, por parte do Partido Socialista que apoia ó Goberno do Estado, que se faga o mesmo fincapé que hoxe se está facendo aquí e que nós tamén apoiaremos, para facer real o que o Partido Socialista acaba de poñer textualmente na súa moción: consideración dunha maneira seria e respectuosa cos intereses da cidade de Vigo.

Iso é coherencia e decencia se se fai aquí e se fai tamén nun Goberno central. Nada máis.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Dende logo que o Partido Popular non vai entrar en guerras localistas pero o que si é certo é que sempre vai defender esta cidade. Anque esta moción ten unha razón que é quizais a máis importante infraestrutura dos últimos anos ou unha das máis importantes que é o auditorio-pazo de congresos e xa que logo o Goberno central decidiu cobrar pola cesión dos terreos, agora se pide maior aportación para que se poida pagar ó Ministerio de Fomento e dedique esa cantidade non sei a que fin pero dende logo que para o auditorio non vai ser.

É certo que o Goberno e a Sra. Alcaldesa esixen máis investimento na nosa cidade a todas as administracións, incluída a Xunta, co obxectivo de que o

Concello neste proxecto coma é o do auditorio-pazo de congresos teña que aportar menos fondos para a súa execución. Pero para iso hai que ver os antecedentes, hai que ver o que había antes e o que hai agora.

¿Qué fixo o PSOE para reducir a aportación do Concello a esta importantísima infraestrutura? É dicir, que o Concello aportara menos fondos para o auditorio-pazo de congresos.

O primeiro que fixo o Concello foi pagar case 6 millóns de euros pola concesión duns terreos, 962.420.640 pesetas foi a cantidade exacta en pesetas que se pagou. Con iso adquirimos unha concesión que ten por obxectivo a instalación de cámaras frigoríficas, a conservación de xeo, factoría de pesca, unha factoría para servizos auxiliares de pesca e secadeiro de bacalao. Pagáronse 1.000 millóns de pesetas, 6 millóns de euros con ese obxectivo. O Partido Popular votou en contra desa adquisición por 6 millóns de euros.

Tamén o PSOE no ano 2003 asumindo que o proxecto era inabordable só con financiamento público ou só co financiamento da Xunta de Galiza, estimaba que era necesaria a aportación do Concello de Vigo e mesmo acodir ó financiamento privado. Así estimou o PSOE nese momento que a aportación do Concello de Vigo ia ser de 15 millóns de euros que era a cantidade que ia aportar o Concello de Vigo para cofinanciar o proxecto dada a súa importancia estratéxica para o Concello e a nosa cidade.

A diferenza disto, diferenza dos 6 millóns de euros e os 15 millóns que se querían poñer, o Goberno e a Sra. Alcaldesa negociaron a aportación do Concello de Vigo á baixa de tal xeito que no convenio que se aproba aquí no Pleno de xullo 2004 o Concello de Vigo reduciu a 12 millóns de euros (tres millóns menos) a aportación. É certo que gracias ó Goberno central agora vai ser necesaria maior aportación para pagar os terreos pero tamén hai que ter en conta que se está traballando coa Xunta para que tamén contribua a esta maior aportación.

Pero a diferenza na defensa dos intereses do Concello, das arcas municipais é evidente. O PSOE pagou 6 millóns por unha concesión e ademais estaba disposto a ofrecer 15 millóns de euros das arcas municipais para o financiamento do proxecto. O Partido Popular acada que a aportación do Concello se realice só con 12 millóns de euros. Esa é a negociación e o intento de que o Concello de Vigo non aporte o que se aportou.

Por iso nós, aínda que estamos de acordo en que hai que reclamar máis investimento da Xunta, tamén queremos que o Concello aporte menos e iso acadouse porque cando estaba gobernando o PSOE, á parte dos 6 millóns de

euros, ofrecía 15 millóns de euros para financiar o proxecto; hoxe o convenio é só de 12 millóns de euros.

Por iso coido que dende aquí estamos a defender a nosa cidade, os intereses dos vigueses e das viguesas e que existan maiores aportacións doutras institucións, doutras administracións pero hai que pensar que a Administración única non é a da Xunta, senón que tamén o Goberno central ten algo que dicir e xa o dixo: quere cobrar polos terreos da antiga Casa-Mar.

SR. ARIAS MOREIRA: Señor López-Chaves, para empezar coido que na súa intervención francamente non lle escoitei falar de nada do que fala a moción. Vostede non fala da política de equipamentos culturais da Xunta de Galiza, vostede nin na forma nin no fondo aborda esta cuestión. Vostede fala do auditorio, do Goberno central, fala de gobernos pasados. De gobernos pasados eu non vou falar, non vou falar do Goberno do Sr. Pérez. Do auditorio e do Goberno central algo direi, pero me quero centrar no contido desta moción e a min non me estraña nada que non queiran falar disto porque sendo do mesmo Partido que goberna a Xunta de Galiza que é a que define esa política, é unha política que non é para nada para se sentir orgulloso, senón para se sentir bastante avergoñado. En particular sinto quen non estea neste momento presente a Sra. Alcaldesa porque supoño que ela, que foi membro deses Gobernos e que polo tanto é responsable da definición e da aplicación desa política, non se atopará precisamente orgullosa.

O Goberno central non pita moito pito aquí porque sabe todo o mundo que a política cultural está basicamente transferida pero é que non pasa nada por falar da política cultural do Goberno central. É verdade que durante os oito anos do Goberno do Partido Popular do Sr. Aznar cero pataqueiro, unha política absolutamente centralizada.

Agora debo dicir e mostrar a miña satisfacción porque a política cultural no que poida facer o Goberno de Madrid, que pode ser incentivar, favorecer unha certa coordinación, apoiar, que non vai máis aló diso porque a política cultural está transferida ás Comunidades Autónomas, advertimos signos moi positivos.

Eu mesmo presentei aquí unha moción hai exactamente un mes que foi aprobada por todos os Grupos logo de constatar que había unha resposta seguro que positiva por parte do Ministerio para que entre no Padroado do Marco, que pode ser a vía de subsistencia a medio/longo prazo, coma se dixo aquí e

ninguén rebatíu, dese museo moi importante na cidade. Vemos esta mesma semana que a Ministra de Cultura asinou un acordo co Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias, o Alcalde da Coruña, que vai na liña precisamente de pular as políticas culturais no que se poida facer dende o Goberno central con esas limitacións que xa dixen de incentivar, de coordinar, de preparar ós técnicos culturais, etc., cousa que non existía absolutamente.

Pero déixeme centrarme no asunto que me interesa e que lle interesa a este Grupo porque por iso formula esta moción.

Voulo dicir dun xeito aínda máis claro, dixen "desequilibrada", pois agora llo vou dicir dun xeito máis taxante e radical que coído describe mellor o fondo do problema. Non estamos falando só dunha política desequilibrada, estamos falando dun auténtico escándalo porque falamos desta cifra de 300 millóns que xa se tende a aceptar coma se tal cousa. Por un lado 300 millóns, pero por outro estamos falando do investimento da Xunta no auditorio de Vigo que é de 18 millóns coma todo o mundo sabe.

O desequilibrio é demasiado grave, estamos falando dun múltiplo ¿de canto? ¿de 15? ¿de 18? e isto coma mínimo. Coidado que é dun múltiplo de quince, ata quince veces.

Pero isto é botando un cálculo máis ben conservador porque non sei se saben, supoño que si, que en ambientes culturais e técnicos se fan estimacións que van máis aló diso. O señor Delegado do Colexio de Arquitectos da Coruña, que é a provincia onde se localiza este proxecto, falou hai uns poucos días (ven nos xornais do 10 de marzo) dun orzamento o mínimo de 600 millóns; o dobre.

En todo caso é difícil saber se é un múltiplo de 15, de 20, ou de 30 entroutras cousas porque, titular dun xornal do 12 de marzo: "O Goberno galego descoñece o custo final da cidade da cultura". Isto non o di calquera, dío o Xerente da Fundación "Cidade da Cultura", o responsable técnico directo; di que se descoñece, que é difícil ou imposible calculalo. Pero ¿cómo non vai ser imposible calculalo se nestes mesmos días nos atopamos con outro titular que di: "Fraga aposta por dedicar parte da cidade da cultura a un museo da gaita". Hai un proxecto museístico que se definiu hai cinco anos. Aparecen unha serie de equipamentos culturais, por exemplo aparece un grande pazo da música nunha cidade onde xa hai un auditorio, onde xa hai un pazo de congresos, onde xa hai un bo multiusos e agora, nunha cidade que é capital de Galiza pero que ten unha determinada

dimensión, aparece un grande pazo da música e da ópera, pero iso está definido dende hai cinco anos.

Agora resulta que unha ocorrencia do señor Presidente da Xunta lévalle falar: "O Presidente da Xunta sinalou que o museo dedicado ó instrumento do que se confesou un entusiasta, ben poidera estar conectado con algún dos edificios do proxecto encomendado ó arquitecto Peter Einsenman. Con cousas coma esta ¿cómo non se vai disparar ese orzamento?

Estamos falando dun escándalo e dun grande desbarate, dalgo que nós pensamos que o conxunto de Galiza non pode permitir este escándalo e este desbarate, non é este un luxo que se poida permitir. Pero eu coido que para territorios coma iste, para cidades coma ista sinxelamente coido que isto non se pode tolerar porque onte mesmo o Grupo parlamentario do Partido Socialista fixo unha pregunta no Parlamento de Galiza sobre a posibilidade de que a Xunta asuma unha parte maior do financiamento do Auditorio e o Sr. Conselleiro Núñez Feijóo, por quen debo dicir que teño non só respecto, senón o meu máximo aprezo persoal, contestou que non había lugar para incrementar tal aportación, aportación de 18 millóns fronte a un mínimo de 300 millóns.

Sra. Alcaldesa, quería apelar directamente a vostede porque nos últimos tempos envolveuse repetidamente na bandeira, manifestou un espírito moi (permítame que llo diga con todo o respecto) agustiniano, non no sentido de San Agustín senón no sentido naturalmente de Agustina de Aragón. Coido que vostede neste momento ten unha estupenda oportunidade para demostrar que todo ese comportamento de suposta defensa da cidade a toda costa foi sincero. Se vostede non vota isto coido que quedará acreditado diante do conxunto da cidadanía de Vigo que ese comportamento non pasou de seren unha mera representación, unha mera sobreactuación e no fondo, permítame que llo diga de novo con todo o respecto, unha mera demagogia. Nada máis e moitas grazas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Eu volto á conclusión que unha vez máis os nosos cidadáns van quitar.

Por un lado estamos vendo coma efectivamene a Xunta de Galiza discrimina a Vigo, sempre o fixo nestes últimos 15 anos, e neste caso en materia cultural é evidente a escasa aportación.

Os señores do Partido Popular, acabamos de escoitar ó Sr. López-Chaves, defenden sen reparos o papel da Xunta no auditorio e noutra serie de cousas e bota a pelota ó tellado do Goberno central. O señor Arias, compañeiro

socialista, loxicamente bótalle a pelota no tellado da Xunta e hai sempre ese dito "uns polos outros a casa sen varrer".

Señores do Partido Popular e señores do Partido Socialista, uns teñen o seu goberno amigo nun sitio e outros teñen o seu goberno amigo noutro, miren vostedes que fácil, déixense de facer política electoralista e presionen a eses dous gobernos para que a débeda histórica que esta cidade teña se cumpra, é ben doado.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Eu vou falar de Vigo porque aquí estamos facendo un itinerario cultural e vou falar dos gobernos anteriores evidentemente, son gobernos municipais e este proxecto de auditorio-pazo de congresos non é de hoxe senón que de hai anos e o que digo non é noso, é do Partido Socialista sobre a necesidade da aportación privada e que a Xunta non podía asumir soa o financiamento deste proxecto e de que o Concello de Vigo ía aportar 15 millóns de euros, á parte dos 6 millóns da concesión, 21 millóns de euros. O que acadamos foi reducir a aportación do Concello de Vigo que é o que interesa.

Dende logo que ten moito pito que pitar aquí o Goberno central porque coido que 3,9 millóns de euros é un bo pito porque a aportación que imos ter que facer para pagar os terreos é importante, son máis de 500/600 millóns de pesetas. Coido que é moi importante a decisión que pode tomar o Goberno central sobre ese tema, que xa a tomou: cobrar e sería unha evidente redución do custo se decidira a cesión gratuita.

Sobre os titulares dos xornais eu tampouco quero entrar pero si vou ler algún porque se tomamos, coma dixo algún concelleiro na acta que aprobamos hoxe que fala de que os xornais son notarios públicos, é certo que nalgún preito se achegou a documentación dalgún xornal coma se fose un documento público, pero xa que falan dos titulares eu podo ler: "O Goberno bota abaixo o proxecto de auditorio e pazo de congresos de Vigo", "O Goberno dá as costas ó auditorio", "Patrimonio do Estado pon en perigo o auditorio ó desbotar o investimento privado", "O Estado freea o financiamento privado" e "O Goberno bloquea o auditorio ó reixetaren a cesión gratuita de todo o solar". Todos podemos ler os titulares.

Pero hai que ter en conta que dende Vigo defendemos os nosos intereses e reclamamos máis investimentos a todas as administracións.

Eu non dixen que ía votar en contra desta moción, non dixen tampouco que me ía abster. Imos votar a favor da moción anque o contido do texto non é o que coidamos máis axeitado. Do mesmo xeito que acadamos reducir a

aportación do Concello de 15 a 12 millóns, tamén imos continuar defendendo ó Concello de Vigo. Hai que ter en conta sobre esas infraestructuras e hai que lembrar de onde se acadaron fondos para o MARCO, quen era o Ministro de Cultura cando se acadaron os fondos para a construción do MARCO, de qué proxecto europeo se acadaron os fondos para o MARCO.

Como dicía o Bloque non sei en qué tellado está a pelota, ogallá estivera no tellado do auditorio porque significaría que estaría construído.

Coido que aquí o Goberno municipal ten moito que dicir e outro Goberno municipal xa falou do que ia aportar e hoxe falamos de menos. Acadamos reducir a aportación municipal e polo tanto incrementamos a aportación doutras institucións, iso é política de defensa dos intereses da nosa cidade. Dende logo non se defenden os intereses tentando cobrar máis e que saia maior o custo deste proxecto, comprando a concesión e agora cobrando por estes terreos.

SR. ARIAS MOREIRA: Non vou entrar nese debate, sinxelamente quero dicir que non malinterprete ás miñas verbas falando de manexo de hemeroteca, non falei de titulares senón que falei de declaracións expresas de responsables que non foron en todo caso negadas por ninguén.

A PRESIDENCIA: Pois se puntualizamos todos, esta Agustina de Aragón defenderá os intereses de Vigo ante todo e sobre todo sempre.

(No momento da votación está ausente o Sr. Iglesias Carrera)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Arias Moreira, sobre o investimento da Xunta de Galicia en equipamentos culturais en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DO SISTEMA XERAL AEROPORTUARIO DE VIGO. EXPTE. 7851/411.

ANTECEDENTES.- Con data 4 de marzo de 2005 o técnico de administración xeral e máis o arquitecto xefe de Planeamento, Sres. Cominges Cáceres e Alonso Fernández, formula o seguinte informe proposta:

"1.- OBXECTO.

Este informe emítese, ós efectos do disposto no art. 82 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA), en relación co instrumento de planeamento supramunicipal denominado "Plan Especial del Sistema General Aeroportuario de Vigo", remitido polo director xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (CPTOPV) mediante oficio do 04/02/2005, que tivo entrada na Xerencia Municipal de Urbanismo no día 16/02/2005 (rex. 50015998).

A documentación consiste nun exemplar íntegro do proxecto de Plan Especial denominado "IDT075.500", datado en decembro de 2004, redactado pola entidade "Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea" (AENA). Contén a seguinte documentación:

- Tomo I: Memoria; ordenación; anexo á memoria; plan de desenvolvemento e normas urbanísticas
- Tomo II: Planos.

2.- ANTECEDENTES.

En data 31/07/2001 o Ministerio de Fomento aprobou o Plan Director do Aeroporto de Vigo (BOE 13/09/2001).

O 21/11/2002 a CPTOPV remitiu ó Concello de Vigo un primeiro proxecto de Plan Especial do sistema xeral do Aeroporto de Vigo, planeamento de índole supramunicipal que afecta ós termos municipais de Vigo, Redondela e Mos.

O Pleno do Concello de Vigo do 21/12/2002 aprobou o informe emitido polos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo en relación con aquela primeira documentación, así como a súa remisión á Consellería.

No 14/02/2005 a CPTOPV remitiu unha nova documentación de proxecto de Plan Especial, no que, se afirma, figuran as modificacións introducidas por AENA logo que lle fora trasladado o anterior informe municipal.

3.- MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS NA DOCUMENTACIÓN DO PLAN ESPECIAL QUE SE PRESENTA A NOVO INFORME.

En relación co anterior informe emitido débense ter en conta as seguintes novidades:

- a) Aprobación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), logo modificada por Lei 15/2004, do 30 de decembro.

- b) Aprobación inicial do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, mediante acordo plenario do 30/12/2004, actualmente en fase de exposición pública (expte. 7266/411, DOG 31, de 15/02/2005).
- c) Modificacións introducidas na documentación do Plan Especial.

c.1) As recentes Leis autonómicas 9/2002 e 15/2004 inflúen neste procedemento do seguinte xeito:

- Este Plan Especial inclúese na categoría dos de infraestructuras e dotacións, regulados no art. 71 (LOUGA).
- No que se se refire á tramitación, de conformidade co disposto no art. 86 LOUGA, e dado que o Plan Especial afecta a terreos clasificados como solo rústico, deberá solicitarse da Consellería de Medio Ambiente o preceptivo informe ambiental.

c.2) A aprobación inicial da revisión do PXOM, incide no expediente do seguinte xeito.

- Na documentación aprobada inicialmente recóllese correctamente a delimitación da zona de servizo do aeroporto como "Sistema Xeral Aeroportuario", cualificado coa ordenanza 15 de Servizos e Infraestructuras. No que atinxe ó Sistema Xeral do Transporte aeroportuario, no art. 9.15.6 da súa normativa remítese a un Plan Especial de Infraestructuras como o que se está a tramitar.

Igualmente, na documentación do PXOM con aprobación inicial, no apdo. "1.3" da Memoria Xustificativa, examínase o informe da "Dirección General de Aviación Civil" de data 05/08/2004, e relaciónanse as correccións incorporadas en atención ó mesmo.

Por último, incidir en que deben coordinarse as previsións viarias do novo PXOM para esa zona coas do Plan Especial de referencia. Na Memoria Xustificativa do PXOM inicialmente aprobado (apdo. "6.2.2", sistema xeral de comunicacións) considérase "*imprescindible que o desenvolvemento do sistema aeroportuario leve consigo a mellora da accesibilidade das instalacións*" (páx.189), e incorpórase o esquema proposto no "*ESTUDO DE ORDENACIÓN DAS CONEXIÓNS DOS VIAIS QUE CONFLÚEN NO AEROPORTO DE PEINADOR*" (páx.199). Nos planos de ordenación a escala 1/5000 e 1/2000 do novo PXOM trázanse uns viais e rotondas no interior da zona de servizo aeroportuario que non se corresponden cos que figuran no Plan Especial que se presenta a informe. (Xúntanse planos e follas da documentación do PXOM aprobado inicialmente).

c.3) As modificacións introducidas con relación á documentación do Plan Especial Aeroportuario informado en decembro de 2002 son as seguintes:

- Referencias á nova Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, (na versión anterior á da modificación por Lei 15/2004)
- En "Normativa estatal" suplíronse as referencias á Lei do solo de 1976
- En "Escala Local Planeamento Municipal", incorpórase unha referencia ó novo Plan Xeral, aínda que non se cita a súa aprobación inicial, senón a anterior fase de avance.
- No capítulo de "Ámbitos afectados polo Plan Especial", en "Elementos de coordinación de accesos, servizos e infraestructuras" (páx. 4 de I.2.) incorporáronse 3 epígrafes novos:

- *"Reposición de todo os servizos afectados con motivo das obras de ampliación de pista prevista no Plan Director, en concreto reposición dos servizos urbanos (viarios, camiños veciñais, redes de saneamento, redes de abastecemento de auga, alumado, redes de sumidoiros, teléfono e regos).*
 - *Reposición do oleoducto Vigo-A Coruña se se vise afectado polas obras de ampliación de pista.*
 - *Así mesmo coordinarase calquera actuación que puidese afectar aos mananciais dentro do sistema xeral portuario".*
- No capítulo de saneamento e drenaxes (páx.9 de I.2), engadiuse un parágrafo que di:
- *"Estudiarase a posibilidade de instalar sistemas para reter e tratar os verquidos accidentais e as augas da choiva contaminadas na plataforma."*
- No apartado "III" das "Normas urbanísticas", engadiuse o art. "1.1.7". Nel especificase que o sistema de actuación será o de expropiación.
 - Modificación do capítulo "2.3" da "Normativa urbanística", relativo á "Tramitación de proxectos".
 - Incorporación dun art. "4.2.4" das "Normas urbanísticas", denominado *"Criterios generales de la ordenación"*, no que se especifica unha intensidade máxima edificatoria bruta para todo o sistema xeral aeroportuario de 0,13 m²/m².
 - Incorporación dun artigo "4.2.5" denominado *"Criterios de ordenación para obras promovidas por terceros"* no que se dispoñe:
 - Ocupación máxima: 60%
 - Altura máxima: 13 metros, excepto casos xustificadas
 - Recuamentos a lindeiros: de 8 o 5 metros a viarios centrais ou perimetrais.
 - Aparcamientos mínimos: 1 praza / 100 m² de superficie construída na concesión.
 - Áreas exclusivas de carga e descarga suficientes.
 - Integración paisaxística
 - Posibilidade de estudos de detalle
 - Incorporación dun art. "4.4" de "Normas transitorias", polo que se autorizarían obras de mantemento, adecuación ou ampliación das instalacións aeroportuarias actuais ou áreas urbanizadas existentes, con independencia do subsistema ou zona na que se atopen situadas.

4.- CONCLUSIÓNS.

1. O Plan Especial que se presenta non difire en canto a obxectivos, criterios, e ordenación do anteriormente presentado. Ten como obxectivo o desenvolvemento do sistema xeral aeroportuario, que se delimitou no Plan Director do Aeroporto e se recolle no novo Plan Xeral de Ordenación Municipal inicialmente aprobado, cunha superficie total de 185,68 hectáreas. A ordenación proposta organízase nun subsistema de movemento de aeronaves que comprende campos de voo, pistas, franxas de seguridade, etc., un subsistema de actividades aeroportuarias, con zonas de pasaxeiros, zona de carga, zona de servizo de aeronaves, zona de servizos, zona de aviación

xeral e zona de abastecemento enerxético, e finalmente unha zona de reserva aeroportuaria.

2. En canto ó planeamento urbanístico vixente (Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993), o Plan Especial continúa afectando a terreos clasificados como solo urbanizable, rústicos de protección forestal e agrario, e solos de núcleo rural, así como á zona de interese natural "ZIN da LAGOA" do "Plan Especial de protección do Corredor Natural do Río Lagares". Non obstante, a revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobada inicialmente no 30/12/2004, limitase a clasificar todo o ámbito como sistema xeral aeroportuario, como consecuencia da aprobación do Plan Director do Aeroporto. Será necesaria a coordinación entre o novo PXOM e o Plan Especial en canto á solución dos accesos viarios.

3. O Plan Especial non inclúe o "Estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico" que se recomendaba no anterior informe, atendendo á Directiva comunitaria 2001/42/CE, do 27 de xuño e á recente Lei autonómica 9/2002, do 30 de decembro (LOUGA). Por outra banda, deberá recabarse informe da Consellería de Medio Ambiente.

4. No tocante ás obras promovidas por AENA, non se inclúe na normativa a precisión efectuada no aptdo "3.2" do anterior informe, relativa á necesidade de obter licenza urbanística municipal previa para executar obras para usos non estrictamente aeroportuarios (hoteleiro, cultural, recreativo, deportivo, hosteleiro, cafetería, etc...).

5. A precisión do aptdo. "3.3" do anterior informe, sobre "Obras promovidas por terceiros" foi considerada no Plan Especial, figurando xa corrixido o artigo correspondente da normativa.

6. No arts. "4.2.4" e "4.2.5" da "Normativa" do Plan Especial, inclúense as Ordenanzas cos parámetros urbanísticos básicos de ordenación da zona, aínda que se efectúa unicamente no tocante ás obras promovidas por terceiros, e non así para as obras de "AENA", que unicamente quedan limitadas na súa edificabilidade bruta, sen especificar o mecanismo de control de dita edificabilidade.

7. O Plan non contén ningún documento de programación nin de avaliación económica que permita coñecer o orzamento, os compromisos nin os prazos de execución das actuacións previstas.

En virtude do exposto, propónse ó Pleno do Concello, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación ó informe técnico e xurídico que se transcribe na parte expositiva deste acordo, sobre o proxecto do Plan Especial do Sistema Xeral Aeroportuario de Vigo datado en decembro de 2004 e promovido pola entidade "Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea -AENA-" (expte. 7851/411).

Segundo.- Notifíqueselle este acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, coa advertencia de que contra él non cabe interpór recurso ningún, por tratarse dun acto de mero trámite. Remítaselle tamén unha copia das previsións sobre o sistema xeral aeroportuario contidas no novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo aprobado inicialmente no 30/12/2004."

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 31 de marzo de 2005, propón ó Pleno da Corporación a adopción do acordo que se contén na parte dispositiva.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: Este é o informe que acompaña a un documento previo do Plan Especial do Aeroporto de Vigo. Estamos falando do aeroporto de Vigo e por iso o noso Grupo vota a favor da urxencia, estamos falando do desenvolvemento do Plan Director Aeroportuario que no seu día aprobouse polo Ministerio logo de seren discutido polo Pleno da Corporación no ano 2001 e estamos falando polo tanto do seguinte documento absolutamente necesario, preciso para desenvolver o noso aeroporto, daí a nosa urxencia. Pero queremos facer varios apuntamentos.

En primeiro lugar, Sra. Presidenta, dicirlle que á vista do expediente completo hoxe votamos a urxencia, hai que contestar en prazo, nós estamos por contestar en prazo pero, Sra. Presidenta, vostedes recibiron o oficio da Consellería de Ordenación do Territorio o día 14 de febreiro do ano 2005. Pon aquí que "O 14 de febreiro de 2005 a Consellería de Ordenación do Territorio remitíu unha nova documentación..." O informe que ven no expediente asinado polos técnicos da Xerencia é do 4 de marzo. Estamos falando do aeroporto de Vigo, Sra. Presidenta; o informe realizado polos técnicos da Xerencia é de 4 de marzo, vostedes tiveron que traer isto en urxencia e tivémolo que tratar no Consello da Xerencia de onte do que nós recibimos a convocatoria, por razón de ponte e vacacións, o martes a última hora e recibímolos efectivamente o mércores a primeira hora da mañá.

Cando se fala do aeroporto de Vigo e do Plan Especial que o debe desenvolver, máis aínda nun momento no que estamos con exposición ó público do Plan Xeral, hai que actuar con moita máis dilixencia, Sra. Alcaldesa, e isto seguramente tería permitido, senón matizar evidentemente o informe dos nosos técnicos, si puntualizar aspectos dos que eu fixen mención onte no Consello da Xerencia, como vostedes lembran, e algún dos cales está hoxe contemplado no documento que xa lle anuncio imos votar favorablemente porque se trata do aeroporto da nosa cidade.

Pero apuntando eses votos favorables porque se trata do aeroporto, chamámoslle a atención, Sra. Alcaldesa, Sr. Concelleiro de Urbanismo, que o informe dos nosos técnicos é moi semellante ó que xa elaboramos en decembro de 2002. Non avanzamos, AENA non avanzou absolutamente nada ata o extremos que nós lle enviamos o documento para aprobación inicial para informe de

Aviación Civil e nos contestan cun documento de compromiso, practicamente con nada, non estudan o sistema de accesos ó aeroporto que mesmo está pintado sobre superficie do sistema xeral aeroportuario e nos presentan sistemas viarios que non son coincidentes.

Non se pode traballar así, Sr. Concelleiro de Urbanismo, Sra. Alcaldesa, habería que ter antes as conversas oportunas cos responsables de AENA para poñer enriba da mesa eses nós de conexións porque senón resulta que hai contradicción entre o que AENA pinta no Plan Especial de Desenvolvemento Aeroportuario e o que nós xa temos debuxado e aprobado inicialmente no Plan Xeral. Non é isto.

Xa lles apuntei onte ademais que efectivamente segue fallando ese estudo de sostibilidade ambiental que é absolutamente preceptivo, está agora no acordo de resolución que imos votar hoxe pero unha vez máis teño que chamar a súa atención, señores do Goberno, de que estas cousas evidentemente as hai que falar.

Eu ben sei por experiencia que demasiadas veces as instancias da Administración central, particularmente aquelas que dependen de sistemas aeroportuarios e portuarios, se me permiten facer a xeralización, demasiadas veces prescinden dos informes municipais porque teñen unha cultura que chega ó extremo de que aínda a esta altura nos discuten no Plan Especial que nos presentan que teñen que pagar licenzas cando se actúa dentro dese Plan Especial por parte de calquera, aínda nolo discuten cando xa estaba no informe de decembro de 2002.

Sra. Presidenta e Sr. Concelleiro de Urbanismo, nós imos votar a favor pero queremos que entendan que con este voto favorable vostedes teñen que asumir o compromiso da dilixencia, da prontitude, do traballo seguro sobre temas que son absolutamente cruciais. Neste momento hai un debate en relación cos sistema aeroportuarios de toda Galiza e non sei porqué eu e o meu Grupo demasiadas veces sorprendémonos do interese desmesurado de promocionar outros sistemas aeroportuarios alternativos ós de Vigo e nós non pedimos nada, iso si, queremos que nos traten igual porque o noso aeroporto é o que máis crece de toda Galiza, pero se a xestión política non é áxil podemos correr o risco de que ó final esvaremos e en determinados temas non se pode esvarar.

Non se pode ter un expediente tan importante coma este dende o 14 de febreiro deste ano seguramente a informe dos técnicos, non se pode ter ós técnicos informando xa o 4 de marzo de 2005 e traer isto por urxencia por máis que aquí esteamos dispostos a votalo favorablemente.

Entendemos que con ese voto, Sra. Presidenta, Sr. Concelleiro de Urbanismo, asumen vostedes o compromiso da dilixencia que non mostraron neste asunto.

SR. FIGUEROA VILA: As datas van reflectir os argumentos que imos dar dende o Goberno para lle explicar que non é que fosemos dilixentes, é que fomos super-veloces neste tema e voulle explicar porqué.

O expediente chega o 14 de febreiro, o día 4 de marzo está tramitado o informe dos técnicos, isto quere dicir que houbo a celeridade correspondente para que os técnicos informasen. É raro que neste Concello se un expediente entra o 14 de febreiro o día 4 de marzo, en 15 días estea informado. Aquí é onde nace a cuestión que verdadeiramente ten que nos preocupar a todos, ten que nos preocupar a falla de deslealdade e de compromiso con esta cidade do Goberno central, dicímolo así de claro e vou explicar porqué xa que o Sr. Arias antes falaba do Goberno da Xunta, pois eu agora vou falar do Goberno central.

A Sra. Alcadesa falou dúas veces co Presidente de AENA por teléfono e iste adquiriu o compromiso, para tratar o Plan Director e todos os temas aeroportuarios da nosa cidade, de vir a Vigo a falar ou enviar técnicos responsables dese departamento. Non só non viu, senón que foi á cidade de Santiago e dende Santiago anunciou os compromisos a través do Partido Socialista, que non do Goberno do Partido Socialista en Galiza, é dicir, do Sr. Touriño que é oposición nestes momentos na Xunta de Galiza. Veñen os membros do Goberno central, anuncian co Sr. Touriño os compromisos das cidades de Galiza e o Goberno da Xunta de Galiza nin se entera, nin o queren recibir.

A nós non nos preocupa que fagan iso co Goberno da Xunta de Galiza pero supoño que por lealdade institucional, por compromiso e pola palabra que lle deu o Presidente de AENA á Sra. Alcadesa de Vigo o lóxico é que se viu a Galiza dera polo menos unha chamada de teléfono á Sra. Alcadesa dicíndolle que non tiña tempo, que tiña compromisos, falar de enviar un técnico para se sentar nunha mesa a negociar e mandarnos os informes correspondentes ó Plan Director do Aeroporto. Pois nos enganou e nós estivemos esperando de boa fe ata última hora para tentar ter esa reunión. Se esa reunión non se produce malo para a cidade porque loxicamente vostedes dende o BNG nos están criticando esa falla de xestión; se nós denunciámos esa cuestión se nos dirá que estamos entorpecendo, creando unha polémica máis na cidade.

Xa aguantamos bastante. Este Goberno está tendo unha serie de obstáculos; eu xa dicía o outro día nunha conferencia de prensa que isto é unha carreira de fondo na que cada 50 metros temos un obstáculo, un valado que saltar. Estamos dispostos a facelo, imos saltar todos os valados que se nos poñan por diante e coido que o estamos demostrando, pero ó que non estamos dispostos baixo ningún concepto e témolo que denunciar é á deslealdade que están facendo algúns membros do Goberno central con esta cidade porque coido que é unha falla de respecto institucional e ás persoas e iso non o imos permitir baixo ningún concepto.

Polo tanto, Sr. Toba, dígolle que estamos tremendamente orgullosos da tramitación deste expediente porque se dende o 14 de febreiro está informado e está contestado, nós estabamos esperando que se tivese o respecto suficiente, primeiro á maior autoridade de Vigo que é a señora Alcaldesa e segundo á nosa cidade. Non tivemos a oportunidade a día de hoxe de poder sentámonos con ningún membro de AENA, xa non con ningún responsable político, para poder resolver estes temas.

Pero o máis grave de todo, e vostede ten que comprendelo, é que non pode ningún membro do Goberno central vir a Galiza, anunciar a través do Partido Socialista accións do Goberno e non respectar ós Gobernos institucionais, tanto dunha cidade coma da Comunidade Autónoma. A iso chámase "desfachatez" política e falla de respecto institucional a esta cidade e iso denunciámolo hoxe.

Non iamos intervir porque coidamos que xan non debe haber máis polémicas nesta cidade, pero os cidadáns deben saber todas estas cuestións que están acaecendo e que a cotío se repiten porque pasa co auditorio, pasa con este tema, pero ¿qué máis queren? ¿qué mostramos dando dende o Goberno de tentar coordinar e buscar acordos? É totalmente imposible, se non o denunciásemos vostedes dende o BNG nos critican; eu faríao exactamente coma o está a facer vostede agora. Pero se o denunciásemos nos din que estamos xerando polémicas e se actuamos, coma no caso da depuradora e facemos xestións, dínnos que non temos coordinación.

Coido que non se nos pode pedir máis. Ó longo de ano e medio hai proxectos importantes que están saíndo adiante nesta cidade e con atrancos de moitos Grupos políticos e de moitas persoas que nos están a poñer o pé a cotío. Por iso eu xa fago un símil deportivo: unha carreira de fondo, non sei xa se de 10, 15 ou 20 quilómetros e cada 50 metros temos un obstáculo, obstáculo que estamos tentando superar.

Imos levar a piques este Plan director do aeroporto, imos levar a piques o auditorio e imos levar a piques todos aqueles investimentos importantes que se teñen que facer nesta cidade, e a depuradora tamén, por suposto porque coido que é fundamental e aquí facemos moitos discursos políticos cara á galería. Cando os veciños de Coruxo se manifestan ou din que o Goberno non ten un estudo de depuración se nos critica, cando facemos o estudo de depuración atopámonos cunha administración que nos pecha as portas. Non se pode facer máis e estamos tremendamente orgullosos das xestións que estamos facendo os responsables deste Goberno.

Sr. Toba, xa sabe o respecto que lle teño, eu seguramente faría exactamente igual o seu discurso pero ten que entender o meu malestar, o noso enfado porque non é de recibo que unha persoa fale dúas veces coa Alcadesa de Vigo, que é a Alcadesa de todos os vigueses, e dille por dúas veces que non se preocupe que vai vir a Vigo para se sentar nunha mesa e falar, ver cales son os problemas aeroportuarios que ten esta cidade.

Sr. Calviño, eu miro nos medios de comunicación e vostede anuncia publicamente que o aeroporto de Vigo vai abrir non sei cantas horas. Paréceme moi ben que o venda publicamente pero iso é unha desvergoña institucional e ten que entender que eu lle diga agora isto a vostede a quen non quería meter neste tema, pero mirei nos medios de comunicación que vostede anunciaba as novas do aeroporto de Vigo. Era vostede o voceiro de AENA. Non é de recibo que se a Sra. Alcadesa de Vigo está esperando unha contestación do Presidente de AENA este veña a Galiza, llo comunique ó Partido Socialista e este faga unha convocatoria de prensa e anuncie cuestións e actuacións para a cidade de Vigo.

Coido que con isto se contesta cales foron os motivos e o procedemento administrativo que levou este expediente. De todos os xeitos, dende o 14 de febreiro, un mes e medio con Semana Santa por medio, coido que fomos bastante áxiles, pero aí lles damos argumentos.

Nós non podemos estar a cotío nos medios de comunicación denunciando cuestións ou impedimentos que se lle están poñendo á cidade de Vigo, temos que ser o suficientemente leais con outras institucións para entender que hai conversas privadas que non teñen que saír á luz pública.

Repito de novo que non me gustou ter que utilizar agora mesmo esta discurso, gustaríame utilizar outro, debater sobre o fondo do tema pero realmente iso é imposible cando se nos fai esta crítica ós membros do Goberno.

SR. SOTO FERREIRO: Perdoen que lles diga pero dende fóra isto debe resultar un espectáculo penoso.

Estamos falando do aeroporto de Vigo e aí estou de acordo co Sr. Toba e quero poñer acento no que el dicía, estamos falando dun dos temas capitais para a economía e para a vida de Vigo e estamos falando de todo menos de cómo queremos que sexa o aeroporto de Vigo. O Partido Popular está acusando ó Partido Socialista de actitudes caciquís, para lle chamar polo seu nome histórico e tradicional e invocando certas cousas. Isto é unha lea difícil de entender, é un barullo tremendo e constante.

Onte na Xerencia de Urbanismo o Sr. Toba expuxo unha serie de razóns que hoxe máis ou menos voltou citar aquí aínda que con máis brevidade, que coido de extraordinaria importancia para ese proxecto.

Xa o dixen onte na Xerencia e volvo dicilo agora: nós expuxemos unha idea complementaria, coidamos que ese proxecto que medra 350 metros por un lado e cento e pico polo outro, é dicir, se non boto mal os números agora a correr, dunha pista de 2.850 metros teremos que chegar a ter unha pista de 4.000 metros que é o que permitiría que calquera avión de carga poida despegar a plena carga, tema importantísimo porque cando nese plan se fala de potenciar as mercadorías, cousa extraordinariamente importante, logo hai que lle dar os medios técnicos ó aeroporto para que poida competir en traslados de mercadorías. Os traslados mesmo non só internacionais, por entender isto coma internacións europeas, por suposto, pero iso xa o precisamos para pasaxeiros, senón en mercadorías transoceánicas.

Por exemplo sentimos moitas veces o capital que se iría para o peixe; para o peixe que vende latinoamérica temos un aeroporto con avións de carga e con medios suficientes para o poder desenvolver e ese proxecto non o contempla. Ese proxecto é un bo proxecto que avanza dun xeito moi positivo con respecto ó que temos pero que ten eivas que nós que estamos aquí temos o deber e a obriga de coñecer mesmo máis ca AENA e de dicírllo. Se falamos cun frontón porque non escoitan, están cegos e só fan o seu dende Madrid, pois aquí non se entende coma se debe gobernar, governe quen governe en Madrid. Isto tamén o hai que dicir así de claro.

Polo tanto nós sumámonos ás ideas expostas hoxe e onte polo señor Toba e engandimos a nosa concreta de que para favorecer o intercambio de mercadorías, que ademais se pretende consagrar nese proxecto, se faga de xeito debido permitindo que avións tipo Jumbo poidan despegar a plena carga, isto quere dicir unha pista de 4.000 metros cando en principio se

pretende levala a 2.850 metros e xa falamos na Xerencia, non é hoxe o momento, de que mesmo a valoración dese tipo de obra non sería tan custosa. Habería que facer un esforzo e esa ampliación tense que facer; se a fai AENA fantástico, senón teremos que estudar outras fórmulas pero aí si estou de acordo coa señora Alcaldesa: que non nos paren, por favor, pero iso o temos que dicir dende Vigo e dende Galiza tamén.

SR. TOBA GIRÓN: Estamos falando do aeroporto de Vigo e cando a un lle toca gobernar non pode estar eternamente levantando o estandarte, do maltrato, dicindo que qué malos son.

Sr. Figueroa, se o Sr. Fernández e máis eu lle contamos das reunións que tivemos que ter cun Ministerio de Fomento dirixido por un señor que se chamaba Álvarez Cascos... Vostede non se pode facer unha idea de auténticos especialistas en encaixes de bolillos que nos fixemos algúns con aquel señor que, con todos os respectos, era dificilmente tratable, digámolo así. Vostedes teñen o deber de xestionar as cousas importantes desta cidade. Di vostede que foi áxil; pois non, vostede non tivo ningunha axilidade. Chega o documento da Consellería de Ordenación do Territorio, vostede ¿a qué lle chama axilidade? ¿a coller o documento, poñelo enriba da mesa dun técnico e que prepare un informe? Claro, está preparado o día 4 de marzo, ¿é esa a súa misión? Vostede Sr. Figueroa, sabe que non é isa a súa misión. A súa misión é a xestión política, informar inmediatamente ó resto dos voceiros desta Corporación de que está aquí o Plan Especial Aeroportuario e que ven cos mesmos problemas cos que chegou o primeiro documento de decembro de 2002 porque practicamente, remítome ó informe dos técnicos do 4 de marzo, ven exactamente igual. Non hai sistemas de enlace viario, nin miraron a documentación do Plan Xeral, nin se preocuparon e voulle dicir máis, teño para min que nin se preocuparon de ler o informe de 21 de decembro de 2002 seguramente. ¿Está de acordo comigo?

Sr. Figueroa, a súa misión é que se preocupen de ler o informe do 21 de decembro do ano 2002 e o Plan Xeral que aprobamos inicialmente o 30 de decembro pasado, esa é súa misión, vostede non vai facer os informes e a axilidade en xestión política é informar inmediatamente ós voceiros dos Grupos municipais de que aquí está un documento estremadamente importante. Dende o 14 de febreiro e ¿di vostede que foi áxil cando deu conta desa documentación ó conxunto da Corporación na convocatoria do Consello da Xerencia que realizamos onte? Sr. Figueroa, vostede coñecía o documento,

chegáralle, pero nós non. Sr. Soto, ¿vostede coñecía? Por suposto que non, obviamente, e os señores do Partido Socialista por suposto que tampouco.

Esa non é a forma de xestionar politicamente un tema tan importante e para se agachar desa falla de axilidade na xestión política non basta levantar outravolta o estandarte do mal trato porque dixerllo á Sra. Alcaldesa-Presidenta no Consello da Xerencia onte mesmo e mostreille a miña solidariedade e a do meu Grupo nese conxunto de acontecementos que vostede acaba de relatar porque non é de recibo, non é aceptable que os responsables de AENA, que semellan non ler ningún documento que sae desta administracións, non veñan aquí a falar coa que agora mesmo ostenta a maior representación dos vigueses e das viguesas, non é aceptable.

Pero tampouco é aceptable que eternamente vostedes estean levantando ese estandarte de maltrato e non xestionen politicamente, xa non con outras administracións, senón cos outros Grupos que formamos parte desta Corporación e que estamos rotundamente interesados na posta en marcha dese Plan Especial para o sistema xeral aeroportuario e que ademais llo demostramos. Non podemos seguir así.

O que non podemos seguir é que cada vez que haxa un problema se recorra ó victimismo do Goberno amigo da Xunta de Galiza, ou do Goberno amigo de Madrid, así non podemos andar porque isto en expresión vella da nosa terra semella "a casa de tóquemerroque" e aí ata vou coincidir co Sr. Soto; non vale. En temas deste calado non vale estar eternamente levantando o estandarte do maltrato porque o noso Grupo, á vista da información que hoxe nos reporta no Pleno e que onte non reportou a Sra. Alcaldesa no Consello da Xerencia, está disposto a facer fronte polo aeroporto de Vigo, claro que si, porque ese é un asunto crucial para esta cidade.

Pero é que vostede coa súa falla de xestión política non nos deu esa oportunidade, aí está o seu segundo grande erro, isto non é un sinxelo expediente administrativo, este é o Plan Especial do Aeroporto e por non ter non ten nin estudo económico-financeiro, coma dixer onte no Consello da Xerencia e efectivamente non ten estudo de sostibilidade que é preceptivo segundo a Lei do solo e do que estaban avisados no informe elaborado cando eu era Concelleiro de Urbanismo en decembro do ano 2002.

Seguen incidindo en que non queren pagar licenzas, non é razoable, e descoñecen o sistema de comunicacións fraguado para ese Plan Director e do que, lémbrolles, aprobamos unha moción hai uns meses presentada pola daquela a nosa compañeira, Sra. Fernández Davila, agora xa sinxelamente Congressista, que falaba da necesidade de orzamentar ese Plan director e os

accesos ó aeroporto que eran o primeiro elemento clave precisamente para facilitar entroutras cousas a resolución do problema do aparcadoiro que lembrarán vostedes que discutimos tamén neses meses.

¿Ónde van eses debates? Porque se eses debates e esas resolucións non se xestionan logo politicamente polo Goberno, neste caso por vostede, Sr. Figueroa, e pola Sra. Presidenta indubidablemente, pero por vostede por delegación dela, entón si que efectivamente isto comeza parecer algo sen substancia.

Para rematar, nós imos votar a favor porque é o aeroporto de Vigo pero esiximos do Goberno dilixencia, Sr. Figueroa, a dilixencia política que neste caso non tiveron. Xamais se me vai ocorrer a min responsabilizar a un funcionario desta administración da xestión política que lle corresponde nada máis que a vostede, ó Sr. Soto, ó Sr. Coello, ó Sr. Calviño, ó Sr. Fernández, á Sra. Martíns e a min mesmo.

En suma, Sr. Figueroa, vale xa de axitar a pantasma da agresividade do Goberno central, por experiencia eu tamén tiven que lidar cun Goberno central que non era amigo.

O segundo cinto está practicamente rematado e tamén co seu apoio porque lembrará que a diferenza de vostede agora aquel Goberno reclamou o apoio de toda a Corporación e lembrará que cando estivo enriba da mesa o proxecto do segundo cinto o primeiro que se fixo foi convocar a Xunta de Voceiros e lembrarán que desa Xunta de Voceiros saíu o acordo que logo trouxemos ó Pleno practicamente en menos dunha semana, lembrarán e se non vaian ás actas. Iso é xestión política e esa é a xestión que vostede e a señora Alcaldesa debían ter feito e podíannos dar a oportunidade que nós sempre estariamos dispostos a aceptar por Vigo e polo aeroporto de votarlles unha man.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: O tema do retraso na presentación e na resposta deste Concello os últimos meses non é necesario xa referirse a este Plan especial senón que o maior exemplo o temos nalgo que é absolutamente vital para esta cidade, para Galiza e para toda España; o último día é cando se fan as alegacións ó PEI, Plan estratéxico de infraestruturas, o último día que é posible facer esas alegacións fanse neste Concello de Vigo.

Pero como semella que no tema do Plan especial están as cousas bastante claras e onde semella que hai profundos problemas de conexión tamén a nivel técnico é entre AENA e o Concello e malia iso temos todos claro que hai que votar favorablemente a proposta que temos enriba da mesa. Pero si quero

referirme a todo o que ó redor disto se montou aquí respecto do Goberno central.

Quero empezar por unha afirmación taxante. Dende logo eu teño a seguridade que o Presidente de AENA é un amigo desta cidade e do seu aeroporto; que o Presidente de AENA está demostrando na práctica que cre no crecemento do aeroporto de Vigo e que tomou resolucións dabondo que demostran perfectamente que ese é o seu convencemento á marxe de anécdotas. Eu non controlo a axenda do Presidente de AENA, a min gustaríame que xa que visitou o aeroporto de Vigo, de Santiago e da Coruña que fixera a súa rolda de prensa, que tivera unha reunión coa Sra. Alcaldesa en Vigo, que o fixera tamén en Santiago e na Coruña. Gustaríame porque de seguro que así todas as informacións sobre o que o Presidente de AENA e AENA van facer nesta cidade estarían mellor entendidas porque resulta que o que fai o Presidente de AENA, seguro que por problemas de axenda porque obviamente o electoralismo máis elemental do que nos acusan aconsellaría que vendera en cada sitio o que corresponde a cada sitio pois moi posiblemente problemas de axenda fixeron que o Presidente de AENA expuxera o seu resultado das visitas e as súas propostas para os tres aeroportos galegos na Delegación do Goberno da Coruña, co Delegado do Goberno en Galiza e non con ningún dirixente dun Partido, cousa por outra banda perfectamente razoable e perfectamente válida. Fíxoo na Delegación do Goberno e laméntoo porque entroutras cousas desa rolda de prensa nalgún medio de comunicación logo saíron cousas erradas respecto ó exposto polo Presidente de AENA.

Coido que os exemplos son ben claros. Levamos meses escoitando nesta cidade o tema de ampliar o horario media hora do aeroporto pola mañá. Escoitamos á concelleira, Sra. Molares, dicir que están técnicos de AENA. Sempre que a escoitei pola televisión falando do aeroporto sempre estaban técnicos de AENA en Vigo, sempre había reunións con técnicos de AENA falando dese asunto, mesmo fixo viaxes a Alemania. Eu non falei cos técnicos de AENA, iso está claro, tiveron unha reunión con Deputados do meu partido en Madrid precisamente para tratar o mellor para Vigo que tamén é o noso papel, para tentar convencer a todo o Goberno central se é posible e a todos os representantes dos organismos coma AENA para que fagan o mellor por Vigo. Esa foi a nosa entrevista en Madrid co presidente de AENA.

Escoitamos permanentemente que se pedía a ampliación do horario do aeroporto de Peinador media hora polas mañás e resulta que a ampliación que se conquire para o aeroporto de dúas horas, facendo que o aeroporto de

Peinador pase a ser un dos poucos aeroportos con apertura de 18 horas ó día.

Tamén escoitaron moitos empresarios desta cidade o compromiso do Presidente e doutros membros de AENA de que na medida que haxa proxectos concretos de viabilidade de utilización do aeroporto de Peinador as 24 horas, abrírase o aeroporto de Peinador as 24 horas; abrir por abrir non, ten que haber proxectos concretos.

Non podemos sacar o exemplo de Vitoria porque é radicalmente diferente, abre dúas veces á semana por un tema do peixe entroutras cousas pero tamén por outras mercadorías, por un tema que non é cuestión concreta do aeroporto de Vitoria, é que alí se montou unha empresa cando se creou a Unión Europea precisamente para facer que todas as viaxes que veñen de América, de África, etc., os avións e por suposto logo todos os camións afectados, se distribuiran e os avións tamén voltaran con mercadorías. É un problema de loxística e un problema moi grave, non é só un tema de aeroporto. Por iso o peixe vai a Vitoria porque é rendible no momento actual que vaia a Vitoria, os empresarios non son parvos, farían outra cousa se fora rendible noutro sitio. A loxística que está montada alí dúas noites á semana permite que en efecto iso sexa rendible e sábeno.

Pois na medida que os empresarios desta cidade fagan propostas e teñan propostas enriba da mesa para a utilización do aeroporto as 24 horas o compromiso do Presidente de AENA, neste caso persoal ós que estabamos na reunión pero sabemos que o dixo a moitos empresarios e supoño que a alguén máis nesta cidade, está claro.

Atopámonos con que se amplia dúas horas e semella que saímos perdendo. O inimigo é AENA, un grande logro nesta cidade e pasou sen pena nin gloria, así pasa todo e é o grande drama desta cidade victimista, sempre que hai algunha mala nova é a primeira páxina dos xornais; cando acadamos que se amplie o horario dúas horas pasa sen pena nin gloria.

Por certo que non o dixen eu, non fun voceiro do Presidente de AENA en ningún medio de comunicación respecto á apertura 18 horas, a ampliación do horario dúas horas porque cando mo preguntaron repetidas veces dixen a propósito que de ningún xeito, que ía ser o Presidente de AENA quen daría esa nova, que non me correspondía a min ser o voceiro de ninguén. Díxoo o Presidente de AENA á marxe dalgunha outra filtración periodística e non este Concelleiro, xamais, sorríame dicindo seguro que vai haber boas novas, seguro que imos ter boas novas pero non o dixen en ningún intre.

Pero non é só o tema da apertura, é que tiñamos un Plan director do aeroporto de Peinador que estaba previsto a aplicación das súas propostas do 2001 ó ano 2015 cun investimento previsto nese Plan director de 48 e pico millóns de euros. Pois ben, hai un avance e está en compromisos plurianuais de AENA ó respecto, está en todos os medios de comunicación de Vigo e está cando se debatíu o orzamento do ano 2005 e hai un compromiso plurianual de AENA de facer que o investimento previsto nese Plan director pase de 48,29 millóns a 78,2 e non do ano 2001 ó 2015, senón do ano 2001, cando empezou, ata o ano 2010, redúcese o programa previsto no Plan director para o 2015 polo bo comportamento do Aeroporto de Peinador, porque evidentemente ese Plan director na práctica demostramos que é un aeroporto forte, potente, que ten futuro e por iso adiántase o previsto no Plan director ó ano 2010, redúcese a 10 anos e multiplícase case por dous o investimento. ¿Esa é unha mala nova para esta cidade? ¿iso é un Goberno amigo, un Presidente de AENA que maltrata a esta cidade?

Semella que hai problemas de recoñecer que esta é unha actitude enormemente positiva de AENA e polo tanto do Goberno co que eu me sinto perfectamente identificado e neste punto xa poderíamos falar dos outros porque resulta que no tema do Goberno central o que non se fixo en 8 anos tense que facer o primeiro ano do Goberno socialista, non se espera nin ó segundo nin ó terceiro, tense que facer no primeiro ano.

Poderíamos falar mesmo do auditorio, e vostede Sr. Figueroa ten moita experiencia, o multiusos de Siza, do que lle gustaba facer o auditorio en Casa Mar ó Sr. Presidente Fraga, sabe moito diso, que non lle gustaba nada por certo, hai anos, en anteriores gobernos porque aquí están falando permanentemente de anteriores gobernos. Nós non sacamos ó de D. Manuel Pérez no que por certo estaba de concelleira a Sra. Alcaldesa e habería moito que contar e ó mellor moito que falar dese tema porque resulta que o auditorio e o multiusos está previsto dende anos e anos, non se fixo nada en ningún ano e agora ten que ser no primeiro ano do Goberno infame socialista que non cumpre. Por suposto que lles podo asegurar que vai cumprir.

Podo dar cifras mesmo do xa realizado e do xa confirmado no 2005. ¿Saben o investimento do 2001 ó 2004 no aeroporto de Peinador? Foi de 11,2 millóns, está aí. No orzamento deste ano vai un investimento de 4,13 millóns e xa non volvo repetir o tema do Plan director e da súa redución ata o ano 2010 e non ó 2015 multiplicando por dous o investimento.

Isto é unha enorme, unha fabulosa nova para o aeroporto de Vigo que é o máis beneficiado e resulta que aquí victimistas, dicindo que Vigo é o desastre e como se trata de facer a política da mala, de ir contra o Goberno central, ó que lle toque porque cando se fala dalgún outro se fala doutra cousa, acúdese ó Goberno central que é o que está de moda, debe ser que o están facendo moi ben.

Por favor, un pouco de seriedade, lamento moito que non visitara á Sra. Alcadesa o Presidente de AENA, pódolle asegurar que eu non controlo a súa axenda, pero a min que vivín persoalmente o mal trato do Ministro Cascos ó Alcalde desta cidade, Sr. Pérez Mariño, non tería cara para facer ningunha referencia dese tipo porque eu vivín como, logo de rexeitar permanentemente falar co Alcalde desta cidade, cando acude á inauguración da autopista Puxeiros-O Porriño escapáballe ó Sr. Alcalde desta cidade, non quería falar da mellora do cinto, tiña a mesma argumentación que por desgracia nese tema tamén lle escoitamos ós nosos compañeiros do "Goberno amigo" e lamentamos moitísimo que non se fagan os falsos túneles e pelexamos porque se fixeran, pero o que me daba vergoña nesa reunión era que só foi posible falar co Sr. Cascos mentres masticaba tortilla, falando ademais coa boca chea e menosprezando ó Alcalde desta cidade. Estaban nesa conversa algúns persoeiros do Partido Popular que dende logo non estaban interesados en absoluto nos falsos túneles nin na mellora do segundo cinto.

Aquilo foi lamentable, a min deume vergoña, ¿cómo se pode ter a cara de estar sacando aquí iso con eses precedentes? E laméntoo porque facemos todos os esforzos porque a señora Alcaldesa sexa recibida por quen teña que ser recibida, pero dende logo que con estes precedentes coido que non teñen forza moral para dicir nada. Lamentar unha vez máis que o que son novas positivas, confirmadas e que ademais están por escrito en papel, que nesta cidade sigamos en plan vítimas polo interese político exclusivamente de falar mal dun Gobeno dunha determinada color política.

SR. FIGUEROA VILA: A min gustaríame falar do aeroporto pero loxicamente non nos imos calar.

Neste expediente nós, repítolles novamente a todos os membros da Corporación, actuamos coa mellor intención e coido que está demostrado porque se non tivesemos boa intención non se lle pediría unha entrevista ó Presidente de AENA, a Sra. Alcaldes non falaría dúas veces con el, el comprometeuse a vir á cidade de Vigo e como vostede comprenderá coido que o procede, se temos unha negociación con outra administración competente no

tema, o lóxico é antes de convocar unha comisión ou trasladar á Corporación, que se poideran ter as negociacións correspondentes coa outra administración.

Non nos deron a oportunidade, é certo que ó mellor fomos demasiado "pardillos" neste tema; non se preocupen que non imos cair máis nese erro porque vostedes, cando creamos comisións nos critican porque hai moitas comisións, se non creamos comisións nos din que non gobernamos. Non se preocupen que voltaremos outra vez a os convocar, temos tempo suficiente, imos convocalos para todo e non imos cair máis no erro de entender a lealdade institucional, que se unha Alcaldesa fala co Presidente de AENA e este dille á primeira autoridade de Vigo que non se preocupe que vai vir a Vigo ou vai mandar a alguén para falaren deste tema, pois evidentemente como isto non se produce e non só non se produce, Sr. Calviño, vostede sabe que se o Presidente de AENA ven á cidade de Vigo podería facer unha chamada pero non, vai facer a rolda de prensa á cidade da Coruña. Pero nós niso non nos metemos, onde a queira facer é unha cuestión de oportunidade política e cada quen pode face o que coide máis axeitado.

Aquí se sacaron varios temas coma o do segundo cinto e eu tamén teño que falar dese tema. O Goberno do Sr. Pérez presentou un trazado do segundo cinto que todos rexeitaron menos o Partido Popular. Ó final cambiouse de Goberno e con catro modificacións o trazado é o mesmo. ¿Sabe cal foi a diferenza que houbo? Que nós cando gobernabamos tiñamos unha oposición que non apoiaba ó Goberno. Cando nós chegamos á oposición dixemos que o segundo cinto era unha obra fundamental para a cidade de Vigo e engadímonos a ese trazado que vostedes propuxeron, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista.

Pero miren a diferenza de trato que hai duns ministros a outros. O Sr. Álvarez Cascos estivo aquí, no despacho do Sr. Pérez Castrillo; coido que poucos Ministros de Fomento estiveron neste despacho, pois o Sr. Álvarez Cascos estivo neste despacho e acompañado dos voceiros que hai que agradecer naquel momento ó Sr. Pérez Castrillo que tivera a deferencia con todos os voceiros; primeiro tivo el unha reunión privada co Sr. Álvarez Cascos e logo invitounos a todos os voceiros. Entroutros temas falouse do AVE, chegouse a acordos sobre os segundo cinto pechados con apoios de toda a Corporación.

Mesmo lle vou dicir algo máis, eu pedinlle unha entrevista ó Sr. Álvarez Cascos sendo membro da oposición como membro tamén do propio Partido e falei co Sr. Pérez Castrillo e lle dixen: "Alcalde, vou ir a Madrid para

tentar apoiar o tema do segundo cinto e do AVE". É certo que o Sr. Pérez Castrillo díxome que sen ningún problema. Tiven a lealdade institucional de facer esa visita a Madrid pero con "consentimento" ou alomenos co beneplácito do Sr. Alcalde e cando cheguei de Madrid o primeiro que fixen foi descolgar o teléfono e comentarlle ó Sr. Alcalde as conversas co Sr. Álvarez Cascos; evidentemente eu tamén estaba facendo política, estaba apoiando á cidade pero a diferenza é que fun leal co Alcalde daquel momento e iso está aí.

¿Por qué o Sr. Cascos logo di que non ós cambios? Dixo que non porque houbo un pacto de toda a Corporación para que o trazado do segundo cinto fose o que foi; seguramente as obras importantes precisan modificados ou transformacións segundo van avanzando as obras e o Sr. Álvarez Cascos entendeu que ese non era o momento. Pero é que agora volve suceder o mesmo, por unha cuestión puramente técnica voltan dicir que non coas mesmas formulacións que se fixeran antes. Polo tanto o Sr. Álvarez Cascos non foi un mal ministro para esta cidade e o Sr. Toba e o Sr. Pérez Castrillo sábenno porque tiveron moitas reunións con Demarcación de Estradas e cos responsables do Ministerio; o Secretario de Estado estivo aquí varias veces facendo visitas.

Polo tanto as obras están aí, o segundo cinto está aí apoiado polo Ministerio daquela e polo Goberno do Partido Popular, unha obra que levaba 15 anos de retraso.

Do auditorio xa falou o meu compañeiro, Sr. López-Chaves e seguramente vostedes logo do que lles vou dicir me dirán que non queren saber nada doutras épocas do Partido Socialista.

A idea da localización do auditorio naceu do Goberno do Sr. Pérez no ano 97 cun proxecto borrador de D. Alfonso Penela e cando queiran llo dou porque o teño gardado na miña casa. Logo chegou o Sr. González Príncipe e fíxose cargo do departamento de Cultura e o primeiro que fixo foi chegar a un acordo cos traballadores da UXT liderados por D. Matias Movilla, que isto tamén é importante porque agora son esas persoas e eses persoeiros os que están en contra de todo, hai que lles preguntar pola edificabilidade que ten Casa Mar no outro lado porque ninguén fala de Cordelerías Mar. Pregunten qué edificabilidade ten Cordelerías Mar a D. Matias Movilla e ós traballadores de UXT, porque esa foi a negociación que fixo o Sr. González Príncipe para defender os intereses do seu Partido, eses 6 millóns de euros non foron para rescatar a concesión porque todos estivemos nesa negociación. Voulo dicir claramente, o Sr. González Príncipe regalou 6

millóns de euros para o rescate dunha concesión que non se tiña que facer e agora se está demostrando porque agora ó final nos fan pagar os terreos. ¿Qué concesión había? Acábao de dicir o Sr. López-Chaves: frigoríficos maltreitos.

Iso foi o que fixo o Partido Socialista, regaloulle 6 millóns de euros e nós votamos en contra dese proxecto porque naceu mal. Logo o Sr. González Príncipe chegou a acordos co Goberno da Xunta e foi el quen fixo a negociación dos 15 e 15 millóns de euros, non fomos nós e se queren lles lembro unha foto na azotea con todos os persoeiros de Galiza e de Vigo, enriba da azotea de Casa Mar se asinaron os 15 e 15 millóns de euros e foi o Partido Socialista.

Tivo que chegar unha Alcaldesa do Partido Popular para poñer en marcha ese proxecto porque durante os últimos catro anos non se fixo absolutamente nada; o Sr. González Príncipe saíu na foto, asinou ese convenio e non moveu nin un só papel, non fixo a desafectacións dos terreos, non iniciou o expediente. Durante un ano e medio que levamos no Goberno se fixo a desafectación deses terreos e cando todos pensabamos que non íamos ter ningún problema porque a Sra. Alcaldesa, nunha reunión na que eu estiven tamén presente, estivo co Presidente de Portos do Estado e díxonos que coidaba que non debería haber ningún problema para a cesión gratuita sempre e cando fose de interese xeral ou ¿cómo se confecciona o proxecto do pazo de congresos? ¿por qué se fai o proxecto da parte privada? ¿sábennos vostedes? Pois se quere ó mellor con máis tempo llo digo algún día, cando teña oportunidade e non sexan as dúas e vinte da tarde.

Iso todo fíxoo o Partido Socialista e deixou aí unha obra tirada e ós traballadores case tirados porque houbo que aprobar o convenio de Cordelerías Mar hai poucos meses. ¿Quen estaba detrás de todo iso? Partido Socialista. Entón ¿qué están falando vostedes desta cidade, de discursos e de cuestións?

Coido que o importante demostrámolo, neste tema non protestamos, nin ata o día de hoxe levantamos a voz, pero o que non é de recibo é que nos teñamos que quedar calados cando se nos critica por unha falla de xestión, non hai ningunha falla de xestión.

Repítolle de novo que o pazo de congresos vai saír, a depuradora vaise instalar onde se ten que instalar ou ¿tamén hai aquí algún dobre discurso dalgúns cargos do Partido Socialista? A depuradora é imprescindible para esta cidade. A señora Porteiro que estivo comigo nun debate na radio en Coruxo sabe coma cheira e o que están aguantando os veciños de Coruxo.

Houbo que instalar unha depuradora seguramente nun sitio que non foi o máis axeitado e agora cometeuse un erro e ese erro haino que corrixir dun xeito definitivo e os estudos din claramente que non hai outra posible localización pero á lixeira dise que non de entrada. ¿Será ó mellor porque coma a hai que declarar de interese xeral o Goberno central terá que aportar o 85% dos fondos de cohesión? Coido que xa está ben.

Repítolles de novo que nós imos seguer traballando por esta cidade e imos tentar non criticar a ningún Goberno pero déixennos traballar porque vostede ten que entender que algo raro pasou cando a cesión dos terreos en principio ia ser gratuita ou esas eran as liñas que se estaban marcando. A Sra. Alcaldesa estivo co Presidente de Portos no seu despacho, eu acompañeina nesa entrevista e as negociacións ían ben pero de súpeto semella que hai unha man negra que se mete polo medio e rematou, hai que pagar 3,9 millóns de euros. ¿Iso é o importante para esta cidade? Pois que o aporte o Goberno central que digan que van cobrar eses cartos pero que van aportar doutro Departamento. Non, os cargan á cidade de Vigo. Pois non se preocupen que xa se resolverá tamén o problema dos 3,9 millóns de euros. Esas son as cuestións que hai que dicir, hainas que dicir moi alto e moi claro porque nós temos a conciencia moi tranquila pola xestión que está facendo este Goberno durante os últimos meses, coido que é unha xestión importante.

Aquí hai un debate claro, nós temos en marcha un Plan Xeral con dez Concelleiros, supoño que algún mérito teremos; aprobamos uns orzamentos co beneplácito de vostedes. Estamos sacando os proxectos que estaban paralizados: o auditorio-pazo de congresos, o estudo da depuradora está en marcha e proxectos importantes desta cidade que levaban moitos anos paralizados se están levando a cabo.

Supoño que o Goberno central do Partido Popular foi decisivo na aportación e no financiamento do segundo cinto, non cuestionará absolutamente ninguén eses 20.000 millóns de pesetas que aportou no seu momento cun Goberno presidido polo BNG á cidade de Vigo, coido que non houbo ningún tipo de discriminación. Seguramente habería que cuestionar outras historias pero este sería un debate moi longo aínda que sería moi interesante.

Nós o único que lle dicimos con respecto a este tema é que temos o maior interese porque o aeroporto de Vigo funcione correctamente, que o Presidente de AENA sega colaborando, que nós non estamos criticando iso, é unha cuestión única e exclusivamente de formas, non estamos falando do fondo pero as formas tamén son importantes porque se ese señor nos chamara

e nos dixera que non había posibilidade de reunión estou convencido de que a nosa actuación sería totalmente distinta. Nós dentro da boa fe estabamos esperando porque coidamos que unha persoa cando dá a súa palabra tenta cumprila e se non pode el manda a un técnico, un responsable dese departamento e teriamos as conversas e reunións os catro grupos políticos e seguramente enriqueceriamos moito máis este documento.

Repito de novo que a xestión que se fixo aquí foi a correcta, a que marca as canles democráticas e de lealdade institucional e nós imos seguir traballando nesa liña.

Tamén lle digo que nos criticaron hai algúns meses porque faciamos demasiadas comisións; pois eu lles vou pedir á Sra. Alcaldesa e ó noso Grupo que voltemos ás comisións porque ó final coido que é o que vostedes queren.

(No momento das votacións está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito

Primeiro.- Aprobar o informe previo á aprobación inicial do Plan Especial do sistema xeral aeroportuario de Vigo, que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Ampliar o apartado terceiro das conclusións do informe, manifestando que, de conformidade coa normativa aplicable, debe entenderse preceptivo no procedemento administrativo de aprobación do instrumento, a existencia dun documento referido ó Estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico.

B.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSdeG-PSOE E DO BNG RELATIVA ÓS REPRESALIADOS DO 36 E QUE NO VINDEIRO ANO SE LLE CONCEDA O TÍTULO DE VIGUESA DISTINGUIDA A D^a CONCHA NOGUEIRA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 31 de marzo de 2005, as concelleiras Sras. Graña Barcia e Martíns Vilanova, dos Grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG, respectivamente, formulan a seguinte moción:

"A decisión da Xunta Local de Goberno de non incluír aos represaliados do 36 na lista de Vigueses Distinguídos, que nos pareceu a todas luces antidemocrática, levou consigo a ruptura dun consenso que se mantivo nos últimos anos nestas distincións, habida conta de que un acto tan importante coma íse, no que se homenaxea a homes e mulleres que contribúen a elevar a estima da cidade, non se pode deixar ao arbitrio de decisións partidistas ou de carácter ideolóxico.

Creemos merecidísimos os galardóns que se concederon, xa que todos os distinguídos son persoas ou colectivos que teñen demostrado sobradamente o seu traballo por Vigo e a súa adicación na defensa da nosa cidade. Por esta mesma razón non entendemos que non se distinguíra con este galardón a moitos homes e mulleres que morreron e sufriron a represión polo simple feito de defender os valores da liberdade e da democracia.

Non podemos aceptar o argumento de que este colectivo é un ente abstracto, xa que non se pode considerar como tal a homes e mulleres con nomes e apelidos e que nalgún caso aínda viven.

Parécenos polo tanto un grave agravio para un colectivo que representa a homes e mulleres que loitaron por defender o que hoxe todos disfrutamos. Mesmo queremos salientar que dous anteriores alcaldes desta cidade se encontran entre estes represaliados; alcaldes elixidos democráticamente, ao igual que os alcaldes ou alcaldesas da actualidade.

Recuperar a memoria histórica é o mellor antídoto para que episodios tan negros da nosa historia non se repitan nunca máis e que servan de exemplo para as xeracións vindeiras.

Por todo o exposto e como desagravio diante da decisión unilateral do goberno do PP propoñemos o seguinte acordo:

- 1.- O Pleno da Corporación aproba nomear a unha rúa ou praza da cidade co nome de Represaliados do 36 e, a tal efecto, iniciaranse os trámites necesarios. Así mesmo colocárase unha placa nun lugar visible da Casa do Concello recordando a estes represaliados e en particular aos alcaldes Enrique Blein Budiño (1931) e Martínez Garrido (1936) que foron fusilados.
- 2.- O Pleno da Corporación insta á Xunta Local de Goberno a que no vindeiro ano reconsidere a súa decisión e conceda o título de Viguesa Distinguída a Dna. Concha Nogueira en representación dos Represaliados do 36."

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: ¿Trátase dunha moción que presentan conxuntamente o Bloque e o Partido Socialista? Nós non a coñecemos. Ímonos do Pleno.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: A urxencia pódese argumentar en que esta moción derívase da non aceptación da proposta do BNG para Vigueses Distinguidos á Asociación pola recuperación da memoria histórica entón é neste momento cando se presenta a debate este asunto.

A PRESIDENCIA: Non imos poñer ningún problema para a urxencia pero quero dicir que tiña que ser antes.

(No momento das votacións están ausentes os Sres. Alonso Vázquez, Guerra Fernández, Iglesias Carrera e Soto Ferreiro e a Sra. Polo Lima)

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SRA. PORTEIRO GARCÍA: Moitas grazas, Sra. Presidenta e tamén ós compañeiros do BNG por esta iniciativa que presentamos conxuntamente.

É unha iniciativa que se presenta neste momento porque antes sería imposible facelo xa que a decisión que se toma por parte do Goberno municipal se produce entre o anterior Pleno e o actual e ademais de non haber a decisión que vostedes toman, loxicamente non habería esta iniciativa.

En primeiro lugar queremos que quede clara a nosa felicitación e o noso apoio ós Vigueses Distinguidos que así foron recoñecidos e que recibiron a súa distinción o pasado martes.

A distinción de Vigueses Distinguidos pasa xa de 15 anos nesta cidade, mesmo deu lugar a unha Fundación, é algo que ten un prestixio, un apoio social e un recoñecemento que nos compartimos e co que nos colaboramos no decurso da historia para que así fora.

Pero acontece que neste celebración se rompen as regras de xogo seguidas ata o momento e sobre todo rómpese o consenso e a unidade coa que todas as forzas políticas temos apoiado a designación das persoas que anualmente reciben esta distinción.

Para o noso Grupo político a actitude do Goberno municipal nesta cuestión produciunos unha grande sorpresa e un evidente disgusto, non persoal senón sen dúbida político.

Antes de chegar á decisión de non aceptar a proposta do noso Grupo e tamén do BNG para que fose recoñecida coma Viguesa Distinguida unha persoa, dona Concepción Nogueira, que pertence a un colectivo denominado Comisión Viguesa pola Memoria do 36, produciuse algunha actitude que nós coidamos que se pode denominar coma unha afronta, Sra. Porro. Vostede non quixo recibir a esta señora nin ás persoas da Comisión que pediron unha entrevista con vostede. Pero se produce unha afronta posterior que é que por primeira vez non se escoita unha proposta refrendada por dous Grupos municipais coma son BNG e PSdG e prodúcese ademais unha terceira afronta na medida en que esta persoa sería a única muller que en calidade de tal e de cidadá viguesa recibira a distinción de Viguesa Distinguida nesta edición, situación que lamentamos profundamente e que esperamos que non se volva repetir porque non semella de recibo que o 51% da poboación non estea reflectida tamén neste tipo de galardóns.

Pero isto tamén acontece nun momento en que toda España está vivindo unha situación de recoñecemento da débeda histórica que temos coas persoas que foron vítimas e represaliadas durante a Guerra civil. Recentemente o Parlamento español co apoio unánime de todos os Grupos políticos acordaba, por exemplo, unha medida tan xusta e tan dilatada no tempo a súa decisión coma foi conceder unha pensión ós que foran os nenos expatriados á daquela Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas, hoxe Rusia. Nestes días soubemos a nova de que o Goberno está estudando a redefinición do Valle dos Caídos, monumento oprobioso para a memoria dos milleiros de presos políticos e antifranquistas que deixaron alí as súas vidas.

Escoitamos permanentemente ó Partido Popular preocuparse moito, preocupación que nós compartimos, polos presos políticos ou represaliados de ditaduras contemporáneas. Sorpréndenos polo tanto que o Partido Popular en Vigo e o Goberno municipal esqueza o que pode facer ó día de hoxe polos superviventes dunha cruel represalia política e que aínda son conveciños nosos, que ademais se organizan, que ademais nos fan a todos o favor de non

incorrer nunha enfermidade que se chama amnesia e neste caso unha amnesia voluntaria.

Estránanos, Sra. Alcaldesa, a súa falla de sensibilidade que non se acae cunha Corporación tan plural coma a propia sociedade viguesa, na que vostedes efectivamente gobernan con minoría pero gobernan con apoios puntuais que lles permiten facer o seu traballo coido que folgada e comodamente, na que o noso Grupo político dende logo non coido que sexa merecente de ningunha crítica en canto a acritude, nin en canto a poñer pesas, nin obstáculos, nin atrancos ó seu traballo, nin tan siquera o estilo, o ton ou o talante co que nós facemos o noso traballo de oposición. En troques atopámonos á nosa proposta, desculpe o adxectivo, non quero ofender, unha resposta atorrante, resposta, baixo o noso punto de vista tamén, antidemocrática e parécenos que o ton en xeral que vostedes lle deron este ano á celebración da Reconquista ó final ten un cheiro guerreiro e belicista que nos desagrada tamén profundamente porque dicía o Sr. Figueroa, quen antes me aludiu por outra razón, que non queremos máis polémicas nesta cidade. Vostedes crearon unha polémica absurda dentro da propia cidade, cos propios veciños de Vigo esquecendo, non escoitando, rexeitando e afrontando a un colectivo dignísimo e merecente de todo respecto e por suposto á persoa que nós coidamos representante en si mesma, a ela coma persoa particular facéndolle, coma lle digo un "feo" institucional que nós coidamos que se debe corraxir.

O Vigo actual, Sra. Porro, entnendemos que non precisa de ningunha reconquista política. O Vigo actual non está sitiado por ningunha forza ocupante, é un Vigo plural e democrático que se ten que saber relacionar institucionalmente con todas as institucións, que ten que ser quen de enarbolar e practicar o diálogo máis aló de enuncialo permanentemente, as verbas que non veñen corroboradas polos feitos son verbas baleiras, son propias de charlatanería que en política é unha fea actitude e pregámoslle, por favor, que recupere a linguaxe e as formas de relacións institucionais, que deixe o xesto crispado que non favorece para nada ó progreso da cidade e que aproveite esta oportunidade que lle tendemos con esta moción para recuperar un goberno correcto, un goberno que conta cun apoio expresado e demostrado dende logo do noso equipo para aquelas demandas que coidamos realmente importantes e, polo tanto, esperamos que corraxan esta fea actuación para lle dar á D^a Concepción Nogueira Miguel a restitución da súa honorabilidade que coidamos quedou en entredito.

Lembramos que D^a Concha Nogueira é unha das moitas viguesas que sufríu nas súas carnes as consecuencias da Dictadura do Xeneral Franco. Cando era moi pequeniña, tiña tres anos, ela e a súa irmá Carmiña tamén moi nova, perderon ós seus pais cando en compañía doutros sete compañeiros tentaban abandonar o País ó bordo do bou Eva.

Estas nenas pequenas tiveron que quedar ó coidado dos seus avós e familiares paternos e ós 12 anos Concha gañou os seus primeiros cartos dando clases a rapaces máis pequenos. Acadou chegar a seren secretaria, uns anos máis tarde uns amigos déronlle a oportunidade de irse a Venezuela, foi tamén unha das protagonistas da emigración e alí viu nacer ós seus tres fillos e ós seus catro netos.

É unha muller amante da cultura, do continuo apredizaxe, desenvolve con entusiasmo o seu labor coma secretaria da Asociación Máximo Gorki de soliedariedade entre os pobos e colabora coa Marcha mundial pola igualdade de dereitos de mulleres e homes; milita no Partido Comunista e forma parte da Comisión Viguesa pola memoria do 36.

Insistindo na idea de que a nosa proposta era para a persoa e non para a Asociación, que foi a excusa que vostedes deron de non figurar no Rexistro oficial para o respecto, e de acordo cos nosos compañeiros do BNG solicitamos deste Pleno que se nomee unha rúa ou praza da cidade co nome de Represaliados do 36 e que o Pleno da Corporación tamén inste á Xunta de Goberno Local para reconsiderar a súa decisión e conceder o título de Viguesa Distinguida a D^a Concha Nogueira en representación tamén dos Represaliados do 36 na edición do ano próximo que é cando se poidería facer.

Lembrarlles tamén que dentro duns días se vai conmemorar o segundo aniversario da dedicación nesta cidade dunha rúa á República, rúa moi próxima ó Concello, semellounos un xesto digno e honorable no seu momento e semellaríanos este o momento oportuno para ó redor destas datas facer esta restitución que nós lle solicitamos conxuntamente co BNG.

SRA. MARTÍNS VILANOVA.: Só quería dicir unhas verbas porque son consciente da hora, para suliñar un aspecto que vai recollido na exposición de motivos da moción coma é a necesidade de manter viva a memoria histórica porque este é un aspecto que se pon en cuestión ás veces e que é o que se utiliza para argumentar precisamente en contra.

É unha característica dos seres humanos precisamente ter memoria porque nós, a diferencia doutros seres vivos, non partimos de cero, somos quen de nos

aproveitar da experiencia acumulada ó longo do tempo e poder avanzar a partir dela e non repetir erros.

En ningún momento as medidas que se propoñen nesta iniciativa queren supoñer ningún acto de enfrontamento contra ninguén, nin un atentado contra a boa convivencia, senón que é un acto de xustiza e non un acto de desquite ou de vinganza.

A necesidade de lembrar é importante, temos que lembrar os sucesos relevantes. Cando son positivos para nos orgullecer deles, cando son negativos, nuns casos para non os repetir e noutros, coma é o noso, para non consentir que se repitan.

Logo de haber en toda Galiza 30.000 fusilamentos levados a cabo para impoñer durante décadas a dictadura do silencio, do medo e do terror; de ver coma profesionais de todo tipo: médicos, sacerdotes, xornalistas, ensinantes, no caso de Vigo ademais dous Alcaldes, todas estas persoas que morreron por se opoñer á opresión, morreron por abrir un camiño á esperanza á súa xente e polo tanto coidamos que necesitan unha iniciativa institucional de desagravio e de rehabilitación para estas persoas que en palabras de Castelao foron clasificadas coma "mártires da liberdade".

SR. FIGUEROA VILA: Brevemente dicirlles que nos sorprende tremendamente esta estratexia que están seguindo durante as últimas semanas con respecto a este tema porque vostedes, que foron membros do Goberno, tanto un Partido coma o outro, durante moitos anos nesta cidade, máis de 20 anos entre o Partido Socialista e o BNG, tiveron a oportunidade nalgún deses anos de facer esta proposta e levala a cabo.

Nós non imos entrar en reabrir políticas de enfrontamento e de rencor e polo tanto non imos intervir máis, só imos dicir que nos imos abster, ímonos manter á marxe, sabemos que hai unha política clara de reabrir estes debates para que o Partido Popular entre na trampa política. Non o imos facer, imos utilizar a intelixencia, a cabeza e o único que queremos é o máximo respecto para todos. Igual que nós podemos no noso fondo respectar a súa proposta, esperemos que vostedes teñan tamén a coherencia e a dignidade de respectar os pensamentos de cada un de nós.

Coido que o máis importante nesta sociedade que vostedes din que é plural coma é Vigo é non reabrir estes enfrontamentos, coido que sería o mellor que lle poderíamos facer os 27 membros desta Corporación a toda a cidadanía, coido que niso está o equilibrio da postura de cada quen.

Ímonos manter á marxe, non imos facer máis discursos e damos por zanzada esta cuestión dun xeito definitivo, pero só lles pedimos unha cousa: igual que nós os respectamos a vostedes esperamos que vostedes sexan quen de ter a coraxe e a dignidade persoal de nos respectar a nós coma persoas. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Porteiro García, Ruíz Cenicerós, Sío Lourido, Toba Girón e Vieitez Alonso, e sete abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, López-Chaves Castro, Molares Pérez e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polas concelleiras Sras. Graña Barcia e Martíns Vilanova, dos Grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, respectivamente, relativa ós represaliados do 36 e instando que no vindeiro ano se lle conceda o título de Viguesa Distinguida a D^a Concha Nogueira, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

22.- (77).- ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DO VOCEIRO DO PARTIDO GALEGUISTA, SR. SOTO FERREIRO, SOBRE NECESIDADE DE NOVA DEPURADORA SOTERRADA NOS TERREOS DA ZONA FRANCA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro xeral do 23 de marzo de 2005, o voceiro do Grupo Municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula o seguinte rogo:

"Primeiro de todo digamos claramente que a impericia ou un sentido patrimonial partidista ou ámbalas dúas cousas, están na xestión da Consellería de Medio Ambiente e máis na Alcaldía de Vigo cando se presenta un proxecto da magnitude da nova depuradora viguesa sen o ter comentado polo miúdo co Sr. Delegado do Goberno na Zona Franca.

Agora ben, conste que estamos diante dunha das obras máis substanciais para Vigo, razón pola que o Partido Galeguista a ten como unha das condicións "sine qua non" para podermos chegar a votar a favor do PXOM. E conste que esta solución chega cun enorme atraso (estamos a contaminar a ría de mala maneira), polo que poñerse con xoguetas políticas encol dela é un desatino de primeira magnitude.

Lamentablemente as polémicas entre a Alcaldía viguesa e o Sr. Delegado do Goberno na Zona Franca parecen terse instalado de xeito permanente, cousa que nos fai sufrir a todos os que estamos nos arredores e, sobre todo, ó pobo vigués que non sabe qué males ten cometido para recibir a cambio tanto aldraxe.

Primeiro foi o intento de botar para atrás o convenio Vigo 2005, co gallo do evento da Volvo Ocean Race, logo a discrepancia sobre o remate das obras do túnel de conexión entre a autopista galega e Beiramar, depois sobre a construción do edificio da Laxe, en contra do expresado unanimemente pola Corporación, máis tarde puxéronse dificultades á construción de varios polígonos industriais, un deles precisamente para permitir a expansión de Citroën polo único lugar posible, cara a Matamá, e agora as declaracións sobre a nova depuradora de Vigo, seguidas dunha máis que velada ameaza de levar de Vigo a Zona Franca.

¿Por qué esta nova controversia se todos sabemos que esa zona inicialmente prevista serve para aparcas coches de Citroën? ¿É que non se poden aparcas coches enriba dunha depuradora soterrada? Pois na nosa opinión poderían e deberían facelo mesmo en varios andares, para oaprimizar o aproveitamento do solo.

Estamos diante de demasiadas discrepancias e moi graves, como para ser casualidade e por iso nos preguntamos: ¿Quen é responsable de nomear e cesar ós delegados das tres Zonas Francas de España? O Goberno do Estado. Entón do silencio compracente do Goberno de España cabe tirar outra pregunta: ¿Estamos diante dunha política deliberada do PSOE en contra dos intereses de Vigo? ¿Será porque Vigo ten unha Alcaldesa do PP? ¿Non sabe o Goberno de España que foi a calamitosa actuación do Sr. Pérez Mariño, é dicir, o representante do PSOE, coa axuda do BNG, quen puxeron á Sra. Porro de Alcaldesa? ¿Non llelo dixeron os responsables do PSOE vigués ó Goberno de España? ¿É conscente o PSdeG-PSOE, Sr. Touriño, do que se tenta de facer con Vigo polo seu partido, de xeito case permanente?

Cómpre lembrar que, ademais das posturas do Sr. Delegado do Goberno na Zona Franca xa comentadas, as posicións do Goberno de España sobre a alta velocidade ou o incumplido compromiso sobre a eliminación da peaxe de Rande (en troco do trato dispensado a Andalucía) ou o problema co auditorio...

¿Realmente é unha política persoal a do Sr. representante do Estado na Zona Franca ou obedece a unha táctica de partido de "a por eles"? Claro que ó parecer non se decataron suficientemente de que o "a por eles" non queda no PP, senón que de feito os que pagamos e sufrimos esas noxentas políticas somos todos os vigueses.

Nada nos gustaría máis que se corrixan actitudes como as que denunciámos, que crispan fundamente á cidadanía por seren inimigas obxectivas de Vigo. Pero o Partido Galeguista está a xulgar feitos. E non se molesten dende o PSOE en facer desmentidos verbais, nin en dicir que lle queren moito a Vigo. Déixense de andrómenas e demostren con feitos que teñen un desexo de servizo obxectivo e verdadeiro con Vigo e a súa Área Metropolitana. Porque a posibilidade desa demostración está nas súas mans. Depende da súa vontade de acción política. Repetimos: ¡Con feitos por favor!

Por outra banda, a Sra. Alcaldesa e o Sr. Conselleiro de Medio Ambiente deben quitarlle toda razón de descoñecemento ó Sr. Delegado do Goberno na

Zona Franca sobre un proxecto de estación depuradora (indispensable para a Área Metropolitana de Vigo por ser para a súa ría) e de seguido seren quen de chegar a acordos mesmo beneficiosos para a propia Zona Franca, cousa tamén ben importante para Vigo. Polo dito:

Que a Sra. Alcaldesa dea todos os pasos de aproximación convenientes cara ó Sr. Delegado do Goberno na Zona Franca para lle explicar, tan polo miúdo como sexa preciso, a importancia e a necesidade de situar a depuradora de xeito soterrado en terreos portuarios de Bouzas, sen que iso teña que supoñer un perxuízo para a Zona Franca de Vigo.

Asemade, a Sra. Alcaldes debe pedirlle unha actitude semellante ó Sr. Conselleiro de Medio Ambiente."

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Vou utilizar algunha argumentación diferente que non tiña prevista pero estes cambios de guión, motivan cambios de todos e entón vou dar algunhas opinións polo camiño e vou falar do rogo sobre o tema da nova estación depuradora de Vigo e o seu emprazamento.

Unha vez máis primeira reacción do Sr. Delegado da Zona Franca sobre unha proposta indebidamente feito polo Goberno municipal, perdoen que lles diga claramente que nin a Sra. Alcaldesa nin o Sr. concelleiro de Medio Ambiente estiveron á altura das circunstancias porque na nosa opinión terían que lle ter comunicado ó Sr. Delegado do Estado na Zona Franca cales eran as pretensións que había e a partir daí facelas públicas. Non só dicirlle o que queríamos facer senón que explicarlle o proxecto polo miúdo e facer algo máis que aínda agora mesmo estou a botar de menos porque quen fala e que poder facer moitos ataques dialécticos ó Sr. Delegado da Zona Franca e está disposto a facelo en defensa dos intereses de Vigo, tamén di que para nada o Partido Galeguista está en contra dos intereses da Zona Franca, máis ben todo o contrario. É unha institución preciosa e preciosa para esta cidade e por tanto hai que defender os intereses de todos, incluída a Zona Franca.

O Goberno municipal da un paso adiante e, deixenme que lles diga, pola ansias electoralistas que se lles ven nos últimos tempos pasa o que pasa e non dan os pasos onde deben dalos.

Vostedes dan un paso importante á hora de acadar que Augas de Galicia presente un proxecto da depuradora e iso é o substancial, por iso vou falar diso e tamén do que me parece a conducta dalgúns grupos políticos.

Paréceme que hai que dar un paso máis alén do que dixemos neste tema. E posible e hai que tentar salvagardar a ampliación do porto, o emprazamento dunha depuradora nesa zona porque non hai outra para a facer con seriedade

e con rigor, a ampliación do porto tamén ten que contemplar os 60 ou 80 mil metros que se necesitan para a estación ferroviaria de mercadorías que aí se precisa e temos que asumir a responsabilidade de dicir se queremos que esta cidade medre industrialmente e en medio ambiente ó mesmo tempo, non dicir que medre en medio ambiente porque poñemos unha depuradora e amolar á Zona Franca nin cousa polo estilo.

Sra. Alcaldesa, rógoille que dea todos os pasos de aproximación convenientes cara ó Sr. Delegado do Goberno da Zona Franca para lle explicar tan polo miúdo como sexa preciso a importancia e a necesidade deste proxecto, pero tamén que poñen enriba da mesa, ó mellor dentro do marco do plan do litoral, as solucións integrais que se necesitan para esa zona.

Iso serían os feitos do facer; os xeitos de non o facer xa diron pasos vostedes como no xeito de non o facer se teñen dado no caso da moción anterior.

Sra. Alcaldesa, o exemplo do que non se debe facer é presentar unha moción no Pleno da Corporación rachando a dinámica histórica de corrección, de respecto entre os membros desta Corporación, porque esa dinámica é que todo o mundo dalle a todo o mundo as súas mocións e nós enterámonos aquí no Pleno, por certo, saiban que sobre un contido que non votamos pero que cando os familiares dos afectados nese lamentable suceso que foi a guerra civil do 36, viñeron consultar a miña opinión e díxenlles que nós naturalmente estabamos dispostos a apoiar unha reivindicación histórica desas familias. Como non ía eu dicir iso se entrei na Alcaldía de Vigo dicindo que non recoñecía ningunha outra lexitimidade que a do Alcalde Sr. Martínez Garrido namentres houbo unha paréntese sanguenta nesta cidade, se vostedes non o lembran eu si e síntome orgulloso do ter dito.

Dame mágoa ver como vostedes con eses mortos fan política partidista dun xeito absolutamente lamentable. Cando se tenta de sacar unha resolución política vostedes non tentan ter o maior apoio político, fan unha operación de dobre partido. Qué sorte ten a cidade de Vigo nisto, debe ser das poucas cousas nas que vostedes non se pelexan e non andan á greña e iso é positivo porque en todos os demais proxectos desta cidade andan á greña. Eu tamén estaría de acordo se me tiveran dito o que querían votar.

Vostedes acusan á Sra. Alcaldesa de non ter aceptado esa proposta. Se eu fose Alcalde naturalmente lles aceptaría a súa proposta coa mesma lexitimidade que non lla aceptou a Sra. Alcaldesa porque iso é unha cuestión de opinión pero, xa que falan de precedentes, nunca se montou un aldraxe semellante contra os premios de Vigueses Distinguidos porque

vostedes poderían facer o que fixeron hoxe con todos os apoios posibles e non desprezar ós vigueses que merecían estar alí, algún deles ben próximos a vostedes e non o fixeron facéndolles un desprezo intolerable.

Os dous grupos políticos non paran de dar bandazos, son unha desgraza política para esta cidade e acábano de demostrar neste tema unha vez máis e non paran de gañar a pulso ese tipo de posicións, así lle vai a Vigo.

Este exemplo que lle quería poñer, perdoe pola finta política, e que vostede non debe aplicar coa Zona Franca e co seu Delegado por tanto pídolle que recupere esa relación do mellor xeito posible e que sexan quen de poñer enriba da mesa todos os argumentos necesarios para que poida medrar o porto, se poida facer un proxecto ferroviario imprescindible para o porto como tal e para o relacionar co porto seco de Salvaterra e ó mesmo tempo que se poida instalar aí a depuradora. A máis diso con aparcadoiros de coches en altura e todas as cousas que poidan xurdir polo camiño para que Zona Franca tamén quede ben tratada neste tema.

A PRESIDENCIA: Sr. Soto, están feitos todos os pasos de aproximación, hoxe mesmo estiveron co Delegado e onte, no Consello, precisamente se cambiou de actitude. Penso que imos no bo camiño.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PG, SR. ALONSO VÁZQUEZ, SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DA AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 31 de marzo de 2005, o concelleiro do Grupo Municipal do Partido Galeguista, Sr. Alonso Vázquez, formula as seguintes preguntas:

“Comezo por lembrar que a Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Vigo foi no seu día a mellor de Galicia, con moita diferenza. Tivo daquela uns 130 voluntarios.

Logo foi esmorecendo pouco a pouco ata chegar ós tempos de hoxe, na que temos 8 voluntarios. As cifras xa o din todo. E ademais o pasado día 29 de Marzo dimitiu a Xunta Directiva da Agrupación.

É unha mágoa que, sabendo que en Vigo hai tanta xente con espírito solidario e ánimo pra axudar ós demais, teñamos esta situación. E cómpre pórllle remedio xa.

Rogámoslle pois, Sra. Alcaldesa, que se tomen as decisións seguintes:

S.Ordinaria 01.04.05

1.- Que constitúa unha Comisión Xestora da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Vigo con técnicos do noso Concello (coidamos que fundamentalmente deberían ser de Seguridade).

2.- Que esa Xestora realice unha análise profunda, que conteña un inventario exhaustivo de todo tipo de medios, sobre a situación da Agrupación.

3.- Que a vista desa análise se elabore unha diagnose e un programa de actuación que conteña propostas de obxectivos, de medios humanos, técnicos e máis económicos, pra que contemos cunha digna Agrupación de Protección Civil.

4.- Que ese programa teña prevista a coordinación da nosa Agrupación con outras da Área Metropolitana de Vigo e tamén con outras Agrupacións de Galicia.

5.- Que, unha vez elaborado, se lle presente o programa á Comisión de Seguridade pra que emita o dictame oportuno co gallo de ser aprobado polo Pleno, se o estima oportuno.

6.- Que, en base ó programa de actuación e o achegamento de novos voluntarios, estes elixan, democraticamente, unha nova Xunta directiva da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Vigo."

INTERVENCIÓN DO SR. ALONSO VÁZQUEZ: Este rogo é sobre un tema que é o suficientemente grave como é a dimisión que presentaron hai un par de días a directiva de Protección Civil desta cidade. Quero lembrar que cando se fundou sendo Alcalde o Sr. Soto, había 130 voluntarios e funcionou ben. Cando demitiron había 8.

Non quero dicir máis porque onte unha rapariga preguntoulle á miña fila que eran os políticos e díxolle "Son uns señores que falan moito e non din nada", por iso eu procuro ser curto e breve.

Sra. Alcaldesa, pídlle que constitua urxentemente unha comisión xestora da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Vigo con técnicos desta Casa do Concello e coidamos que deben ser membros de Seguridade, que os hai e moi bos por certo.

En segundo lugar que esa xestora realice unha análise profunda e que conteña un inventario exhaustivo dos medios e sobre a situación da agrupación; os que hai e os que vai haber, todos.

En terceiro lugar que á vista desta análise se realice unha diagnose do programa de actuación que conteña propostas e obxectivos de medios humanos, técnicos e máis económicos para que contemos unha digna Agrupación de Protección Civil pensando que temos dentro de pouco a regata da Volvo.

Cuarto que Que ese programa teña previsto a coordinación da nosa Agrupación con outras da Área Metropolitana de Vigo, como dicía antes o Sr. Vieitez, e tamén con outras Agrupacións de Galicia.

Que, unha vez elaborado, se lle presente o programa á Comisión de Seguridade para que emita o dictame oportuno co gallo de ser aprobado polo Pleno se o estima oportuno.

E en sexto lugar que en base ó programa de actuación e o achegamento de novos voluntarios, estes elixan, democraticamente, unha nova Xunta directiva da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Vigo.

O Sr. Alonso Vázquez procede a ler o texto da pregunta que se transcribe nos antecedentes.

A PRESIDENCIA: Non só estamos de acordo senón que teño que lle dar as gracias polo seu traballo a favor desta Agrupación de Protección Civil.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. BERMUDEZ PEREZ, RELATIVA BIBLIOTECA EN ANTIGO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 1 de abril de 2005, a concelleira do Grupo Municipal do BNG, Sr. Bermúdez Pérez, formula a seguinte pregunta:

“¿Por qué a 18 de xaneiro de 2005 o Goberno central non ten recibido solicitude ningunha de cesión do antigo centro de saúde de Teis, co fin de poder situar no mesmo unha biblioteca pública por parte do Concello de Vigo?

¿Realizáronse dende entón as xestións oportuans para a cesión dese edificio e a posta en marcha da biblioteca municipal de Teis?”

INTERVENCIÓN DA SRA. BERMUDEZ PÉREZ: Coa aparición do novo centro de saúde de Teis o antigo edificio que albergaba este centro quedou baleiro e sen servizo. Por isto o noso voceiro, Sr. Domínguez Olveira, presentou neste Pleno con data 29 de outubro do pasado ano unha moción solicitando que o Concello fixera as xestións oportunas para a cesión do edificio e a construción no mesmo dunha biblioteca municipal, moción que se aprobou por unanimidade deste Pleno.

Con data 18 de xaneiro do ano que andamos, dando resposta a unha pregunta da deputada do BNG Sra. Fernández Davila, constata que nesa data non se ten recibido solicitude ningunha de cesión do antigo centro de saúde por parte do Concello de Vigo.

Polo tanto pregunto: ¿Por qué na data do 18 de xaneiro de 2005 o Goberno Central non ten recibido solicitude ningunha de cesión do antigo centro de saúde de Teis co fin de poder situar no mesmo unha biblioteca pública por parte do Concello de Vigo. Tamén pregunto se se realizaron dende o dito 18 de xaneiro as xestións oportunas para a cesión dese edificio e a posta en marcha da biblioteca municipal de Teis.

A PRESIDENCIA: Respostareille coa data fixa en que se trasladou a moción porque é de interese de todos.

* PREGUNTA E ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SR. ARIAS MOREIRA, RELATIVA A ACORDO PLENARIO SOBRE CAMPAÑA INFORMATIVA DA CONSTITUCIÓN EUROPEA.

INTERVENCIÓN DO SR. ARIAS MOREIRA: Sra. Alcaldesa, ó día seguinte do Referendum sobre a Constitución Europea vostede declarou que “con semellante abstención está claro que algo fallou”. O Pleno da Corporación aprobou por unanimidade o día 31 de xaneiro a realización dunha campaña informativa sobre a Constitución.

Qué partidas orzamentarias, qué procedemento e qué actuacións se puxeron en marcha para cumprir este mandato plenario.

A PRESIDENCIA: Respostareille por escrito.

SR. ARIAS MOREIRA: Un rogo. Como todo o mundo supoño que se deu de conta que non é a primeira vez que fago esta pregunta e como xa me dixo o mesmo, píddolle encarecidamente que me responde dunha vez por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás quince horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada

coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.